

SESION ORDINARIA DE 29 DE XANEIRO DE 2019

(Acta Número 02)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José Manuel Yanes Ginzo
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretaria:

D^a. María Esther Alvarez Rodríguez

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e nove de xaneiro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa a Secretaria D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste como Interventora D^a. Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADAS O DÍA VINTE E SEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO, E EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRES DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o día vinte e seis de decembro de dous mil dezaoto, e extraordinaria celebrada o día tres de xaneiro de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISION DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS E MEDIO AMBIENTE

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE BALEIRA, SOLICITANDO UNHA MODIFICACIÓN DO INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.

Logo de ver o ditame da Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Vista a proposta da Presidencia en relación co asunto sinalado no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de BALEIRA, no que solicita unha modificación do investimento incluído no PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018, fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.
2. O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluído o investimento e a actuación que se sinalan e se pretenden modificar:

I.- CONCELLO DE BALEIRA

- a) Concello de BALEIRA incluíu no programa de investimentos do Plan único 2018 o seguinte investimento:

BALEIRA	13	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO ÓS NÚCLEOS DE VILELA, SURRIBA, CASANOVA, PERRELOS E TOUZÓN, (según coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	158.273,58	12.064,70	170.338,28		X	

- b) Por acordo da Xunta de Goberno, de data 26 de outubro de 2018, concedéuselle ao Concello de BALEIRA, prorroga para a adxudicación dos investimentos nos termos indicados:

INVESTIMENTO		CONCELLO	PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA
Nº	IDENTIFICACIÓN		
13	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO ÓS NÚCLEOS DE VILELA, SURRIBA, CASANOVA, PERRELOS E TOUZÓN, (según coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS	BALEIRA	30-03-2019

- c) A Alcaldía do Concello de BALEIRA, solicita a través de escrito con 2019RT000133 de data 15 de xaneiro de 2019, unha modificación do investimento incluído no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 13 do plan único 2018, aos que acompaña a

xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... prevese a execución dun colector de saneamento que discorirá polo centro do vial e o camiño de acceso a Pedrelos e Touzón prevese sexa utilizado para a execución das obras de línea colectora Ludrio eixe Sur do parque eólico de Puñago-Vacariza e a empresa solicitante da licenza comprometeuse a pavimentalo unha vez rematadas as obras”, así como indicación de que o orzamento non sofre modificacións. Acompaña os novos proxectos e documentación relativa ás novas actuacións solicitadas, que de ser aprobado polo Pleno ditas modificacións, quedaría incluída no Plan único 2018 da maneira que se indica:

BALEIRA	13	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO ÓS NÚCLEOS DE VILELA, SURRIBA, CASANOVA, E MENDREIRAS (según coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	158.273,58	12.064,70	170.338,28		X	

- d) A Alcaldía, dada a modificación interesada e pendente de aprobación, e ante a posibilidade de non tela adxudicada na data fixada no acordo da Xunta de Goberno de data 26-10-2018, solicita igualmente neste mesmo escrito unha nova prórroga do prazo para adxudicar as obras ata o 15 de xullo de 2019.
3. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que esta actuación, se fora proposta antes da aprobación do propio Plan, serían aceptada. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.
4. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporada ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2018.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do investimento relativo ao Concello de BALEIRA, así como fixar no 15 de xullo de 2019, o prazo para adxudicar dito investimento, incluído no PLAN ÚNICO 2018.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de BALEIRA, e en consecuencia:

- a. Aprobar a modificación do investimento indicado, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, quedando o plan único de cooperación cos concellos 2018 modificado no investimento do Concello de BALEIRA, nos seguintes termos:

BALEIRA	13	IDENTIFICACIÓN	PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE ACCESO ÓS NÚCLEOS DE VILELA, SURRIBA, CASANOVA, E MENDREIRAS (según coordenadas UTM), INCLUÍDO HONORARIOS					
		FINANCIACIÓN	158.273,58	12.064,70	170.338,28		X	

- b. Fixar na data do 15 de xullo de 2019 o prazo límite para adxudicar, e formalizar o contrato, de ser o caso, relativo ao investimento indicado.

2º.- Someter esta modificación do Plan único 2018 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para ao seu coñecemento, significándolle, que os investimentos deberán de estar adxudicados e formalizados os contratos na data establecida no apartado primeiro deste acordo”.

A Comisión Informativa de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

COMISION DE GOBERNO INTERIOR E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

3.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA FUNDACIÓN ROF CODINA.

Visto o ditame da Comisión de Goberno Interior e Relacións Institucionais, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Secretario Xeral Adxunto desta Deputación Provincial referente á modificación dos Estatutos da Fundación Rof Codina, e cuxo tenor literal é o seguinte:

“En relación co expediente tramitado relativo a “Modificación dos Estatutos da Fundación Rof Codina”, procede informar:

1º.- Remítese a esta Secretaría Xeral Adxunta un texto completo dos Estatutos da Fundación Rof Codina, de cuxo Padroado forma parte a Deputación Provincial de Lugo de acordo coa escritura de constitución e Estatutos de 19 de maio de 1994, sendo constituída en Lugo pola Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela, mediante escritura número 1.355, outorgada ante o Notario Manuel Xullo Reigada Montouto, na que constan a Carta Fundacional e os Estatutos da Fundación, así como a cesión de uso por parte dos seus lexítimos propietarios (Deputación Provincial de Lugo e Universidade de Santiago de Compostela), dos bens mobles e inmobles que constitúen o Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.

2º.- De acordo cos estatutos vixentes, en concreto no seu art. 6º, a Deputación Provincial de Lugo e membro fundador da citada Fundación.

3º.- A Fundación Rof Codina é unha institución sen ánimo de lucro, denominada como de interese educativo e de fomento da investigación e adscrita ao protectorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo a Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 18 de marzo de 2013 pola que se modifica a clasificación da Fundación Galicia Europa e da Fundación Rof Codina e ordénase a súa adscrición ás consellerías competentes para o exercicio das funcións de protectorado (DOG Núm. 59, do 25 de marzo de 2013, páx. 8856).

4º.- Na documentación remitida non se concretan cales son as modificacións que se plantexan sobre o texto actualmente en vigor, dos citados estatutos, polo que procedéuse ao cotexo entre ámbolos dous textos, para determinar cales son as modificacións propostas.

5º.- A Fundación Rof Codina, régúlase polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, ao ser unha fundación do sector público autonómico e por ostentar a condición de medio propio e servizo técnico, todo elo en relación coa Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público.

6º.- As Fundacións do sector público autonómico están reguladas, como xa se ten dito, na Lei 16/2010, de 17 de decembro de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, concretamente, non seu Capítulo III, Sección III, art. 113 e seguintes.

7º.- Consta no expediente informe favorable da Aesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde, da Consellería de Sanidade.

8º.- Unha vez realizado o cotexo referido e analizadas as modificacións propostas, tanto de contido como de estrutura dos novos Estatutos, pódese comprobar que ditas modificacións axústanse ao disposto na citada Lei 16/2010, de 17 de decembro.

Polo exposto infórmase FAVORABLEMENTE a modificación dos Estatutos da Fundación Rof Codina”.

Con base no exposto, propónse ao Pleno da Deputación a aprobación da modificación dos Estatutos da Fundación Rof Codina”.

A continuación dáse conta do informe da Secretaría Xeral Adxunta, aclaratorio ao recollido na proposta, que di o seguinte:

“Realízase o presente informe como aclaración ao emitido con data 22 de xaneiro de 2019, sobre a modificación dos Estatutos da Fundación Rof Codina.

1º.- A Fundación Rof Codina foi constituída en escritura pública outorgada o 19 de maio de 1994 en Lugo, ante o notario Manuel Julio Reigada Montoto, con número 1355 do seu protocolo. Foi clasificada como mixta por Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 29 de setembro de 1994 e declarada de interese galego por orde da mesma Consellería do 20 de decembro de 1994, figurando adscrita ao protectorado da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego co número 1994/3.

2º.- Son fins da fundación, segundo consta no artigo 4 dos estatutos, o apoio permanente á docencia clínica da Facultade de Veterinaria de Lugo, ao obxecto de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica da facultade e os ensinos que, en materia clínica, poida proporcionar o hospital clínico. Entre as actividades para desenvolver pola fundación, sinala o mesmo artigo, a colaboración coa docencia, o fomento da investigación e prestación de servizos clínicos a gandeiros, así como a asistencia técnica a veterinarios.

3º.- De conformidade co artigo 47.2 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o protectorado será exercido polos departamentos da Xunta que teñan atribuídas as competencias correspondentes aos fins das fundacións. No mesmo sentido pronúnciase o artigo

51.2 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego.

4º.- O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei e o artigo 27.26 do Estatuto de autonomía de Galicia outórgalle á Comunidade Autónoma de Galicia competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego, incluída a competencia de aprobación dos seus Estatutos.

5º.- A Lei 12/2006 e o Decreto 14/2009 establecen que o protectorado será exercido polos departamentos da Xunta de Galicia que teñan atribuídas as competencias correspondentes aos fins das fundacións.

Por tanto, o acordo da Deputación Provincial de Lugo circunscríbese ao informe favorable sobre a modificación de Estatutos proposta, xa que a competencia para a aprobación da modificación estatutaria, correspóndelle ao Padroado da devandita Fundación e, posteriormente, á Xunta de Galicia.

Por tanto o acordo que se propón para a súa adopción no Pleno, é a aprobación do informe favorable á modificación dos Estatutos, non como puidese inferirse da redacción da proposta, a aprobación da modificación dos Estatutos en sí mesma”.

A Comisión Informativa de Goberno Interior e Relacións Institucionais, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O noso Grupo vaise abster neste punto, porque non sabendo que cambios se van producir, tendo en conta que isto non vai volver aquí para que eses cambios se aproben, e dado o informe do Secretario Adxunto, non imos votar a favor de algo que non coñecemos como vai ser”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“No Padroado da Fundación Rof Codina estanse a modificar os Estatutos da dita Fundación por motivos de adaptación á lei, e nese sentido non se modifica gran cousa máis que os cambios requiridos pola lei”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 23 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular, do Grupo Provincial Socialista, e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 2 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta de aprobación do informe favorable á modificación dos Estatutos da Fundación Rof Codina.

--oo0oo--

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A MELLORAR A ATENCIÓN PRIMARIA NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte

Moción do Grupo Provincial Socialista para instar á Xunta de Galicia a mellorar a atención primaria no sistema sanitario galego.

Exposición de Motivos:

A concepción da atención primaria como porta de entrada do sistema sanitario supón, máis alá dun termo amplamente mencionado, unha concepción do sistema non focalizado na atención hospitalaria e que permita estender e descentralizar o contacto das persoas coa sanidade, de forma que se achegue máis ao territorio e, por tanto, estea máis preto.

Unha atención primaria fortalecida supón unha maior capacidade de funcionamento da rede de hospitais, que ven menos saturadas as súas propias dinámicas de funcionamento, dende a redución de entradas en urxencias ata a optimización de tempos e de diminución de listas de espera.

O envellecemento da poboación e o aumento da cronicidade supoñen un dos problemas esenciais que ten que afrontar o sistema público de saúde. No caso de Galicia, estas cuestións aumentan a súa relevancia debido ás propias condicións demográficas en termos de idade, e condicionadas tamén pola dispersión da poboación e as dificultades de infraestruturas e redes de comunicación na Galicia rural. O fortalecemento da atención primaria nestes casos supón unha necesidade maior e case imperativa para poder achegar os servizos sanitarios á poboación, tanto en termos de infraestruturas como de persoal.

Dende a chegada ao goberno de Núñez Feijoo en 2009 o sistema público de saúde soamente ten contratado de maneira estable a menos dun 15% dos titulados MIR, o que supón un dato preocupante. Unha cifra tan baixa resulta a todas luces insuficiente para cubrir as necesidades dun sistema que precisa unha dispersión notoria e unha forte implantación no territorio, para paliar os problemas demográficos antes sinalados. Unha maior contratación suporía a posibilidade de non ter que concentrar servizos, afastando a atención dos e das cidadáns,

A construción de novos centros de saúde, ou a reforma dalgúns xa existentes, supón outro dos grandes déficits da atención primaria na sanidade pública galega. Os orzamentos de 2016, 2017

e 2018, por coller os exemplos máis recentes, coinciden nos compromisos de varios centros de saúde apuntados nun e outro, os mesmos sucesivamente, ignorando ningunha responsabilidade polo anuncio e compromiso de infraestruturas que logo nunca se inician e ademais sen incluír ningunha partida orzamentaria específica. O Plan de Mellora da Atención Primaria, iniciado na lexislatura 2005-2009, supuxo unha base estratéxica que non foi continuada polos gobernos de Núñez Feijóo, que non amosaron un proxecto real para o fortalecemento da atención primaria.

A atención pediátrica na atención primaria supón unha das maiores reivindicacións de carácter local e comarcal nas demandas sanitarias de Galicia. O reducido número de especialistas de pediatría existentes dificulta a posibilidade de incorporar especialistas necesarios ao sistema de saúde. Nos 9 anos de goberno de Núñez Feijóo non existe unha proposta firme de medidas para paliar este déficit e o problema de falta de profesionais e, por tanto, de alteración na asistencia sanitaria pediátrica, continúa sen que exista previsión de mellora. Existen mecanismos en formación, contratación e planificación que permitirían afrontar de maneira real unha problemática que, doutro xeito, persistirá e enquistará no sistema.

No caso sinalado do Concello de _____, a atención primaria realízase no centro de saúde de _____ (se o centro aínda é de titularidade municipal, debemos reclamar a súa transferencia ao SERGAS mediante a aplicación do acordo asinado coa FEGAMP). Este centro conta con _____ médicos/as e _____ pediatras para atender a unha poboación de _____ habitantes, dos que _____ son menores de 15 anos. A atención sanitaria vese minorada no caso dunha baixa ou vacacións dalgún profesional, pois se limitan en exceso as substitucións e o resto de profesionais deben asumir a carga de traballo total, acumulándose as esperas e os retrasos. Esta situación ven sendo alertada polos profesionais e usuarios, sen que dende o SERGAS se ofrezca unha solución satisfactoria.

Ademais do sinalado, o centro de saúde mantén unhas instalacións con algúns defectos de conservación, e problemas de accesibilidade (poñer algún exemplo).

Proposta

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Asumir a titularidade do centro de saúde, en virtude do acordo asinado coa FEGAMP, facéndose cargo do mantemento das instalacións por ser competencia autonómica. *(No caso de que aínda non sexa).*

2. Realizar un informe dos problemas estruturais do edificio do centro de saúde, co compromiso de realizar os arranxos necesarios para poder manter as condicións necesarias para unha correcta atención sanitaria.

3. Garantir a correcta atención primaria no Concello de _____ mediante a contratación necesaria de substitutos facultativos de medicina xeral e, de ser o caso, de atención pediátrica, para poder manter o número de profesionais activos no centro de saúde segundo está planificado.

4. Acordar co Goberno de España que facilite e axilice os procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios e facultade de medicina da USC para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes Acordos:

1º.- Instar ao Goberno de España a:

- Aprobar, a través dun acordo vinculante de conferencia sectorial do consello interterritorial, o establecemento dunha dotación adecuada de enfermeiras/os que poidan garantir unha atención segura á poboación española, con igualdade e equidade entre CCAA e provincias, mellorando a cohesión territorial en materia sanitaria e sociosanitaria. Permitindo que as CCAA poidan adaptarse nun prazo razoable e asumible á ratio determinada en dito acordo.

- Asegurar unha atención segura e de maior calidade á poboación española, a través dunha lei que determine o número máximo de pacientes asignados a cada enfermeira/o, asegurando deste modo que serán tratados cos mesmos niveis de coidados, independentemente do lugar onde residan.
- Garantir a través do establecemento do número máximo de doentes por enfermeira ou enfermeiro que os profesionais poidan traballar cunha carga laboral adecuada, o que repercutirá positivamente na súa saúde e seguridade no traballo e asegurará unha atención segura na prestación dos coidados.
- Asegurar a través do establecemento destas ratios, a sostibilidade do sistema sanitario español, ao dotalo dun número suficiente de enfermeiras e enfermeiros como inversión prioritaria xeradora de importantes retornos económicos, sociais e de saúde da poboación.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Desenvolver o marco legislativo, en base ás competencias atribuídas á autonomía, que garanta unha dotación de enfermeiras e enfermeiros que permita unha atención segura á poboación galega, cunhas ratios mínimas de profesionais/habitantes e máximas de doentes/profesionais que en ningún caso representen unha dotación de recursos inferior ás medias españolas e que, cando menos, nos sitúen na órbita dotacional dos Estados do noso entorno, sen prexuízo de achegarnos aos mellores estándares europeos no caso de ser viable”.

Por parte do Presidente propónse, dado que no punto seis hai unha moción similar presentada polo Grupo Provincial do BNG, o debate conxunto de ámbalas dúas mocións, sendo aceptada dita proposta por tódolos Grupos Políticos.

Por tanto trácese a continuación a moción presentada polo Grupo Provincial do BNG, incluída no punto número seis que textualmente di o seguinte:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción en defensa da Sanidade Pública.

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feijóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Nuñez Feijóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...E recentemente para darlle un duro golpe á atención sanitaria de proximidade, eliminaron as Áreas Sanitarias, eliminando tamén as Xerencias de Atención Primaria que antes tiñan capacidade resolutiva e orzamentaria.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Son moitos os exemplos que se poderían poñer ao respecto disto en cada un dos concellos do país e da provincia de Lugo, e un dos mais preocupantes é o do Servizo de Pediatría, servizo que conta cun número de profesionais insuficiente en toda a provincia, ao que hai que engadirlle que as baixas que pode haber dos mesmos, tampouco se cobren, dándose situacións insólitas, sobre todo na Mariña, onde desde os centros de saúde, cando non hai pediatra derivan as nenas e nenos ao servizo de urxencias do Hospital da Mariña, onde son vistos en primeira instancia por un facultativo ou facultativa de urxencias, pero non por un pediatra e sendo ademais este hospital, un dos poucos, practicamente o único onde non hai ningunha persoa de pediatría no servizo de urxencias.

Veciñas e veciños de concellos coma Barreiros, Lourenzá e Mondoñedo que comparten pediatra, ou de concellos coma Alfoz, Valadouro e Foz en situación semellante, sofren esta situación diariamente.

Ter que agardar 15 meses por unha revisión pediátrica de oculista, como aconteceu en Monforte, é outro exemplo do abandono deste servizo. E casos tan rechamantes coma o do centro de saúde de Baralla que ten un espazo creado para o servizo de pediatría, pero nunca se lle asignou pediatra.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno da Deputación insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:

1. Aumento do orzamento destinado a Sanidade

2. Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías, contratos estábeis e dignos, substitucións dos e das profesionais pola totalidade da ausencia, aumento das prazas de formación de especialistas, MIR, ...
3. Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.
4. Plan de Mellora de Atención Primaria:
 - Incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros).
 - Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria.
 - Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria.
 - Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs
 - Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.
5. Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios
6. Eliminación dos copagos farmacéuticos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A sanidade está de actualidade permanente porque as mudas no comportamento demográfico, social, e tamén epidemiolóxico, da nosa poboación conleva que sexa un tema de permanente actualidade e sobre o que hai que estar actuando constantemente para adaptalo ós novos retos que se presentan no plano sanitario, e tamén na organización dos servizos.

Sabiamos, porque se leva comentado e falado en moitos foros, a situación da atención especializada que tende cada vez máis a certa precarización que impulsa outros comportamentos ou consumos sanitarios no eido da busca de prestacións por parte dos veciños.

Se facemos unha análise na provincia, exceptuando a capitalidade onde é máis difícil de avaliar exclusivamente sobre datos oficiais, hoxe mesmo hai 23 médicos menos asistindo na provincia de Lugo nos centros de atención primaria da sanidade pública dende o ano 2009, ano en que o Partido Popular chega ó Goberno da Xunta de Galicia; dezaseis deles perdéronse entre os anos 2009 e 2018, pero sete dende mediados de 2018 ata hoxe, na lexislatura do rural.

Elimináronse dous consultorios, trece concellos perderon médicos dende o 2009, eses que se perderon ata mediados de 2018: Begonte, Castroverde, Cospeito, Friol, Guitiriz, Monforte, Navia, Orol, A Pastoriza, Pedrafita, Sarria, O Saviñao, e Taboada; sete concellos perderon médicos neste período dos últimos seis meses: Baleira, Carballedo, Cervo, Folgoso, Pol, A Pontenova, ou Riotorto. Sarria co de Orol, en setembro de 2011, e Carballedo co do Castro en novembro de 2018, perden consultorios.

Todo elo ás veces sostido nunha visión aritmética, matemática, e non asistencial da sanidade, apelando a unha ratio dun médico de atención primaria por cada 1.500 habitantes, que poderíamos discutir se é máis ou menos adecuado tendo en conta as nosas circunstancias e peculiaridades orográficas, xeográficas, demográficas, de cronificación das doenzas, pero aínda dando por válida esa ratio hai sete concellos na provincia de Lugo que non cumpren coa ratio de un médico por 1.500 habitantes: Begonte, Burela, Lugo, Monforte, Outeiro de Rei, Rábade, e Viveiro, agás unha ou dúas excepcións precisamente nos que se concentra maior número de poboación.

A maiores disto, e analizando a provincia, vemos que hai nove concellos nos que só hai un médico, e iso significa que cando ten unha saída a un domicilio, cando ten unha baixa ou unha libranza que non se cobre, ou unha urxencia, queda desatendido o consultorio e queda desatendido o concello; véxase tamén que soe coincidir con aqueles concellos nos que hai maior tempo de desprazamentos dentro deles mesmos para chegar ás vivendas; Folgoso do Courel só ten un médico, Muras, Navia, Negueira, Pedrafita, Rábade, Ribas do Sil, Ribeira de Piquín, ou Triacastela. Esta é a situación en canto á atención primaria en xeral, concellos cun só médico, concellos que perden médicos, e demais.

Se vemos tamén o da pediatría, que é unha especialización dentro da atención primaria que pretende unha atención concisa e específica a un ámbito poboacional a través dunha formación ou dunha profesionalización, unha especialización, hai dezaseis concellos nos que se teñen identificado diferentes problemas co Servizo de Pediatría, ou non teñen pediatra tendo nenos ou non é suficiente a atención ou a intensidade do servizo prestado para a poboación de referencia, ou non son pediatras.

Baralla, que ten máis número de nenos ca outros concellos da propia comarca, non ten un pediatra; en Becerreá hai un médico habilitado que exerce con boa calidade asistencial o seu servizo, pero que non é un pediatra en si; en Burela hai médicos habilitados, pediatras collen baixas e cóbrense en parte, e pasa a outra pediatra a atender mil trescentos nenos; ou en Chantada que están coa situación do médico habilitado despois desa crise que incluso foi razón de debate neste Pleno; en Folgoso téñense que desprazar ata Quiroga, e se non está ata Monforte; na Fonsagrada é compartido con outros concellos; en Foz téñense quedado sen pediatra, por exemplo nestas navidades, por pedir vacacións ás que que teñen dereito; Friol, con dous días á semana non chega para a cantidade de nenos que hai agora mesmo; Ourense que se ten que desprazar; Outeiro de Rei que, ante o aumento do número de nenos como concello dormitorio, pediuse ampliar o pediatra que únicamente está de mañá e aínda non se ampliou, hai que pensar que o número de nenos en Outeiro de Rei se duplicou nos últimos oito anos; Viveiro, un único pediatra que ten que atender arredor de dous mil nenos de Viveiro, O Vicedo, e Ourense; ou a situación máis recente de Mondoñedo, Lourenzá, e Barreiros, unha pediatra que ten que repartirse entre varios concellos para atender a máis de oitocentas familias; tamén o caso de Valadouro ou Alfoz, que teñen que desprazarse a Foz e polo tanto sumar a esa situación de insuficiencia do servizo que alí se ten detectado.

Polo tanto este é o escenario e a realidade sobre a que o Partido Socialista presenta unha moción co fin de poder dar canalización política a unha situación real que estamos vivindo, que non o di o PSOE, non o din os usuarios, agora tamén o din os profesionais, que por certo dentro duns minutos se concentrarán dentro dos centros de saúde pedindo unha sanidade digna. A atención primaria é fundamental, e o único que pretendemos é sumar esforzos para que poida ser adecuada e axeitada á nosa demanda asistencial; polo tanto anunciar tamén que apoiaremos a proposta presentada polo BNG que, plantexada noutros termos, persegue os mesmos obxectivos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Efectivamente a situación que está atravesando a sanidade é unha das cousas que máis alarma social está a provocar en toda a poboación, chove sobre mollado, isto ten un inicio no ano 2009, e entre todos teremos que poñerlle freo.

Vemos o que trouxo por exemplo a supresión das áreas sanitarias, e este Pleno xa se ten pronunciado ó respecto da desaparición das áreas sanitarias, e falabamos daquela de que coa desaparición da área sanitaria desaparecían tamén as xerencias de atención primaria e polo tanto desaparecía a capacidade resolutiva e orzamentaria de cadaunha das áreas, porque nas áreas sanitarias está incluída tamén a atención primaria que é a porta principal de entrada ó sistema sanitario; se hai unha boa atención primaria o sistema sanitario funcionará moito mellor, non se saturarán os hospitais e non haberá esas colas brutais que vimos durante este inverno en moitos hospitais e cunhas fatais consecuencias en dous tristes casos.

Polo tanto ninguén se pode facer o sueco neste tema, todo o mundo estaba avisado do que podía acontecer, e o Partido Popular parece que non se quere dar conta. Polo que respecta ó Bloque Nacionalista Galego co tema da atención sanitaria primaria levamos incidindo nos Orzamentos da Xunta presentando emendas tódolos anos; unha das propostas que hoxe traemos aquí é o incremento nun plan de mellora da atención primaria e 200 millóns de euros, esa foi unha das principais emendas que o Bloque Nacionalista Galego fixo ós Orzamentos da Xunta no Parlamento, proposta rexeitada polo Partido Popular.

O Voceiro do Grupo Socialista puxo moitos exemplos e moitos casos do que está acontecendo na provincia de Lugo; a situación da atención primaria é aínda máis grave na provincia de Lugo pola situación e a dispersión da poboación de cadaún dos concellos da provincia de Lugo; e un dos temas que está provocando moito cabreo é o do Servizo de Pediatría, vímolos en concellos como Alfoz, O Valadouro, Foz, Xove, Mondoñedo, Barreiros, Lourenzá, onde as nais e os pais día si e día tamén están presentando reclamacións e mobilizándose. Efectivamente, dicía o

Partido Popular que esta ía ser a lexislatura do rural, unha lexislatura do rural sen servizos, esa é a que propón o Partido Popular.

Nesta moción que nós titulamos “en defensa da sanidade pública”, como se ve nos puntos de acordo onde a centramos é na atención primaria, esa atención primaria onde vemos que en cadaún dos centros de saúde pouco a pouco van desaparecendo facultativos, e iso provoca o peche de consultorios, como pasou no de Castro de Carballedo, ou casos coma os de Monforte onde había que esperar quince meses por unha revisión pediátrica de oculista.

Polo tanto nós pretendemos que estes acordos sexan unánimes, e están a selo porque mocións semellantes á que presentou o Partido Socialista e á que estamos presentando o Bloque Nacionalista Galego tamén as está presentando a Plataforma en Defensa da Sanidade Pública na Mariña, sobre todo centrándoas no tema de pediatría, e aí vimos que no concello de Ribadeo foi unánime e tódolos Grupos Políticos votaron a favor; no Pleno do concello de Barreiros celebrado onte, Pleno do que formo parte, tamén foi unánime cos votos do Partido Popular e do Partido Socialista; e no concello de O Valadouro a semana pasada tamén unánime. Polo tanto creo que, aínda coas diferenzas políticas que todos temos, poñemos por diante os intereses dos veciños e veciñas da provincia de Lugo que son os que máis están sufrindo os recortes, pero sobre todo en sanidade que isto sexa unánime, e que no tema de atención primaria sexa tido en conta e dea un xiro de cento oitenta graos o Partido Popular a nivel da Xunta na súa política sanitaria”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, quen manifesta que reserva a súa intervención para o segundo turno.

Intervén a Sra. Deputada D^a. María Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“En canto á intervención do Sr. Veiga, que falaba da necesidade de mellorar a sanidade, cuestión na que evidentemente concordamos porque a sanidade é un deses vasos que nunca chegamos a ver de todo cheo, xa que xorden novas necesidades e precisa unha mellora e unha actualización constante.

Dito isto, tamén hai que lembrar cuestións que parece esquecer, dicía vostede que o inicio do deterioro da sanidade comezaba no ano 2009, casualmente cando Feijóo entraba na Xunta de Galicia, e eu teño que dicirlle que a sanidade pública dende o 2009 en Galicia mellorou tódolos servizos tódolos anos, e de feito esta sanidade pública de Galicia foi sempre unha prioridade nos Orzamentos da Xunta, nos últimos anos os recursos sanitarios non só non diminuíron senón que aumentaron convertendo a Galicia na quinta Comunidade Autónoma con maior gasto sanitario consolidado.

Polo tanto o Orzamento que adica a Xunta de Galicia á sanidade é máis do 40% do que se adicaba no ano 2008, casualmente cando gobernaba o bipartito; e polo tanto nós non vemos ese empeoramento que vostede acaba de sinalar, nós vemos que a Xunta de Galicia lle adica á sanidade a día de hoxe 348 millóns de euros máis que no ano 2008, e iso tradúcese en melloras; máximos históricos en intervencións cirúrxicas, 34.000 máis ca no ano 2008; máximos históricos en consultas, en hospitais e en atención primaria; máximos históricos en transplantes, alta capacidade de resolución de atención primaria.

E sinto que non me estea escoitando porque entón vostede dirá o que quere dicir, e eu lle darei outros datos, e claro está que non imos chegar a un acordo, porque a vostedes interésalles, sobre todo cando se acercan épocas electorais, saír coa matraca de que a sanidade non está ben; nunca vai estar ó 100%, evidentemente nunca nos imos conformar, nin no Partido Popular nos imos dar por vencidos nin imos deixar de traballar por melloralas.

Estáballe dicindo que había unha serie de cifras que poñían de manifesto a calidade profesional en Galicia e o altísimo nivel de prestacións e de calidade do sistema sanitario, e que non houbo ningún recorte, como parece que ven dicir vostede, nestas prestacións.

É indiscutible polo tanto que existe unha mellora neste sistema sanitario; existe tamén un traballo por parte da Xunta de Galicia por seguir mellorando, así os galegos hoxe temos garantidos por lei prazos de espera máximos, temos dereito a unha elección de médico, de pediatra ou de persoal de enfermería así como do centro hospitalario por un novo problema de saúde, tamén

dereito a unha segunda opinión máis áxil; temos vías máis rápidas ca nunca para a atención de determinados cancros, como o cancro de mama, colon, pulmón, próstata; e hoxe temos novos servizos de atención, mellor información, máis accesible, e tamén novas medidas de prevención como por exemplo vacinas gratuítas para os menores.

A atención primaria, un novo modelo organizativo no que temos experimentado melloras tanto na capacidade diagnóstica como na capacidade de resolución. Dispoñemos dunha atención primaria accesible e resolutiva, dotada de profesionais competentes cun orzamento axeitado. Temos na Xunta de Galicia unha ratio de atención de doentes por médico de atención primaria por debaixo da media nacional; falaba o Sr. Santos dunha ratio ideal de un por cada mil cincocentos pacientes, e a día de hoxe temos unha ratio que está en 1275, oxalá fora menos.

E sabemos todos tamén que existe unha falta de médicos de familia e unha falta de pediatras, que afecta a toda España e non só a Galicia; a situación de paro cero en medicina familiar comunitaria ou en pediatría afecta a tódalas Comunidades Autónomas, vostedes non dixeron que Comunidade Autónoma poderíamos poñer como exemplo a seguir; representa polo tanto unha gran dificultade e imposibilita a cobertura de todas esas ausencias, é sobradamente coñecido que en Galicia e no resto de España existe ese déficit de pediatras, non están a dicir nada novo. Pero o que é lamentable é que poidan dicir, como din no Partido Socialista, que a Xunta de Galicia non ten un plan firme cando a Xunta demanda ó Ministerio a prioridade imprescindible de que o Goberno Central proceda a unha convocatoria extraordinaria de MIR na especialidade de medicina familiar e comunitaria, que posibilitaría dispoñer destes especialistas, e máis para dentro de catro anos que será ese período no que se espera unha maior carencia destes profesionais, pola concesión de prórrogas na idade de xubilación en moitos servizos de saúde, e a Ministra de Sanidade sinala que iso non é un problema de falta de facultativos senón de planificación, pois póñanse de acordo, porque vostede acaba de dicir agora que faltaban médicos en distintos concellos, se é un problema de falta de facultativos ou de falta de planificación”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“A verdade é que cando chega o Partido Socialista ó Goberno en Madrid para Galicia ábreanse grandísimas expectativas, porque durante máis de sete anos que estivo gobernando o Partido Popular vostedes mesmos dende ese lado, e Feijóo dende a Xunta de Galicia, nunca apelaron a que se incrementasen o número de prazas MIR, nós si que o fixemos e seguimos a facelo.

Evidentemente unha mala planificación, da que supoño que coincidirán en que non somos responsables os socialistas pois non tivemos a responsabilidade de gobernar durante os últimos sete anos e durante os últimos dez en Galicia ou en España, lévanos á situación na que estamos, e pediatras e médicos ou hai ou non hai, e a realidade é que non hai. Vostede fala dunha ratio de 1275, eu acabo de citarlle unha serie de concellos nos que se supera a ratio dos 1500, que son os que estipula o Sergas e que en sete concellos da provincia de Lugo non se están cumprindo.

Claro que faltan médicos de familia e pediátras, e pódense ir buscar, como se van buscar outros profesionais, a outros lugares, perfectamente formados, capacitados e habilitados para desempeñar o seu posto de traballo nun sistema sanitario, e moito máis nun público, hai que ter a vontade de incrementar as plantillas e de dotalas de recursos para que sexa atractivo traballar na sanidade pública, que tamén está deixando de selo porque non hai unha boa correlación entre as responsabilidades, as condicións do traballo, e as retribucións ou compensacións recibidas por facer ese traballo.

Non lle poñemos unha Comunidade Autónoma como exemplo porque perseguimos que Galicia sexa o exemplo, a nós o que nos preocupa é como nos atenden ós lucenses, como atenden ós nosos veciños e veciñas, non se temos que ser como Asturias, como Madrid, como Cantabria, como Valencia, ou como Extremadura, que se reflectan eles en nós, e iso depende do noso goberno, para iso unha competencia transferida no desenvolvemento do autogoberno, temos a capacidade de facer o que queiramos e de non ter porque imitar a ninguén, non sei porque sempre temos que facer réplicas de alguén.

Pero era noticia estes días unha señora de 93 anos cun tendón roto á que lle daban cita para traumatoloxía para o mes de xullo, a mín non me gustaría verme nesa situación. Coñecemos

recentemente casos en Viveiro de dez días de espera para unha consulta de atención primaria; eu mesmo agardei un mes por unha analítica entre novembro e decembro en atención primaria, no centro de saúde de Friol, un mes entre a solicitude da cita e a dispoñibilidade de axenda para facer unha extracción de sangue para unha analítica sinxela. E persoas usuarias puxéronse en contacto con nós para denunciar que non había vacinas da gripe no ambulatorio de Fingoy, e vostedes poden desmentir iso pero o que foi alí poñer a vacina e non a había marchou sen ela, iso non se discute.

Pero despois de todo isto hai unha realidade, o maior incremento en volume de operacións no mundo executivo ou económico é nas pólizas da sanidade privada, un 5,6% de incremento entre o 18 e o 17; evidentemente todo ten consecuencias, ou causas, iso depende de quen as valore.

Agora mesmo a situación é a que é, e nós o que plantexamos é unha proposta para que se atenda isto porque evidentemente a sanidade pública e a atención primaria son o garante dunha mellor expectativa de vida e con maior calidade, nada máis ca iso”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Da intervención da señora Teijeiro deduzo que non van votar a favor tanto da proposta do Grupo Socialista como da nosa; tampouco nos deu ningún dato, simplemente se limitou a dicir que todo funcionaba moi ben; pero se todo funciona moi ben entón explicaranlle ós veciños de Castro que vai haber consultorio porque vai haber médico; ou ós veciños de Mondoñedo, Barreiros, Lourenzá, Alfoz, Valadouro, Foz, Xove, onde teñen os problemas de pediatra, vaise intentar solucionar?; porque a falta de médicos especialisas en pediatría é unha decisión política, sexa do Goberno do Partido Socialista agora ou fora antes do Goberno do Partido Popular, pero levamos moitos anos pasándo a pelota dun lado a outro.

E tamén lle digo que quen se anda comparando cos demais é que ten un complexo de inferioridade, nós non o temos, os galegos e as galegas non temos ningún complexo de inferioridade, vostedes asumen ese discurso, pero os que teñen complexo de inferioridade é o Partido Popular; non temos que compararnos con ninguén porque son realidades totalmente

distintas as de cada unha das Comunidades Autónomas do Estado español, e sobre todo Galicia, e vémolos durante anos e anos cos cartos que se lle adican nos Orzamentos do Estado por exemplo ó benestar social e a outras cousas que son competencia do Estado en Galicia ou que ten que facer transferencias á Xunta e non as fai, e vostedes calan a boca.

Polo tanto era bo que o Partido Popular non tivera ningún complexo de inferioridade e fixera un exercicio de responsabilidade e solidariedade cos seus veciños e veciñas, e que a señora Elena Candia fixera un exercicio de solidariedade e apoiara ós seus veciños de Mondoñedo que tamén están reclamando un pediatra, non sei se asinou nesas follas de sinatura desa asemblea celebrada en Lourenzá entre veciños de Mondoñedo, Lourenzá e Barreiros, creo que se ofreceu tamén a recoller sinaturas para pedir un pediatra, pois hai que demostralo aquí, non é tan difícil porque simplemente é un acordo de tódolos representantes políticos aquí presentes na Deputación de Lugo.

Os nosos puntos de acordo son algo máis extensos cá moción do Grupo Socialista, aínda que no fondo din o mesmo; xa o expliquei na anterior intervención, para mellorar a atención primaria hai que facer unha inxección de 200 millóns de euros á atención primaria; pero a ver como se fai porque dicía a Sra. Teijeiro que dende o ano 2009 os orzamentos en sanidade foron aumentando, pero para quen aumentaron?, para dar un mellor servizo?, porque aí seguro que van contabilizados os pagos que o Sergas fai ás clínicas privadas a onde están derivando moitos pacientes, non é o mesmo como se dan os servizos públicos, outro debate importantísimo que temos que dar, e detrás do que está agochado o Partido Popular.

Claro que aumentaron os cartos para a sanidade, pero para empresas que viven á conta da sanidade, con toda a lexitimidade que teñan, pero nós non defendemos iso, no tema da sanidade nós temos moi claro que non se pode especular porque iso é recurtar, e en sanidade recurtar ten consecuencias gravísimas como vimos este inverno. Polo tanto fagan un exercicio de solidariedade con todas as veciñas e veciños da provincia, coas plataformas sanitarias que están loitando e demandando, porque todo o que se está conseguindo en sanidade é pola mobilización popular; ampliouse o hospital da Costa, aínda que lle faltan moitos servizos, pola mobilización popular; avanzouse en hemodinámica pola mobilización popular.

Nós con esta moción o que pretendemos é que avancen, facerlles ver a realidade porque viven totalmente de costas á realidade desta provincia nun tema tan serio como é o da sanidade”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Cando os estaba escoitando o que me viña á memoria era un cadro de Goya onde hai dous españois a garrotazos e atrapados no barro; e aquí, é lóxico e lexítimo, como dixo o voceiro do Grupo Socialista, canalizar políticamente tódalas demandas da sociedade, e creo que iso é un dos elementos de calquera Partido Político ou de calquera responsable político; que imos asistir a unha radicalización de todo isto?, pois probablemente si porque o Pleno de hoxe é un “pim pam pum” básicamente entre os Grupos de esquerda e de dereita, quizá a tranquilidade que me da a mín agora non estar nun lado nin noutro é que me permite facer estas reflexións, e tamén o ter sido partícipe durante anos da universalización da sanidade, que ó fin e ó cabo foi unha consecución dun goberno socialista que se desenvolveu nos anos en que eu fun Deputado; e diso estou orgulloso.

Eu pensei que aquí, aparte de mellorar, que obviamente ninguén con sentido común se vai opoñer a que se mellore algo, pero si que botei de menos no debate, aparte deses problemas de déficit de médicos que son reais e están aí, e que é triste que habendo déficit de médicos teñan que emigrar e marchar a outros países, Inglaterra ou Portugal, co desarraigo que iso produce e ademáis co empobrecemento da sanidade neste caso galega, pero si que hai un problema que se obviou, aquí temos un problema importante porque a sanidade depende dos gobernos tamén pero básicamente depende dos médicos que hai, aquí hai un déficit da economía e tamén do nivel de vida dos pacientes, non é o mesmo un paciente que teña recursos ca que non os teña.

E despois temos, sobre todo en Galicia, aparte dos problemas de pediatría, e é o que boto de menos, o problema do envellecemento; aquí ninguén reivindica xeriatras, pero, alo menos no concello no que estou, temos xa un 30% de maiores de 60 anos que, coa esperanza de vida que hai, van demandar un tipo de facultativos e unha especialización que neste momento en Galicia non sei se hai dous ou tres. Porque aparte, non só envellecen os pacientes senón que tamén están

envellecendo os médicos, o tema do baby boom, pasa tamén en educación, fai que nestes próximos anos haxa cantidade de xente, médicos, mestres, etc., que teñan que xubilarse sen que estea previsto ese relevo xeneracional, o que vai crear un problema grave.

E esa lonxevidade dos pacientes, que a ONU considera ademáis un dos cambios sociais deste século, incluso por enriba das novas tecnoloxías e do cambio climático, eu creo que hai que centrarse tamén aí e demandalo dentro desas melloras da sanidade. Que a sanidade está ó límite?, coñecemos todos; tamén sigo defendendo que temos un bo sistema sanitario independentemente desas carencias que se poden mellorar con esta proposta e outras máis que iremos presentando nos próximos meses”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. María Angeles Teijeiro González, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“En canto á intervención do Sr. Veiga, dicirlle que os datos son os que son; máis orzamentos, menos ratios na atención, e máis melloras nos servizos. Eu deille os datos, pero vostede estaba entretenido como está agora co seu compañeiro, e non escoitaba. Vostede falaba dun orzamento maior, pero é verdade que é un Orzamento maior comparado co que había no 2008.

Falaba vostede de que o Partido Popular incrementaba orzamentos para desvialos dalgunha maneira, non sei se o dicía de xeito velado ou moi explícito, cara á sanidade privada; e eu quero recordarlle que os concertos no ano 2008 chegaban a un orzamento de 216 millóns de euros, e que no ano 2018 foron 205, o que significa menos para os concertos privados. Polo tanto eu pediríalle un exercicio de reflexión nese sentido.

Nós non imos votar en contra destas propostas porque o Partido Popular quere mellorar a sanidade e non ten complexos cando di que a sanidade galega é un dos mellores modelos de sanidade que hai en España, e vostedes non foron capaces de dicir unha Comunidade Autónoma modelo; e se non son capaces, porque ademáis, sobre todo o Partido Socialista, gobernan noutras Comunidades Autónomas, de poñer un modelo de xestión de sanidade dunha Comunidade Autónoma, aínda que sexan realidades diferentes, que sexa exemplo, quere dicir que non existe

unha Comunidade Autónoma que sexa referente para vostedes. Polo tanto Galicia neste momento é referente, cousa que quería vostede señor Santos; pois se vostedes non son capaces de poñer outra Comunidade Autónoma como exemplo, Galicia para nós é referente en temas de sanidade.

E dicía tamén o Sr. Santos que porque non tiveron a oportunidade de gobernar, oportunidade que, teño que lembrarlle, non lle brindaron os galegos e galegas que foron os que puxeron os seus votos nas furnas, e grazas a Deus que non tiveron esa oportunidade, porque se a tiveran e se para sanidade tiveran nomeada unha persoa como tivemos aquí a desgraza de ter unha Alcaldesa como a que temos, teríamos a sanidade sumida, como temos a Lugo, no caos, no descontrol, no desgobierno e na paralise, cousa que ningún galego quixeríamos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En canto ó modelo e á referencia de Galicia é moi fácil, 23 médicos menos na provincia de Lugo, esa é a referencia que temos; dous consultorios eliminados; trece concellos que perden médicos dende o 2009 ó 2018, e sete que perden médicos só no último semestre. Unha ratio que supera en sete concellos a ratio máxima de 1500 pacientes por médico, nove concellos que contan cun só médico e quedan descubertos nunha saída ó domicilio, e dezaseis concellos nos que se teñen identificado problemas con pediatría.

Esa é a referencia que temos; e a nosa obriga, que ademáis queremos ser usuarios da sanidade pública, evidentemente é melloralala. Falar doutras cousas é esgotar os recursos para falar do que tocaba falar agora mesmo, e diso tamén falarán os votos cando toque señora Teijeiro, e vostede e máis eu podemos estar tranquilos porque ningún dos dous imos ser Alcalde ou Alcaldesa de Lugo, e vai haber Alcaldesa na cidade, téñao por seguro”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Para agradecerlle ó Partido Popular o voto, non sei se se vai abster ou vai votar a favor. E podiamos estar rebatendo datos toda a mañá sen chegar a unha conclusión, pero os datos están aí e son teimudos, a redución de profesionais é real, a redución de máis de setecentas camas dende 2009 que goberna o Partido Popular está aí, tamén a privatización masiva de servizos, a derivación de doentes a centros privados, a eliminación das áreas sanitarias para a privatización de servizos, foi o que aconteceu o ano pasado. Por tanto apelo por última vez a ese voto favorable do Partido Popular”.

Unha vez rematado o debate, o Sr. Presidente anuncia que se vai someter a votación un compendio das dúas mocións presentadas polo Grupo Provincial Socialista e polo Grupo Provincial do BNG.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobadas por maioría as mocións presentadas e anteriormente transcritas, quedando redactada aparte dispositiva do seguinte xeito:

1º.- Instar ao Goberno de España a:

- Aprobar, a través dun acordo vinculante de conferencia sectorial do consello interterritorial, o establecemento dunha dotación adecuada de enfermeiras/os que poidan garantir unha atención segura á poboación española, con igualdade e equidade entre CCAA e provincias, mellorando a cohesión territorial en materia sanitaria e sociosanitaria. Permitindo que as CCAA poidan adaptarse nun prazo razoable e asumible á ratio determinada en dito acordo.
- Asegurar unha atención segura e de maior calidade á poboación española, a través dunha lei que determine o número máximo de pacientes asignados a cada enfermeira/o,

asegurando deste modo que serán tratados cos mesmos niveis de coidados, independentemente do lugar onde residan.

- Garantir a través do establecemento do número máximo de doentes por enfermeira ou enfermeiro que os profesionais poidan traballar cunha carga laboral adecuada, o que repercutirá positivamente na súa saúde e seguridade no traballo e asegurará unha atención segura na prestación dos coidados.
- Asegurar a través do establecemento destas ratios, a sostibilidade do sistema sanitario español, ao dotalo dun número suficiente de enfermeiras e enfermeiros como inversión prioritaria xeradora de importantes retornos económicos, sociais e de saúde da poboación.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Desenvolver o marco legislativo, en base ás competencias atribuídas á autonomía, que garanta unha dotación de enfermeiras e enfermeiros que permita unha atención segura á poboación galega, cunhas ratios mínimas de profesionais/habitantes e máximas de doentes/profesionais que en ningún caso representen unha dotación de recursos inferior ás medias españolas e que, cando menos, nos sitúen na órbita dotacional dos Estados do noso entorno, sen perxuízo de achegarnos aos mellores estándares europeos no caso de ser viable”.

O Pleno da Deputación insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:

7. Aumento do orzamento destinado a Sanidade
8. Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías, contratos estábeis e dignos, substitucións dos e das profesionais pola totalidade da ausencia, aumento das prazas de formación de especialistas, MIR, ...

9. Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos... e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.
10. Plan de Mellora de Atención Primaria:
 - Incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros).
 - Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria.
 - Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria.
 - Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs
 - Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.
11. Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios
12. Eliminación dos copagos farmacéuticos”.

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA. PARA O IMPULSO DE INICIATIVAS LEXISLATIVAS QUE GARANTAN UNHA ATENCIÓN DE CALIDADE DE ENFERMEIROS E ENFERMEIRAS NO SISTEMA SANITARIO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial, D. Álvaro Santos Ramos, na súa condición de voceiro do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo comparece e como mellor en dereito proceda di:

Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de Modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte

Moción do Grupo Provincial Socialista para mellorar e ampliar os ratios de enfermeiras e enfermeiros no sistema sanitario galego.

Exposición de Motivos

A Constitución, no artigo 14, proclama o dereito á igualdade, e no artigo 43 o dereito á saúde dos cidadáns españois.

Para que, en materia sanitaria, estes artigos se cumpran é necesario que o sistema sanitario conte cun número adecuado de profesionais enfermeiros que poidan prestar aos cidadáns os coidados necesarios para garantir o mantemento e/ou recuperación da súa saúde.

O sistema sanitario español non conta actualmente cunha lexislación específica que regule a asignación dun número determinado de pacientes aos profesionais enfermeiros nos centros sanitarios e sociosanitarios. Por elo, en cada CCAA se ten establecido ata agora un número de enfermeiros e enfermeiras nas súas plantillas en atención a diversos criterios.

Estes criterios, en moitas ocasións, e máis nos últimos anos de coxuntura económica, teñen estado asociados principalmente á necesidade de reducir o déficit público, máis aló do interese en mellorar a calidade e a seguridade na prestación de coidados e da asistencia sanitaria. Isto ten incidido no aumento das desigualdades das CCAA como consecuencia da insuficiente partida orzamentaria asignada á sanidade, o que conlevou a un aumento exponencial das cargas de traballo que deben soportar as e os profesionais enfermeiros.

Estas desigualdades no número de enfermeiros e enfermeiras entre CCAA tamén se dan dentro do propio servizo de saúde, o que pode xerar unha disparidade na prestación dos coidados enfermeiros, provocando un trato desigual aos cidadáns, en función do centro sanitario ou sociosanitario ou do territorio onde sexan atendidos.

Actualmente, segundo os datos ofrecidos por organismos internacionais e sociedades científicas España atópase moi lonxe da media europea en canto a ratio enfermeira/doente, xa que

nos atopamos coa metade de profesionais enfermeiros na prestación da asistencia sanitaria do noso país. En concreto, segundo datos da OCDE, en España contamos con 5,3 enfermeiros por cada 1000 habitantes, fronte á media dos países do noso entorno que contan con 8,8n enfermeiros, e moi lonxe de países coma Dinamarca, Finlandia ou Alemania que incluso duplican e triplica a ratio española con 16,9, 14,7 e 13,3 enfermeiras respectivamente por cada 1000 habitantes. Na nosa CCAA actualmente contamos con 4,13 enfermeiras por cada 1000 habitantes, cifra que se atopa por debaixo da media do noso país, situando a atención que reciben os nosos cidadáns en franca desvantaxe fronte a dos habitantes doutros territorios, impedindo deste modo, como se recolle na nosa Constitución, que a protección á saúde (artigo 43) se garanta por igual a todos os cidadáns, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social (artigo 14).

Estas cifras indican o déficit de profesionais enfermeiros cos que conta o noso servizo de saúde e, en xeral, o sistema sanitario e sociosanitario. E ademais, debido á coxuntura económica sinalada, o sistemas de provisión das plantillas víronse en boa medida paralizados, polo que se viu agravada a deficiencia na contratación de profesionais enfermeiros que debían cubrir postos que foron amortizados ou sinxelamente non son cubertos.

Engadir a isto o altos índices de temporalidade que precarizan a actividade laboral e asistencial que prestan as enfermeiras e enfermeiros, e que os servizos de saúde en xeral contan cunha plantilla cada vez máis envellecida pola escaseza de persoal. Todo elo contribuíu ao empeoramento das condicións de traballo, ao aumento do estrés que sofren os/as profesionais e a unhas altísimas taxas de síntomas de estrés Burnout.

Estes baixos ratios enfermeira/doente supoñen un risco directo sobre a vida dos cidadáns, aumentando de forma clara, segundo as evidencias dispoñibles, a súa mortalidade a súa morbilidade, incrementando o custe sanitario polo aumento das estancias hospitalarias e o consumo doutros recursos.

Se a todo isto lle engadimos a necesidade de dar unha resposta ao envellecemento progresivo da poboación, e ao aumento da cronicidade de numerosas patoloxías, faise aínda máis

necesario dotar ao sistema sanitario e sociosanitario dun número de profesionais enfermeiros suficiente co fin de garantir a calidade dos coidados, a seguridade dos cidadáns e a sostibilidade do propio sistema sanitario e sociosanitario, xa que os enfermeiros teñen un papel fundamental na prevención e promoción da saúde, coa conseguinte diminución das complicacións das diversas patoloxías e polo tanto aportando benestar aos cidadáns, e diminuindo notablemente o gasto sanitario a medio e longo prazo.

A dotación adecuada do número de enfermeiras e enfermeiros que prestan asistencia no noso servizo de saúde e no conxunto do sistema sanitario suporía unha inversión na saúde e na calidade da atención, así como unha maior garantía de seguridade para os doentes, o que ademais é compatible coa consecución dunhas condicións de traballo dignas.

Esta inversión que o sistema sanitario e sociosanitario debe realizar, adecuando o número de profesionais enfermeiros para dar garantía da atención en coidados de calidade aos cidadáns, leva aparelado un aforro económico para o propio sistema, xa que se verían reducidos os efectos adversos, reingresos e estancias hospitalarias, que supoñen un custe aínda maior.

O contar cun número de efectivos suficiente suporía ver diminuída a sobrecarga asistencial das e dos enfermeiros, reducindo a posibilidade de cometer erros na atención que prestan, aumentando a calidade asistencial, mellorando os tempos de atención e o trato humano. Dando deste xeito cumprimento ao obxectivo fundamental de mellora da calidade de vida da poboación, garantindo a adecuada protección dos doentes e a atención ás necesidades actuais dos cidadáns.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista, somete á consideración do Pleno da Corporación e aprobación se o considera, os seguintes acordos:

1º.- Instar ao Goberno de España a:

- Aprobar, a través dun acordo vinculante de conferencia sectorial do consello interterritorial, o establecemento dunha dotación adecuada de enfermeiras/os que poidan garantir unha atención segura á poboación española, con igualdade e equidade entre CCAA

e provincias, mellorando a cohesión territorial en materia sanitaria e sociosanitaria. Permitindo que as CCAA poidan adaptarse nun prazo razoable e asumible á ratio determinada en dito acordo.

- Asegurar unha atención segura e de maior calidade á poboación española, a través dunha lei que determine o número máximo de pacientes asignados a cada enfermeira/o, asegurando deste modo que serán tratados cos mesmos niveis de coidados, independentemente do lugar onde residan.
- Garantir a través do establecemento do número máximo de doentes por enfermeira ou enfermeiro que os profesionais poidan traballar cunha carga laboral adecuada, o que repercutirá positivamente na súa saúde e seguridade no traballo e asegurará unha atención segura na prestación dos coidados.
- Asegurar a través do establecemento destas ratios, a sostibilidade do sistema sanitario español, ao dotalo dun número suficiente de enfermeiras e enfermeiros como inversión prioritaria xeradora de importantes retornos económicos, sociais e de saúde da poboación.

2º.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Desenvolver o marco legislativo, en base ás competencias atribuídas á autonomía, que garanta unha dotación de enfermeiras e enfermeiros que permita unha atención segura á poboación galega, cunhas ratios mínimas de profesionais/habitantes e máximas de doentes/profesionais que en ningún caso representen unha dotación de recursos inferior ás medias españolas e que, cando menos, nos sitúen na órbita dotacional dos Estados do noso entorno, sen perxuízo de achegarnos aos mellores estándares europeos no caso de ser viable”.

Intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Seguimos a falar de sanidade, de sistema sanitario, de modelo organizativo, e de recursos para unha atención adecuada á cidadanía nunhas condicións tamén adecuadas para os profesionais que os desempeñan. Puxéronse en contacto con nós dende o sindicato SATSE de enfermería para plantexarnos a posibilidade de apoiar e de impulsar o debate e o acordo, de ser posible, respecto a esta cuestión.

Como todos sabemos o sistema sanitario está integrado por máis profesionais que os médicos, por unha ampla gama de profesionais cadaquén co seu relevante papel no resultado que obtemos da atención recibida por parte dos prestadores.

Se hai unha profesión que é relevante e clave é a de enfermería, e sobre elo nos temos pronunciado tamén neste pleno con anterioridade, porque quizá esteamos nalgúns procesos, coma os hospitalarios, ante a persoa que maior contacto ten co doente, ou o que fai unha vixilancia e unha atención permanente ó seguimento dunha ferida para facerlle as curas, dun proceso diagnóstico no que haxa que facer o seguimento de diferentes parámetros para poder chegar a unha lectura comprensible do que está pasando; esa perspectiva de contacto e de seguimento de análise ó fin do doente permite moitas veces unha detección precoz, e polo tanto tamén aforra en probas diagnósticas ou en procesos curativos que se ven reducidos precisamente por esa precocidade na detección da presentación dunha sintomatoloxía que nos alerte de que algo pode estar pasando.

O sistema sanitario español, entendido en ámbito amplo e de afectación á totalidade estatal, non conta cunha lexislación específica por exemplo sobre a asignación pacientes por enfermeiras, da ratio que falabamos na moción anterior, pois qué ratio debe haber de enfermeiras por poboación dos diferentes territorios, nin no ámbito sanitario nin no sociosanitario, onde tamén cobra unha especial relevancia o desempeño destas profesionais.

En España contamos cun sistema sanitario descentralizado, o estado das autonomías, o autogoberno, e a asunción de competencias, entre elas a sanidade, outorga ás Comunidades Autónomas, tamén a Galicia polo tanto, a competencia na organización e na xestión do sistema sanitario público ó que están obrigadas e que forma parte do noso subtexto constitucional. Para elo

Galicia dotouse dun organismo autónomo, que é o Sergas, que define as súas ratios e que define como é o seu modelo prestacional.

Se observamos o que pasa no noso arredor, e nunha contorna de desenvolvemento similar ó que podemos estar, toda vez que presumimos, con razón e con orgullo de telo feito, de converxer con Europa, nos países máis desenvolvidos socialmente do ámbito europeo, Dinamarca, Finlandia ou Alemania, atopámonos cunhas ratios de enfermeiras e enfermeiros por habitante de 16,9 por 1000, o 14,7 por 1000 en Finlandia, ou 13,3 por cada mil habitantes en Alemania.

Se baixamos ós países do entorno de España, a ese anel máis ibérico ou máis sureño de Europa, atoparíamonos cunha ratio de entorno a 8,8 enfermeiros por cada mil habitantes; e se baixamos ó conxunto de España, desgrazadamente coma sempre baixamos máis aínda esa ratio a un 5,3. Pero en Galicia somos aínda máis humildes, por non dicir mediocres, nesa ratio, 4,13 por cada mil habitantes. Este é o dato da totalidade sanitaria e sociosanitaria, a pública e a privada, pero a ratio que nos ofrece o Sergas de enfermeiros por cada mil habitantes en Galicia é de 3,38, dende logo algo que queda moi lonxe dos 16,9 de Dinamarca, ou 13,3 de Alemania, do 8,8 dos países do entorno de España, ou do 5,3 da propia Galicia; 3,38 dos que oferta o Sergas, 4,13 no global.

Todo isto nun ámbito laboral que antes o describía a Deputada do Partido Popular, máis consultas, máis procesos, con menos profesionais, eu creo que a conclusión é fácil, se menos profesionais atenden a máis doentes en máis procesos iso vai levar consigo precariedade laboral, unha carga asistencial moito máis alta, cunha calidade do sistema sanitario que se resinte por unha menor eficiencia dos recursos.

Ademáis todos sabemos o que está a pasar no mundo da enfermía, na que efectivamente hai unha importante precariedade, sobre todo provocada por unha inadmisíbel temporalidade e indefinición do traballo cunha carga asistencial moi alta. Todos sabemos que se houbese máis enfermía habería máis garantías sanitarias, máis seguridade sanitaria, unha maior calidade de vida dos doentes que nalgún proceso precisan da atención destes profesionais, e polo tanto unha maior eficiencia do sistema.

Polo tanto a nosa petición, que non é outra que a que fai o propio SATSE para Galicia, e que o está facendo a nivel de todo o Estado, é pedir ó Estado que desenvolva unha regulación básica que fixe unha ratio que se aplique na totalidade do territorio español, e que se achegue o máximo posible ós estándares dos territorios máis desenvolvidos ou alo menos ós da contorna; e mentres tanto se desenvolve unha lexislación básica, e exercendo a nosa competencia de Galicia, que a Xunta de Galicia a través do Sergas desenvolva tamén ese marco lexislativo no que se dote de recursos de enfermería para unha atención segura á poboación galega, cunhas ratios mínimas de profesionais por habitantes e máximas de doentes por profesionais que en ningún caso representen unha dotación de recursos inferior ás medias estatais e, de ser posible, nos sitúen na órbita dotacional dos Estados do noso entorno sen perder o obxectivo de acadar as ratios dos máis desenvolvidos socialmente.

Iso é o que se pide nesta proposta, creo que é comprensible, que todos empatizamos co que está pasando coas enfermeiras, e que é un obxectivo que podemos desenvolver en conxunto entre a Administración estatal e a autonómica, e evidentemente a través do sistema sanitario e sociosanitario estendido polo noso territorio”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Manuel Martínez Núñez, quen manifesta que reserva a súa intervención para o segundo turno.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Neste caso para preparar o debate da postura do noso Grupo en relación coa moción presentada polo Grupo Socialista non nos achegamos a Finlandia, creo que imos intentar analizar o que pasa na nosa Comunidade Autónoma, no noso país ou, en todo caso, na nosa provincia.

No momento actual o Servizo Galego de Saúde conta con 10.500 profesionais de enfermería no seu cadro de persoal, concretamente 700 máis dos que había no ano 2008. Sen dúbida no debate desta moción, e aí coincido co voceiro do Grupo Socialista, se cadra é a mellor oportunidade que nos brinda para poñer en valor a profesionalidade desta categoría que sen dúbida

é a que máis cerca soe estar do doente, demostrando sempre con ese afecto a profesionalidade no momento que máis o precisamos que é cando nos falta saúde. E vaian en primeiro lugar as miñas palabras de posta en valor do seu traballo e do agradecemento como usuaria, como paciente, e como veciña desta provincia.

Sen dúbida a proposta que nos traen hoxe aquí, normalmente moitas delas, sobre todo agora que cada vez estamos máis preto dunha cita electoral, debería estar apartado dun debate político, creo que isto é un debate laboral e técnico, eu alo menos non me recoñezo con coñecementos suficientes para mandar indicacións dunha determinada disposición normativa, pero tamén con toda humildade, e non mo tome a mal, tampouco o vexo ó Grupo propoñente, e quizá hoxe menos ca nunca, porque bastaba entrar no Pazo de San Marcos cando viamos a un grupo moi importante de traballadores cun traballo e unha responsabilidade moi vinculado a esta Institución, estou a referirme ós traballadores dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, en concreto de dous concellos que foron despedidos, e que persoalmente nos trasladaron o pouco amparo que estaban a atopar nos responsables do Goberno da Institución provincial, incluso facían designacións con nomes e apelidos, onde vían, facendo un palalelismo coa exposición que acaba de facer vostede, pisoteados os seus dereitos, non respectados, e incluso que non eran recibidos por parte da Institución. Non sei se é certo, pero dende logo o seu malestar era patente.

Podería citar outros exemplos, se de algo houbo manifestacións, protestas, ou probablemente participación de veciños nesta sesión plenaria, ademáis dalgúns concellos en concreto que pediron ó mellor algunha infraestrutura ou que manifestaban a súa disconformidade co proceder da Institución nalgúns aspectos en concreto, normalmente eran traballadores, e estoume a referir ós seleccionados da Sociedade Urbanística Provincial Lucense, que pasaran un proceso de selección asinado por unha representación do seu Goberno, onde se vían pisoteados, ignorados, abandonados, e non recibidos, e concretamente no que á súa persoa se refería non moi ben tratados, que vostede parece ser que si os recibiu na reunión que tiveron con eles.

Isto quere dicir que cando queremos reivindicar unha normativa específica para uns traballadores, que di vostede que fai súa unha proposta dun colectivo que dende logo merece o maior respecto, é evidente que primeiro teremos que dar exemplo cos traballadores da Institución

onde temos responsabilidades de goberno; e non vou reproducir tampouco a xudicialización da Relación de Postos de Traballo onde algún dos traballadores di que se lle diminuíu a categoría, e novamente entende que se vulneraron os dereitos.

Dito isto, a sanidade, como dicía antes a miña compañeira, desgrazadamente estase a converter no cabalo de batalla para as vindeiras eleccións municipais, normalmente sempre é así, ata cos propios carteis que incluso eu creo que se algo son os nosos profesionais sanitarios é que son meritorios da maior dignidade, ata penso que o concepto que utilizan para as súas protestas non é o máis axeitado porque, aínda que poida ter outras afeccións no concepto sempre leva implícito un compoñente humano ou persoal e ata pode inducir a erro.

A nosa sanidade sempre pode ser merecedora de maior investimento, e tamén daba os datos a miña compañeira, a sanidade recibe o 40% do Orzamento, no último Presuposto que fixo o Goberno bipartito estaba entorno ó 33, e no que agora nos afecta a ratio en Galicia é de 4 enfermeiras por cada mil habitantes; discrepan os datos que a mín me aportan nas cifras que vostede deu de España, din que o sistema nacional de saúde ten unha ratio inferior, dun 3,6, e algunha Comunidade, como a que ata antonte tiñan o privilexio de presidir, Andalucía, ten unha ratio dun 2,77; este é tamén un exemplo que pode enlazar con que para reivindicar primeiro temos que dar exemplo.

Dito isto, e tendo en conta que hai tamén unha normativa galega, o Decreto 81/2016 de 23 de xuño, no que o Servizo Galego de Saúde crea a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista, creo que isto é un gran avance, estamos vendo na nosa provincia un dos concellos que vostede identificaba como que estaba cun só facultativo, a posta en marcha dun programa piloto que está sendo moi valorado polos usuarios, empoderando o que creo que é a liña axeitada, dende a miña opinión e carecendo de coñecementos técnicos para facer aportacións a unha normativa, entendo que ademáis sería unha gran ousadía, que era o concello de Baleira, e que estes profesionais teñen un novo papel na atención ós nosos veciños.

Dende a máis absoluta humildade e o máis profundo respecto, creo que é unha gran ousadía por parte do Grupo Socialista desta Institución poñer deberes para regular profesións e dereitos dos traballadores, moi especialmente neste mandato”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Esta moción, aínda que non ten nada que ver coa anterior, si que ten algún punto de conexión. Cando o Sr. Santos estaba facendo a exposición eu estaba vendo os puntos de acordo da moción que presentamos nós e onde incidíamos na mellora da atención primaria, e que había que destinar moitos cartos; e na moción anterior tamén lle dicía á señora Teijeiro que non deberamos ter ningún complexo de inferioridade, pois o mesmo que lle dicía ó Partido Popular tamén llo digo ó Partido Socialista; as ratios non teñen nada que ver dunha Comunidade Autónoma con outra, e aquí nin de lonxe se cumpren esas ratios, pero as ratios non son só isocronas de vinte minutos, unha isocrona de vinte minutos son distinto quilometraxe noutro sitio que aquí; se un enfermeiro en Fonsagrada ou en Navia ten que ir facer unha cura a unha casa, cantas horas queda o centro de saúde sen ese enfermeiro?; son realidades totalmente distintas.

Eu entendo que esta moción se está presentando a nivel estatal, e vese que obedece a intereses estatais dun determinado colectivo, obviamente moi respectable, e nos puntos de acordo cando se fala de instar ó Goberno de España a aprobar unha dotación adecuada de enfermeiros que poida garantir unha atención segura á poboación española con igualdade e equidade entre Comunidades Autónomas e provincias, non sei como valorar esa equidade e igualdade entre provincias, pois non, temos as competencias que temos en sanidade, teríamos que ter moitas máis, obviamente ter moitos máis cartos tamén para a sanidade, que o Bloque Nacionalista Galego sempre ven argumentando con respecto ós Orzamentos do Estado que temos que ter un elemento diferenciador pola dispersión poboacional, e despois organizarnos nós e dicir cal é o número necesario de enfermeiros vinculados a cada centro de saúde, a esas áreas de atención primaria.

Polo tanto nós nesta moción non imos votar a favor, non estamos en contra tampouco, pero ímonos abster, porque os referentes non son as ratios das distintas Comunidades Autónomas; e se

acabamos de aprobar unha moción onde pediamos ter moito máis peso na sanidade, sobre todo esta provincia que é unha das que máis sofre o tema da dispersión e da eliminación de médicos e de pediatras, e obviamente tamén de enfermeiros, PSXs, e todo o persoal sanitario, eu creo que se votamos a favor desta proposta estaríamos contradicindo en parte o acordo que tomamos na primeira moción”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Pois para non querer, como introduciu vostede a súa sucinta exposición, viaxar por Finlandia ou outros países europeos para falar de enfermería de Lugo, pasar polos GES, por Suplusa, e demáis, foi unha volta de moito andar para non dicir case nada; porque, que eu saiba, aí non traballan enfermeiras, pero iso saberao vostede.

As ratios son as que son, vostede manexa as que lle convén e eu manexo as que me facilitaron dende SATSE, non as fixen eu, pero si que revisei se se axeitaban máis ou menos á realidade e é certo que se asemellan; e en Galicia temos unha ratio dun 4,13% respecto dun 5,3 no resto de España, en tódalas institucións sanitarias e sociosanitarias do territorio.

Quizá sexa ousado facer valoracións moi concretas no técnico, pero non considero ousado pedir dereitos laborais, que non é o que estamos a pedir hoxe; o que estamos pedindo hoxe é como estruturamos un sistema sanitario público, que evidentemente ten que contar con profesionais, non teñen que ver os dereitos dos profesionais, que evidentemente tamén os defendemos, con como queremos soste un sistema sanitario garantista, de calidade, e todo o demáis; iso para as enfermeiras, para os GES, que tamén teñen algo que ver coa Xunta de Galicia, oín que foran por alí e que lles dixeran que viñesen á Deputación facer ruído porque había pleno e que incluso lles ía dicir algunhas cousas a voceira do Partido Popular, pero tamén teñen que ver coa Xunta de Galicia, non se engane; é máis, busque o autor do invento que seguramente o coñeza vostede bastante máis ca calquera de nós.

Pero volvendo ás enfermeiras, será que non fan falta máis enfermeiras, nin máis fisioterapeutas, aquí non fai falta nada, pero todo o mundo se queixa de que hai insuficientes matronas, por exemplo aquí en Lugo, na zona centro ou no ambulatorio de Fingoy; todo o mundo sabe as esperas que ten cando necesita dun fisioterapeuta, non sei se ten que ver coa ratio ou non pero a Organización Mundial da Saúde recomenda un cada mil, e en Galicia temos un cada dez mil, ó mellor non ten que ver con esa situación, eu creo que si. Cando os veciños de Pol antes tiñan dúas enfermeiras e agora só teñen unha, cando ten unha saída ou unha urxencia, coma un médico, aquilo queda sen atender.

Pero hai máis cousas, cando hai catro anos desmantelaron Uroloxía, que o decidiu o Partido Popular e ía ser a panacea, meteron na mesma planta a pacientes de uroloxía, traumatoloxía, e otorrino, coa mesma dotación de recursos, coas mesmas enfermeiras; e iso significa que teñen que atender a un abano de patoloxías e de situacións clínicas absolutamente diferentes entre elas que lles xera unha tensión e unha presión laboral moito máis grande, e pode influir incluso no desenvolvemento das súas capacidades.

Temos uns equipos de telemetría no HULA que necesitan de enfermeiras, son equipos para que os pacientes podan facer probas nos seus domicilios, fóra do hospital instálaselles un equipo e estase facendo unha monitorización continua, co que evitarían desprazamentos ou estancias hospitalarias, é dicir que incluso serían rendibles economicamente para o sistema sanitario, se contasen con catro enfermeiras poderíanse facer trinta e catro telemetrías ó día, como só hai tres non se poden facer trinta e catro telemetrías ó día, por unha enfermeira. Polo tanto eu creo que a cuestión da dotación de recursos e as ratios algo teñen que ver con iso.

Por iso facemos esta proposta que entendemos sensata, mellorar a ratio, achegala ós países da contorna, polo menos situarnos na media española, e evidentemente se podemos chegar á ratio de Finlandia será un éxito para todos, do que non deberemos avergoñarnos. Esa é a nosa petición, e todo o demáis cadaquén que fale o que queira, pero en canto á proposta que facemos é clara e concisa, é a nosa opinión, mellor sistema con máis dotación de recursos, e polo tanto con máis calidade e capacidade asistencial; porque se alguén nega ou non ten detectado que o cambio demográfico e social implicou un cambio epidemiolóxico non só nas patoloxías que se presentan

senón na súa cronificación, entónces é que temos un punto de partida absolutamente erróneo e así non se pode planificar un sistema sanitario”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Simplemente para anunciar o meu voto favorable, xa que se imos mellorar a sanidade melloraremos todo, empezando pola asistencia máis básica. E ó mesmo tempo quixera recordar, xa que estamos tan preocupados hoxe nesta Institución porque imos centrar tres das mocións na sanidade, que aquí hai un acordo plenario aprobado no que esta Deputación ía dotar de desfibriladores a tódolos concellos, non sei se se vai dar executado de aquí a xuño ou o deixamos para a próxima lexislatura, porque iso tamén é preocupación e aféctanos a todos e cadaún de nós, sobre todo no meu concello onde xa os tiñamos repartidos hai dous anos e aínda non chegaron”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar quixera facer unha matización sen que sirva para desviar a atención da moción; cando vostede dicía que as persoas que se manifestaron diante do Pazo Provincial viñan obedecendo unha instrucción da Xunta de Galicia, supoño que sería unha broma, porque en primeiro lugar o convocante era a CIGA, e en segundo lugar sería ter en moi pouca consideración dende logo o criterio e a intelixencia duns profesionais nos que estamos depositando a seguridade dos nosos veciños e veciñas. Eu xa sei que vostedes non o teñen moi en valor, non en van despídenos despois de contratalos, pero créame que cando alguén se manifesta, igual que cando o fan vostedes, eu supoño que a xente vai nun exercicio de liberdade; dende logo si que lle podo garantir que da Xunta de Galicia ninguén lle mandou que viñeran ó pleno desta mañá; e tampouco me parecía que fora un exemplo similar ó que vostede poñía con Finlandia, porque sen dúbida estaban tan próximos que segundo entrei para asistir ó pleno estiven falando con eles, non é que eu lles dixera nada que non penso, e digo aquí o que dixeran fora, que efectivamente iso é o que intentamos, ter unha mínima coherencia e criterio.

Eu non digo que non fagan falta máis medios, probablemente analicemos a área que analicemos, o servizo que analicemos, sexa dun concello, dun ente supramunicipal, ou dunha Consellería da Xunta de Galicia ou de calquera outra Comunidade Autónoma, seguro que en todas imos detectar necesidades e poidamos pedir máis medios, ás veces porque incluso pode haber carencias e outras veces porque a actitude do ser humano debe ser sempre intentar mellorar, e non vaia interpretar vostede que nós non queremos que se melloren servizos, non só non o dicimos senón que cando temos ocasión tamén o demostramos; pois se en Lugo se equipou un novo hospital, se na Mariña se ampliou o hospital; se no hospital público de Monforte se iniciaron novos servizos coma o de oncoloxía, o de hospitalización a domicilio, está en contratación o proxecto de remodelación; se se está en licitación do centro de saúde do Saviñao cun prazo de execución de doce meses e cun investimento de preto de 1,2 millóns de euros, etc., etc.; son exemplos seguramente insuficientes pero dende logo reais e con cifras económicas moi importantes. Entón non é que digamos que se necesitan, senón cando temos ocasión e responsabilidade de recursos póñense en marcha.

O que dicimos é que vostede nesta moción entendemos que non é o máis lexitimado para dar leccións de respectar dereitos dos traballadores. E aínda que lle puidera parecer que non viña ó caso, sen dúbida sempre lle digo que non é o mesmo predicar que dar trigo, e vostedes o de predicar intentan facelo bastante ben, algunhas veces fanlles caso e outras non, pero sempre o intentan, nese aspecto teñen vostedes constancia. E xa sei que as manifestacións en contra non lle gustan, pero moitas delas organízanas e aplaudenas a favor, e aí teñen vostedes toda a lexitimidade, aí hai que escoitar á rúa, e cando a manifestación é en contra súa e que alguén da Xunta lle mandou a dúas persoas, que non teñen nin criterio nin decisión, vir aquí botar un berro; iso é como definen vostedes realidades similares pero dependendo de cando lle piden a vostedes ou de cando lle piden a outro Partido Político.

Probablemente o sistema sanitario español e o galego sexa dos sistemas dos que nos podemos sentir máis orgullosos, e iso dígollo co pleno convencemento; afortunadamente a nivel persoal nunca estiven ingresada, pero si que por desgraza acompañei a membros da miña familia, en distintas áreas e en distintos servizos, e non teño máis que agradecemento; é dicir, o sistema sanitario en Galicia dende logo é un servizo do que os galegos nos sentimos orgullosos, a pesares

do Partido Socialista probablemente, e a pesares de todo o descrédito e de tódolos ataques, nalgúns cousas poden ter razón pero nunha porcentaxe altísima con pouco fundamento.

E vou rematar lendo unha información pública dunha reunión na que a finais de xaneiro participaron varios ex Ministros de tódalas cores políticas que estiveron no Goberno de España, varios ex Ministros do Partido Socialista e do Partido Popular, concretamente foi nun encontro que se produciu no Senado onde estaba convidado Enrique Sánchez de León, Julián García Vargas, Bernat Soria, e Dolors Montserrat; todos acababan, supoño que tamén coa perspectiva que lles da non estar xa no Goberno, alentando a tódolos responsables públicos de mobilizarse para que todo o que se foi construíndo nestes corenta e oito anos de democracia se poña enriba da mesa e se intente facer un pacto de Estado pola sanidade; animaban a ser valientes e a despolitizar, dicíano varios dos ex Ministros, e concretamente o último Ministro de época de José Luis Rodríguez Zapatero explicaba que aplaudía esa invitación e dicía ademais que se todos queríamos era posible, e o único inconvincente ten que ser apartalo da loita política.

Esa mesma reflexión, repetindo literalmente as manifestacións dun Ministro que ten a mesma cor política ca vostede, é o convite que eu lle fago tamén na nosa provincia, deixemos traballar ós técnicos, fagamos reivindicacións construtivas pero deixemos de politizar tanto a sanidade; creo que non gaña ningún, e se realmente estamos aquí porque nos comprometemos cos veciños e veciñas da nosa provincia, seguramente nalgún momento, aínda que só sexa en privado, acabará dándome a razón, a mín non me vai facer caso, cos precedentes que concorren xa teño claro que basta que eu diga unha cousa para que vostede faga a contraria, e tampouco creo que iso sexa bo porque seguramente eu algunhas veces estarei equivocada pero moitas veces tamén acerto, pero a un Ministro que levaba a mesma sigla política ca vostede ó mellor lle pode facer caso; creo que nos irá mellor, entre outras cousas porque mentres debatemos este tipo de propostas teñen desatendidos asuntos que si dependen directamente desta Institución, e aí é onde si que podemos falar non de dignidade senón de responsabilidade”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Non tiña pensado intervir, pero como dende o Partido Popular se repiten, e xa anuncio que nos imos abster porque temos diferentes enfoques neste tema, non paso por alto a segunda ou a terceira vez que dende as filas do Partido Popular falan da politización da sanidade, pois sigan falando da politización da sanidade porque iso para min é unha ofensa, non é unha ofensa directamente para os Grupos Políticos que lóxica e lexítimamente nos posicionamos politicamente en temas sanitarios e noutros, é unha ofensa para os que están sufrindo as deficiencias que hai na sanidade provocadas polo Partido Popular; despois dirán vostedes “daqueles polvos viñeron estes lodos”, sigan así criminalizando á xente, ós que se mobilizan, que é o que fixeron.

Pero, repito, grazas ás mobilizacións vostedes andan, senón non habería eses servizos que agora anunciou a señora Elena Candia, houboos pola mobilización”.

Seguidamente intervéñ o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Dicía o dictador “hagan como yo, no se metan en política”, iso é o que quere agora o Partido Popular, que non nos metamos en política, que non exerzamos a representatividade do modelo democrático representativo, eses son os seus consellos.

Un gran pacto de Estado pola sanidade, oxalá se poida facer. Vostedes xa fixeron un gran pacto contra as mulleres en Andalucía, contra o estado das autonomías en Andalucía, está difícil un pacto co Partido Popular, nin a dous nin a tres, nin en directo nin en diferido.

Estabamos falando dun modelo sanitario e de como queremos dotalo, e queren falar doutras cousas; evidentemente todo é mellorable, tamén o sistema sanitario. Cando queira falamos do tema que queira con total tranquilidade, eu alo menos moita, porque teño o costume, non sei se boa ou mala, de dicir exactamente o mesmo en público que en privado porque así non me engano nin engano a ningún, esa é a miña actitude; e aquí o que digo é que hai poucas enfermeiras, hai enfermeiras e enfermeiros queimados porque a carga asistencial que aturan é insoportable, e iso desemboca nun detrimento da calidade asistencial que recibimos os usuarios.

Oxalá Feijóo e o Partido Popular na Xunta de Galicia deixasen que os técnicos dicesen cantas enfermeiras tiña que haber en cada planta de cada hospital, pero non, tómanse decisións políticas, decisións que se enmarcan no ámbito da xestión pero que son o desenvolvemento dun plantexamento ou dun proxecto político. Polo tanto a política ten que opinar, ten que pronunciarse, e ten que resolver; esa é a esencia da nosa democracia, e con esa democracia evitaremos que algún día poda chegar alguén a mandar neste Estado e dicir tal cousa como “hagan como yo, no se metan en política”. Esa será a súa pretensión, pero a nosa é que tanto vostedes coma nós poidamos debater dende o respecto e a representatividade democrática”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“O que lles pediría é que se axustaran un pouco ós temas que estamos a tratar, e non mesturar os GES cos enfermeiros. Creo, Sra. Candia, que no tema dos GES a Xunta ten bastante que dicir, e tamén os concellos; esta Deputación creo que nese aspecto se comportou sempre favorablemente nese sentido e o exemplo máis palpable do bo traballo que se fixo nesta Institución foi o tema dos bombeiros, que grazas a nós teñen a igualdade salarial en tódalas provincias galegas”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 14 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

A presente moción foi debatida e votada conxuntamente coa sinalada no punto número catro.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA O APROVEITAMENTO E POSTA EN PRODUCCIÓN DA FINCA DO PAZO DE TOR.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Xosé Ferreiro Fernández e Antonio Veiga Outeiro, Deputados do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte Moción para o aproveitamento e posta en produción da finca do Pazo de Tor

Dende que as fincas anexas ao Pazo de Tor pasaron a ser propiedade da Deputación de Lugo, estas estiveron improdutivas, sen sacarlle ningún tipo de proveito e, o que aínda resulta máis grave, provocando un custe considerable ás arcas da Deputación dado que o seu mantemento a base de desbroces e un arado tivo uns custes considerábeis para a propia entidade.

O abandono ao que esta institución someteu durante estes anos a esta finca é unha fiel metáfora da política seguida polas administracións, tanto autonómica como central, con respecto ao campo galego: terras produtivas e perfectamente aproveitables convertidas e fincas abandonadas cheas de toxos, xestas e malezas, convertidas en focos de incendios entre outras cousas.

Algo falla nun país onde se deixa tal cantidade de terra abandonada, sen producir, coa conseguinte perda de potencial económico que supón.

Unha administración como é a Deputación ten o deber e a obriga de dar exemplo e non pode permitir que fincas como esta, de máis de 70 hectáreas, estean neste estado de abandono, tendo que poñela en produción da forma máis urxente posible.

Este aproveitamento poderá vir tanto a través dunha xestión directa da propia Deputación como da súa cesión a outra entidade para o seu aproveitamento, entidade que dende o BNG cremos que tería preferíbel que tivera un perfil de interese social e que non fora un mero instrumento de xeración de beneficios.

Nese senso, a asociación PRODEME, afincada en Monforte e que ten como fin o traballo a prol das persoas con discapacidade intelectual, ten demostrado o seu interese para o aproveitamento destas fincas, aproveitamento que nun primeiro momento levaría consigo cando menos o aforro dos cuantiosos custes que significa o mantemento da finca por parte da Deputación a base, como se dicía antes, de externalizar exclusivamente de desbroces e araduras.

Esta asociación, que está declarada de utilidade pública, ten unha dilatada experiencia en traballos de gandería, ademais de estar desenvolvendo neste momento interesantes e innovadores proxectos neste ámbito. Así mesmo, ten mostrado un interese tanto a curto prazo, mentres a institución non elabora un plan definitivo de actuación con esta finca, como a medio prazo, se as condicións postas pola Deputación foran axeitadas para o seus intereses.

A cesión a esta asociación destas fincas, nas condicións legalmente establecidas, tamén axudaría a dar traballo a este tipo de persoas coas que traballa esta entidade, que polas súas características teñen especiais dificultades para a súa integración no mercado laboral.

É por todo o exposto con anterioridade polo que o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación de Lugo esta moción, proponendo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno desta institución a promover de forma urxente o aproveitamento das fincas anexas ao Pazo de Tor, propiedade desta Deputación de Lugo, poñéndolas en produción e evitando xa este mesmo ano os custes de mantemento que teñen neste momento.

2º.- Que mentres non se elabora un plan efectivo de aproveitamento definitivo destas parcelas, estas se cedan a algunha asociación sen ánimo de lucro para evitar cando menos estes custes de mantemento.

3º.- Que o aproveitamento definitivo destas fincas se faga directamente pola Deputación ou, no seu defecto, que se ceda a algunha entidade de interese social e sen ánimo de lucro nas condicións legalmente establecidas”.

Ante esta moción, o Grupo Provincial Popular presenta unha emenda de engádegas, do seguinte teor:

Propónse engadir texto á proposta de acordo de xeito que quede da seguinte forma:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno desta institución a promover de forma urxente o aproveitamento das fincas anexas ao Pazo de Tor, propiedade desta Deputación de Lugo, poñéndolas en produción e evitando xa este mesmo ano os custes de mantemento que teñen neste momento.

2º.- Que mentres non se elabora un plan efectivo de aproveitamento definitivo destas parcelas, estas se cedan a algunha asociación sen ánimo de lucro para evitar cando menos estes custes de mantemento.

3º.- Que o aproveitamento definitivo destas fincas se faga directamente pola Deputación ou, no seu defecto, que se ceda a algunha entidade de interese social e sen ánimo de lucro nas condicións legalmente establecidas”.

4º.- Instar á Deputación Provincial de Lugo a que atenda á petición trasladada pola Asociación para a protección das persoas con discapacidade intelectual, Prodeme, relativa ao aproveitamento dos recursos dos que dispoñe a finca do Pazo de Tor por parte de Prodeme, a cambio da limpeza e acondicionamento dos terreos”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Espero que esta moción sexa un pouco distinta das anteriores e doutras que veñen despois, que non sexa, como dicía o Deputado non adscrito, un simple “pim pam pum”, e nos poñamos de acordo todos na necesidade de buscar unha solución a este tema.

Dende que a Deputación se fixo cargo da finca de Tor o seu abandono creo que é perfectamente manifesto, abandono que se produciu a través do non aproveitamento do potencial que tiña unha finca de arredor de 70 hectáreas, converténdose en algo, como dicimos no rural, “a campo”, o que tamén levou consigo ter que facer distintos desbroces con custes engadidos para as arcas da Deputación, e que nunca produciu nada positivo nin en termos económicos nin en termos sociais.

O que está pasando coas fincas de Tor e o seu abandono por parte da Deputación dende que é a propiedade reflicte moi ben a política agraria que se levou tanto dende o Goberno da Xunta coma do Goberno do Estado, que está facendo que unha boa parte das nosas terras, terras produtivas, moitas delas de moi boa calidade, queden completamente abandonadas, moitas delas incluso sen ser adicadas a cuestións forestais, simplemente quedan abandonadas para que medren as xestas, os toxos, para que en definitiva estean alí completamente improdutivas, unha das razóns que provoca o forte aumento que hai dos incendios forestais últimamente.

Eu creo que a Deputación, como unha administración máis, mentres que exista, que está ó servizo da cidadanía, ten a obriga de non permitir que acontezan ese tipo de cuestións. E en todo caso a Deputación ten que garantir que unha finca destas características se poña en valor e se poña a producir; evidentemente hai moitas formas de poder facer isto, o ideal sería que tivera un proxecto perfectamente elaborado que fora para ben da provincia e o desenvolvera nesta finca. Pero se non é así, cando menos pode poñela a disposición dalgún tipo de asociación ou entidade sen ánimo de lucro, algunha entidade que teña un interese social, para que, se non o fai a Deputación, o fagan eles e a poñan en valor para alo menos sacarlle algún rendemento.

Neste sentido, e cóstanos porque así nolo comunicaron dende a propia entidade, hai unha asociación en Monforte, como é o caso de Prodeme, asociación perfectamente consolidada no traballo coas persoas con capacidades diferentes no ámbito dos discapacitados intelectuais, cunha

experiencia no sector da agricultura, que se ten dirixido en distintas ocasións á Deputación poñéndose a disposición para levar adiante este aproveitamento; aproveitamento ademáis que, polo que eles nos comunicaban, podía ser tanto un aproveitamento temporal a curto prazo para que incluso a Deputación aforrara os custes de mantemento, como, se a Deputación non a explota directamente nun proxecto global, un proxecto a máis longo prazo incluso competindo con algunha outra entidade das mesmas características que puidera estar interesada.

Nesa liña nós o que propoñemos, porque é urxente buscar unha solución para este problema, se a Deputación non ten un proxecto global para sacarlle proveito e que beneficie a toda a provincia, cando menos que permita que unha entidade sen ánimo de lucro, unha entidade con interese social, sexa esta da que falaba eu ou outra que poida estar interesada e que ofrezca unhas mellores condicións, saque rédito a esa finca; e sobre todo que non siga abandonada desa maneira provocando custes moi importantes ás arcas da Deputación, custes que logo non van dirixidos a outras cuestións que serían completamente necesarias.

Espero contar co apoio favorable de tódolos Grupos, se pode ser coa unanimidade, e que se se aproba se execute no menor tempo posible, e incluso a razón de traer esta moción a este pleno é precisamente para evitar xa, antes de que chegue a primavera, o custe que levaría consigo un novo desbroce pagado pola Deputación para que quede así abandonado un ano máis. En todo caso que xa se proceda este mesmo ano, sexa de forma temporal ou definitiva, a buscar unha solución a estas fincas para que non sigan así máis tempo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Aquí temos dito por parte de distintos voceiros do Grupo Popular en moitas ocasións que o BNG cando está na oposición é moito máis útil que cando está no goberno, e creo que con esta moción o vemos claramente.

Alégrome de que sexa o Sr. Ferreiro quen defenda esta proposta e non o Sr. Veiga, porque era alá por decembro do ano 2013 cando o Partido Popular, en concreto a súa voceira Elena

Candia, traía unha proposta clara, nítida, transparente, exactamente igual cá que vostedes traen aquí, e daquela o Sr. Veiga, xunto co seu compañeiro Mario Outeiro, votaban en contra; se ten dúbidas eu pódolle ler literalmente as intervencións e o seu voto. Pero o certo é que daquela tiñamos a opresión do Goberno, tiñamos a opresión do besteirismo, e agora parece que se senten máis cómodos neste novo status de oposición, e benvidos sexan.

O Partido Popular imos manter o mesmo que naquel momento, estamos a falar dunha asociación cunha implantación moi grande en Monforte, que está a facer as cousas moi ben, que é un modelo de traballo a prol da discapacidade, que hai un proxecto industrial, social, agrario, que dinamiza toda a zona sur, e que dende o ano 2008 loita por estes terreos. Estamos falando posiblemente, e non o digo eu, da mellor finca agraria que pode haber en boa parte da provincia de Lugo, dunha finca de máis de 200 hectáreas, das que 75 hectáreas son practicamente planas, terreo produtivo, fértil, e con regadío.

E é certo que esta Institución nin ten un plan nin ten un futuro, e que ademáis incumpre tódalas normativas, estamos falando dunha finca semiurbana, que colle o barrio das Lamas en Monforte e nos leva ata o que é o Pazo de Tor; estamos a falar do Pazo de Tor, unha construción emblemática, que ademáis, segundo os datos que nos aportan dende Turismo, recibe miles de visitantes ó ano, e eses visitantes o que ven é unha finca totalmente abandonada, finca que hai quince anos eran uns terreos de pradería, e hoxe o que hai é un monte totalmente descontrolado, e ademáis incumprindo como Administración unha cuestión elemental que é a loita contra os incendios, e desbrozar eses terreos que están cerca de dúas parroquias e dun Pazo.

Polo tanto o Partido Popular tomou as decisións que tiña que tomar o ano 2013 para traer unha proposta na que cria ao Pleno; no ano 2015, cando Elena Candia se fai cargo do Goberno, unha das primeiras visitas que fai é a Monforte, entrevistase co xerente da asociación, Julio Cortiñas, e acordan un convenio para poder facer a cesión dese terreo, convenio que, como así recolle a asociación Prodeme, foi unha moción de censura, que apoiaron vostedes outra vez, a que deixou este proxecto de convenio sen efecto.

Nós por suposto que estamos de acordo, co que non estamos de acordo é coas medias tintas; onte o BNG levaban esta proposta ó Pleno de Monforte, e propoñen que a Deputación lle busque un fin para esta finca, se a Deputación non lle pode buscar un fin por ela mesma que dalgunha maneira poda chegar a un acordo con algunha asociación de índole social; e nós poñémoslle nome e apelidos por iso lle facemos unha emenda, dende o ano 2008 hai unha asociación con máis de 150 persoas traballando nese proxecto, con máis de trinta traballadores, nós dicimos que, dado que é a única asociación que ten unha actividade social que podería encaixar dentro da agricultura e da gandeiría, que ademáis, tendo máis de 1500 animais, necesita imperiosamente deses terreos, e que se ten dirixido en varias ocasións a esta Institución para que lle fora cedida.

Por iso lle pido que acepte a emenda de engádegala para que a Deputación dea rapidamente os pasos necesarios que deu Elena Candia no seu mandato para cederlle a Prodeme esas instalacións, que ademáis egoístamente e economicistamente nos interesa, porque a Deputación aforrará uns cartos moi importantes no que está facendo en arados e desbroces desa finca, e que ademáis, como xa leva anos sen facelos, está incumprindo coa normativa contra incendios.

Polo tanto eu o que lle pido ó Partido Socialista é que non se poña de perfil; eu xa sei que posiblemente ó Partido Socialista posiblemente na Institución provincial, desde logo teno demostrado como tamén o ten demostrado no concello, todo aquilo que soa a asociación Prodeme non lles soa ben, non só esta asociación está loitando por que se lle podan ceder temporalmente estes terreos, senón que é unha asociación con moitos proxectos empresariais para xente con discapacidade en Monforte; está pendente dunha inversión millonaria que calquera provincia a quixera para ela, como é unha nave de biomasa cun centro ocupacional, ou como son eses 22000 metros cadrados que teñen no polígono industrial de Monforte, para facer un aparthotel para traballar mulleres con discapacidade.

Pero resulta que o que lle están pedindo ó concello de Monforte, o que estamos facendo tódolos concellos, que para aquelas asociacións, e esta está declarada de interese nacional, que teñan un fin social se poda facer o que prevé a Lei que é unha bonificación na taxa de construción. Que recibiron ó longo de tres propostas que levou este Grupo no concello de Monforte?, o non por

resposta do Alcalde de Monforte, o non por resposta do Partido Socialista; e que recibiron dende a Deputación?, non a un proxecto integrador, non a un proxecto que é dinamizador para Monforte, para un proxecto xerador de riqueza e emprego, e ó mesmo tempo de cabida para estes nenos que realmente se senten encantados.

Polo tanto o noso voto vai ser favorable, creo que é unha decisión acertada con respecto a un terreo que a Deputación ten a monte, a xestas, a provocar incendios, a unha mala imaxe fronte a ese magnífico Pazo de Tor; e se o BNG nos acepta esa emenda onde pedimos especificamente que se tomen as medidas e se elaboren os informes necesarios, pero, dado que é a única asociación que ten esa solicitude, que así se faga”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Eu non podo menos que compartir a proposta do Bloque Nacionalista Galego. É verdade que o tema do Pazo de Tor é unha asignatura pendente do Grupo Socialista e eu, como membro dese Grupo durante oito anos, obviamente non teño máis que entonar o *mea culpa*; é verdade que esa zona non dependía directamente deste Deputado, e todo o que me podía chegar era de refilón; non obstante fun invitado polo presidente de Prodeme a visitar Monforte hai uns meses, a verdade é que me sorprende a actividade e as funcións que facían, como me sorprende algunha outra cousa que me dixo, e que xa apuntou aquí o voceiro do Grupo Popular, que era a criminalización por parte do Partido Socialista, tanto do concello coma da Deputación, desa asociación, cando en teoría está recibindo axudas da Xunta e doutras institucións, e que eu saiba non hai nada irregular ou ilegal nesta asociación.

Estrañoume tamén ademáis, e isto é o que me contaron, que tendo ido o Presidente da Deputación, que debe representar a tódolos lucenses nos distintos actos ós que asiste, e que parece ser que invitou a unha serie de asociacións de tipo social da zona de Monforte e excluíuse a esta asociación, non sei se é porque lle quería dar un trato preferente, que a día de hoxe non se realizou, ou por calquera outra cuestión, ou polo que apuntou el; dende logo se o que se me transmitiu por parte do presidente de Prodeme desa criminalización, de non querer nada desa asociación, que polo

que vin está facendo un gran labor social, dende logo é triste que un goberno, que debería ser de todos, e que presume de ser de todos, aínda que os que os sufrimos sabemos que non é así, faga este tipo de actuacións.

Por outra banda, eu xa fixen declaracións aquel mesmo día de que estaba a favor, e que cunha iniciativa similar a esta eu non tiña inconveniente en trasladala a esta Institución, fíxoo o Bloque Nacionalista Galego, non teño nada que criticar e paréceme correcto: non obstante se por parte dos servizos xurídicos ou administrativos da Deputación ven que ese proceso ten que ser aberto, e incluso que outras asociacións podan optar a utilizar eses terreos, que se faga nun prazo determinado; e senón eu creo que sería un gran beneficio en principio económico para esta Deputación, que aforraría uns custes importantes no mantemento ou nos desbroces que non fai nesa finca, pero que cando os fai teñen un custe elevado, e darlle unha rendibilidade social por un prazo determinado como se fixo con outras asociacións, por exemplo no hospital de San José ou na Granxa Gayoso Castro, e podela utilizar por parte desta asociación sen ningún problema.

Dende logo en principio e polo que vin, a mín paréceme un proxecto interesante, un proxecto que hai que apoiar, e non o que se me transmitiu que dende logo é triste para esta provincia que non sabemos porque, incluso alí se apuntaban malas relación persoais do responsable político local con este señor, podan levar a estas situacións de desprezo, de ignorancia, e de ninguneo, por parte desta Deputación”.

Intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Estamos ante unha moción na que se fala dun espazo tan importante como é o desa finca de Tor, co seu Pazo incluído dentro deses mesmos terreos; estamos a falar dunha finca de 180 hectáreas, na que non é verdade que non se fixese nada, aí fixéronse distintas cousas que vou enumerar.

En primeiro lugar cando eu entrei a tomar a responsabilidade sobre ese terreo vimos o que había nesa finca, desas 180 hectáreas mais de 87 son forestais, das cales 67 están conveniadas coa

Xunta de Galicia e as outras vinte hectáreas son de xestión exclusiva da Deputación. Aí fíxose un plan de ordenación forestal, plan que neste momento está aprobado.

Con relación ás parcelas baixas de regadío que están por debaixo das edificacións do Pazo de Tor, tamén se viu a posibilidade de poder desenvolver unha actividade agraria aí, pero para facelo era necesario ter unha seguridade sobre esas cinco balsas que ten o Pazo de Tor para poder facer o rego oportuno na época de estiaxe que, como ben sabemos, a de Monforte é unha zona onde cando aperta a seca fai que se necesite un rego para poder dar uns resultados óptimos sobre eses cultivos. Fíxose aí ese estudo sobre a seguridade das balsas, o estudo saíu favorable, rematouse a finais de 2017, e durante o 2018, tendo en conta a Prodeme e tamén outras alternativas que se barallaron aquí, estívose en *stand by* mirando a ver que se facía con iso.

Ben é verdade que por parte da Deputación entendemos que era posible que ese espazo fora necesario tamén para apoio da Granxa Gayoso Castro, de maneira que a Granxa puidese ter cubertas as súas necesidades de cara ó futuro dada a súa ampliación. Pero de tódolos xeitos a realidade é que en xaneiro do ano 2019 estamos onde estamos.

A mín paréceme que decantarse directamente por unha asociación, sen haber outras cousas que pesen na balanza, non digo que sexa unha irresponsabilidade, pero si que a priori sería unha discriminación positiva a favor desa asociación e tamén en contra dos intereses que puideran ter outras asociacións que desenvolvan alí actividades interesantes, ou a título particular outros gandeiros da zona que ó mellor estaban interesados.

De tódolos xeitos aquí estamos para falar como se está facendo neste momento; non sei o BNG na súa segunda intervención xa dirá o que lle parece desta emenda de engádegas que presenta o Grupo Popular; e nesta primeira intervención poñer en valor o que se fixo, tamén se acondicionou o espazo do entorno do Pazo de Tor para que os visitantes teñan un sitio decente onde aparcar, e que ese entorno tamén se mellorara e se modificara de maneira que a primeira visual que os visitantes teñan desa finca sexa máis positiva do que era con anterioridade”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Antes de nada matizar que estamos a falar das fincas do entorno do Pazo de Tor, o propio Pazo de Tor está perfectamente aproveitado e hoxe en día nós pensamos que é un dos valores que ten a comarca de Monforte para os seus visitantes. É certo que aínda faltan algunhas cousas por restaurar, ten alí un restaurante construído hai anos que está sen poñer en funcionamento, pero son cousas menores ó lado do que é a propia finca que é do que falamos aquí en exclusiva.

Con respecto á emenda do Grupo Popular, que ven poñer nome e apelidos a algo que fai referencia en toda a moción que presentamos, nós en ningún momento nomeamos na parte resolutiva a ningunha asociación, entre outras cousas porque non sabemos ata que punto iso cumpriría a legalidade; é certo que non se nos ocorre ningunha asociación sen ánimo de lucro e declarada de interese social que poida ter unha actividade acorde á explotación desa finca, pero é certo que pode habela, por iso no previo se fala da posibilidade de que, a curto prazo para evitar custes, por un ano ou por cinco, se lle asigne a Prodeme ou a outra asociación sen ánimo de lucro para facerse cargo dela e cando menos aforrarlle os custes á Deputación.

Pero se é un proxecto a máis longo prazo imaxino que terá que ser por medio dun concurso público, agora ben nós dende o BNG se é un concurso público defendemos que sexa para asociacións sen ánimo de lucro, pero non para que vaia unha empresa privada ou algún particular a lucrarse desa finca porque para iso temos exemplos xa no tema dos catamaráns; por tanto aquí estamos falando sempre de asociacións sen ánimo de lucro e declaradas de interese público e social, se hai máis abramos o concurso; pero non é de recibo que neste mesmo ano se volva pagar outra partida de cartos para desbrozar; é máis, hai uns anos arouse, e precisamente comentábanos en Prodeme, porque nós tamén fomos visitar as instalacións, que debido a que se arou agora incluso non chega só con desbrozar para facer pastizais senón que hai que volver traballar a terra, porque se arou pero non se gradou, co cal agora habería que volver gradala, o que significa un custe engadido. Eu pediría que cando menos haxa unha entrevista por parte do Presidente da Deputación co presidente de Prodeme, e se poñan de acordo para aforrar o custe deste ano.

Dicir tamén que, aparte do interese social das máis de cen persoas con capacidades diferentes no ámbito intelectual que están insertadas no mundo laboral grazas ó traballo desta asociación, están levando a cabo algo que dende o noso punto de vista é moi interesante como é un proxecto, que é o que se pide moitas veces, de diversificación da actividade agraria, a cría de animais de vacún de catro anos para o seu consumo, é algo innovador que está comenzando no conxunto do país e que nos parece que é unha actividade interesante e que, para poder levala adiante no potencial que eles desexan, necesitan estas fincas ou outras, co cal neste sentido viríalles moi ben e incluso tamén lle viría ben á propia actividade agraria neste sentido.

Imos aceptar a emenda porque aquí pon “instar”, e imaxino que se os servizos xurídicos da Deputación din que non se pode facer desta maneira non se fará; creo que o interesante sería que isto saíra adiante por unanimidade, se se pode facer por un ano para evitar o custe sería perfecto, e senón que saía a concurso, ou eu non descarto tampouco que a Deputación teña un proxecto interesante para beneficio de toda a provincia e o explote directamente a Entidade provincial, nós co que estaríamos en contra é que isto se lle dera a unha entidade particular para sacar rédito dos bens públicos, iso non nos parece axeitado e máis cando temos en Monforte un exemplo coma esta asociación que pode perfectamente axudar á súa función social o feito de que podan ter acceso a estas fincas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Agradecerlle ó BNG que acepten a emenda que era simplemente a proposta que nós tiñamos levado e pola que sempre estivemos: Por suposto que nós non queremos ningunha ilegalidade, o punto de acordo di “instar á Deputación de Lugo a que atenda a petición, na medida das súas posibilidades”.

En canto ó manifestado polo Sr. Vicepresidente, eu sempre o escoito con atención pero ás veces tócalle defender cousas que son independibles, di que o Presidente se preocupou e atendeu iso; o Presidente o día 16 de marzo de 2018, dicía o Deputado non adscrito, foi a Monforte de Lemos convocando a tódolos medios a unha reunión co movemento asociativo, e alí estiveron

moitas asociacións, o cal é normal porque dalgunha maneira se nutren dos Presupostos da Deputación, e a única asociación que non foi invitada e non estivo nesa reunión foi Prodeme, pero non é que o diga eu porque lle podo amosar as publicacións do 16 de marzo de La Voz de Galicia e de El Progreso onde din que exclúen a Prodeme: “.. no fueron citados a la reunión de los colectivos sociales en la que estuvo presente D. Darío Campos en Monforte, fue la única asociación que no estuvo presente..”.

Dicía o Sr. Vicepresidente que efectivamente hai unha parte que é terreo forestal e que está plantada, pero dentro desas 180 hectáreas hai 75 que son unhas praderías magníficas, e calquera solución, se pode pasar polo movemento asociativo, por Prodeme, estaremos a favor; pero se ten que pasar por donar esas hectáreas que podían estar na man de agricultores para o banco de terras, estudémolo e falámolo.

Vostedes gastaron hai anos case 43.000 euros en desbrozar e arar, e dende ese momento pasou ó esquecemento, polo tanto o que non se pode é incumprir unha normativa básica, ter aquilo cun aspecto horrible de abandono ó carón dun museo provincial que empeza a repuntar en canto ás súas visitas, e hai que buscarlle unha solución. E o que non se pode, por cuestións políticas, ou porque así o ordena o Sr. Tomé, ou porque así o ordene o Partido Socialista de Monforte, é esquecer e ignorar a unha asociación que fai un labor moi importante, porque detrás dela hai máis de 150 familias entre traballadores e usuarios, e que ademáis ten moi diversificada a súa actividade, agraria, con cabras, coa carnicería, con bois, e moi ben integrados en Monforte.

Por tanto nós o que lle pedimos é que empecen a pensar na provincia, en poñer en valor esa finca que é de todos; e calquera iniciativa que hoxe nos anunciaran aquí, como facer a aportación desas parcelas ó banco de terras para os agricultores, podíase falar. Pero hai unha asociación que leva dende o ano 2008 pedindo, ninguén máis o pediu, cremos que se lle pode dar unha boa función a eses terreos, e mentres a Deputación non teña un proxecto propio para ela ó lóxico sería cando menos que se avanzase nesa proposta”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Dicía o voceiro do Grupo social arribista que non se fixo nada en Tor; o que fixemos, e eu asumo a miña parte alícuota durante eses oito anos, foi gastar moitos recursos sen conseguir nada; hoxe a finca, sacando o Pazo, está semi abandonada, é verdade que tivemos perdices, xabaríns, algún coello, fixemos unha ordenación forestal, pero realidade e algo tanxible nada.

Depois hai unha cousa que me preocupa, aparte do sectarismo que agora parece que non é verdade pero que non desmentiu no seu momento esas noticias que a min me transmitiron; e eu, Sr. Presidente da Deputación, se teño que elixir entre crer ó Sr. Julio Cortiñas ou a vostede, obviamente entenderá que creo a D. Julio Cortiñas e non a vostede nin ó que ten ó lado tampouco, por razóns obvias, a algún de aquí aínda o podía crer pero a vostedes dous obviamente non, porque mentiron e enganáronme durante catro anos seguidos, entón entenderá esa situación. E como creo que é verdade o que dixo alí, que se cadra a vostede ata o podo disculpar porque ó mellor non tiña esa intención e non sabía nin que existía Prodeme, pero o Alcalde da cidade de Monforte si.

Hai tamén outro tema que me preocupa gravemente, as posibilidades do Pazo de Tor son infinitas, o que pasa é que hai que estudalas; e repito, eu durante oito anos incluso axudei, por activa ou por pasiva, a que esa situación se mantivera, aínda que me estraña tamén que unha persoa que coñece perfectamente a situación porque ademáis foi responsable do Pazo de Tor como Deputado desa zona, o Sr. Sotuela, non interviñera e o mandaran a vostede coa pataca quente.

O que me preocupa xa é o debate que está noutros lados, como pode ser as residencias, do público e do privado, no subconsciente do Vicepresidente da Deputación, que as entidades sociais está ben pero será mellor darllo a entidades particulares, asociacións de gandeiros, para que lle saquen unha rendibilidade máis grande aínda que a Deputación non faga menos, porque iso de darlla a unha entidade sen ánimo de lucro e de carácter social é complicado porque aquí nunca se fixo iso, porque se cadra agora que estamos na Vicepresidencia non miramos para o lado, non miramos para a Granxa Gayoso Castro onde a unha asociación sen ánimo de lucro se lle deron recursos e medios da Deputación; ou non miramos para o hospital de San José; pero, como antes dixemos tódolos voceiros, obviamente hai uns servizos xurídicos e administrativos, aínda que ás veces non se lles faga caso, que poñerán as condicións para a cesión desa propiedade.

E aquí está claro que eu alo menos apoio que sexa un servizo público que redunde nunha asociación sen ánimo de lucro, e que non privaticen nada, polo menos co meu voto para iso non van contar. E efectivamente hai posibilidades de facelo e, polo que eu vin na xestión de Prodeme, non creo que houbera ningún problema para que iso se levara a cabo, e tamén nese convenio ou contrato que se poda facer obviamente pode haber cláusulas por se a cousa non funciona ou é un desastre, rescindir o contrato. Eu creo que o que se fixo con outras entidades pódese facer aquí perfectamente, e dende logo eu vou apoiar esta moción”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Despois de telos escoitado a vostedes, parece ser que aquí os únicos que estamos en contra de Prodeme somos os do Partido Socialista; a verdade é que eu nin estou en contra nin a favor, efectivamente Prodeme é unha asociación con fins sociais, que da traballo a unhas persoas cunha serie de discapacidades, e que grazas a eles con ese fin social se están desenvolvendo familias que doutro xeito o terían bastante máis crú.

Nós somos os propietarios dunha finca como é a de Tor, e temos que mirar o que facemos tamén de cara ó futuro porque non todo vale, e podemos aprobar no Pleno o que queiramos e despois, se xurídicamente non é posible, non se poderá levar a cabo. Nós imos votar a favor desa proposta tamén, pero con tódalas reservas con relación a se é para Prodeme ou para outra asociación, paréceme ben que sexa de carácter público e sen ánimo de lucro, niso estamos de acordo.

De tódolos xeitos as asociacións sen ánimo de lucro, e con isto non quero que se me entenda mal, moitas veces entran tamén en competencia cos setores privados, de maneira que os setores privados dalgún xeito ou se ven prexudicados ou alo menos teñen unha certa reticencia a que, dentro dese mesmo mercado que teñen os setores privados, entre un setor sen ánimo de lucro que recibe axudas de todo tipo doutras administracións, de xeito que o seu produto final poda ser un produto que en prezo compita con ese produto que os outros se ven obrigados a producir directamente cos seus propios recursos.

Pola nosa parte imos apoiar esta moción, pero o que non imos apoiar é nada que os servizos xurídicos da Deputación digan que non se pode facer”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Para facerlle unha aclaración ó Sr. Vicepresidente; eu creo que aquí ningún Deputado vai apoiar nada que non sexa legal; paréceme moi ben que apoien a legalidade, pero vaian mirando as cousas que se aprobaron e os acordos que hai, e a ver se cumpren a legalidade e a lexislación vixente”.

Seguidamente intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sr. Martínez, este que lle fala cumpre os acordos e cumpre coa legalidade vixente en todo momento; en ningún momento promovín, nin creo que por parte do Goberno da Deputación se promovera nada que fora ilegal, outra cousa é a apreciación que poda ter vostede dende ese escano que ten neste foro para dicir que algún dos acordos que se tomaron dende aquí foron ilegais”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Teñen vostedes o problema de interpretarme, eu non dixen iso; digo que hai acordos que se a legalidade e este Pleno ten esa potestade de decidir cousas, vostedes deben cumprilas, e estan a incumprilas, non sei se me entende”.

Por parte do Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo maniféstase ó Sr. Martínez Núñez que o entende perfectamente.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Quero comezar precisamente dicindo que, alo menos nós e creo que a maioría dos que estamos aquí, nunca pediríamos que fixeran nada ilegal, eu xa o dixen ó principio, non incluíamos un nome concreto porque non estou seguro; pero o que si garanto é que, cando menos o BNG, nunca criticaremos que non se faga algo por exemplo se neste caso a Sra. Secretaria diga que non se pode facer, calquera cousa que se faga ten que ter o beneplácito dos servizos xurídicos ou técnicos da Deputación. E nós nunca lle pediremos ó Sr. Presidente nin a ninguén que se salte o informe dun técnico, non estaremos de acordo con el pero non lle pedimos que o faga, porque en todo caso creo que aquí os políticos non estamos para iso. A nosa moción é a que é, dentro do que sexa legal faise, e eu creo que é bastante razoable e seguro que hai mecanismos para poder facelo.

E por certo, eu non falei para nada das diferenzas que puidera haber entre o Partido Socialista, entre o Presidente, entre o Alcalde de Monforte, e o xerente ou a asociación Prodeme; eu aquí veño a intentar construír e non a afondar nas diferenzas. En todo caso nese aspecto pediría que o Sr. Presidente recibira ó xerente de Prodeme cando menos para oír directamente o que ten que propoñer, creo que sería algo interesante para solucionar este tema.

Para rematar, ten que ver con Prodeme pero xa se aparta do que é a finca de Tor, comentarlle ó Partido Popular que despois de falar tan ben de Prodeme e do seu traballo, podían intermediar tamén ante a Xunta para ver se conseguían poder abrir a magnífica residencia que está alí construída por Prodeme, entre outras cousas con axudas cuantiosas desta Institución, e que está pechada porque a Xunta non convenía prazas con eles; incluso o propio obxectivo da residencia, polo que nos explicaron, é moi interesante, que sería o de non ter que separar as persoas con capacidades diferentes intelectuais dos seus pais e das súas nais cando estes teñen que ingresar nunha residencia, para que puideran estar todos xuntos. Nese sentido, como xa leva varios anos rematada e pechada, habería que facer un esforzo para que a Xunta colaborara”.

Pide a palabra por alusións o Sr. Deputado D. Juan Carlos Armesto Quiroga, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“Eu agradézolle ó BNG que se preocupe tanto de Prodeme, pero Prodeme para falar co Partido Popular non necesita de interlocutor ó BNG; o Partido Popular xa está ó corrente da problemática que poda ter, a presidenta estivo alí, e non se preocupe que temos unhas magníficas relacións con esta asociación e estamos xestionando sen que o BNG se preocupe diso, Prodeme ten medios propios”.

Rematado o debate e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada xunto coa emenda de engádegas presentada polo Grupo Provincial Popular e aceptada polo Grupo Provincial do BNG propoñente da moción; quedando redactada a parte dispositiva da moción do seguinte xeito:

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno desta institución a promover de forma urxente o aproveitamento das fincas anexas ao Pazo de Tor, propiedade desta Deputación de Lugo, poñéndolas en produción e evitando xa este mesmo ano os custes de mantemento que teñen neste momento.

2º.- Que mentres non se elabora un plan efectivo de aproveitamento definitivo destas parcelas, estas se cedan a algunha asociación sen ánimo de lucro para evitar cando menos estes custes de mantemento.

3º.- Que o aproveitamento definitivo destas fincas se faga directamente pola Deputación ou, no seu defecto, que se ceda a algunha entidade de interese social e sen ánimo de lucro nas condicións legalmente establecidas”.

4º.- Instar á Deputación Provincial de Lugo a que atenda á petición trasladada pola Asociación para a protección das persoas con discapacidade intelectual, Prodeme, relativa ao aproveitamento dos recursos dos que dispoñe a finca do Pazo de Tor por parte de Prodeme, a cambio da limpeza e acondicionamento dos terreos”.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DO ESTADO A RECOÑECER O VALOR ESTRATÉXICO DA CAZA E A ELABORAR DE MANEIRA URXENTE UNHA ESTRATEXIA NACIONAL DE XESTIÓN CINEXÉTICA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Elena Candía López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para instar ao Goberno do Estado a recoñecer o valor estratéxico da caza e a elaborar de maneira urxente unha estratexia nacional de xestión cinexética, que se basea nesta

Exposición de Motivos

En España existen aproximadamente uns 332.000 cazadores federados e se expiden unhas 800.000 licenzas anuais (datos da Fundación para o Estudo e a Defensa da Natureza e a Caza así como da Real Federación Española de Caza).

Estes cazadores, e todos aquelas persoas que realizan actividades relacionadas coa caza, desenvolven unha actividade lexítima que representa o 0,3% do PIB español a través dun gasto de 6.475 millóns de euros, ten un retorno fiscal de 614 millóns de euros e xera preto de 187 empregos (datos do Informe “Avaliación do Impacto Económico e Social da Caza en España 2016” elaborado por Deloitte e a Fundación Artemisan).

A caza, ademais de xerar emprego e riqueza, supón un atractivo turístico singular para o mundo rural con demanda internacional e, ao desenvolverse maioritariamente en zonas de interior do noso país, contribúe a diminuír o preocupante fenómeno do despoboamento.

Por outra banda, os cazadores e todos aqueles que desenvolvan o seu traballo en sectores relacionados coa actividade cinexética manteñen un alto grao de compromiso coa conservación da biodiversidade xa que sen a caza non se entendería a protección e conservación de especies tanto animais como vexetais e a conservación do patrimonio natural, forestal, ou histórico.

Unha afirmación que se ve refrendada con datos como que, cada ano, os propietarios e xestores de terreos cinexéticos invisten conxuntamente 233 millóns de euros en repoboamentos e outros investimentos de conservación medioambiental e que 4 de cada 5 cotos en España organizan actividades destinadas a sensibilizar e concienciar sobre a caza responsable e sostible (datos do Informe “Avaliación do Impacto Económico e Social da Caza en España 2016” elaborado por Deloitte e a Fundación Artemisan).

A actividade cinexética tamén contribúe:

- ao control e prevención de episodios de risco sanitario derivados de enfermidades como mixomatosis, tuberculose ou a temida peste porcina africana, presente xa en varios países europeos e que podería causar danos con incalculables consecuencias sobre a cabana porcina española.
- e ao control de poboacións ante a ausencia de predadores naturais necesarios para manter un equilibrio natural nos diferentes ecosistemas. Este feito queda demostrado en diferentes especies como é na xestión poboacional do xabaril na Rexión do Pirineo.

Destacados representantes da literatura e naturalistas españois foron cazadores e mostraron nos seus escritos e reflexións como a actividade cinexética contribúe a conservar especies e a gran biodiversidade do noso país:

Miguel Delibes, apasionado cazador, afirmou: “Amo a natureza porque son un cazador. Son un cazador porque amo a natureza. Son as dúas cousas. Ademais, non só son un cazador, son proteccionista; miro con simpatía todo o que sexa protexer as especies”. (fragmentos de entrevistas, en República das Letras, núm. 117, xuño 2010, p.10).

Félix Rodríguez de la Fuente, gran naturista e o primeiro e máis gran divulgador ambiental español, deixou escrito: “(...) porque a caza, o que os científicos chaman a predación, constituíu o resorte supremo da vida desde que esta apareceu sobre o noso planeta. Porque o cazador, se mata seguindo as ríxidas e inmutables leis que impuxo a natureza a gran estirpe dos predadores, regula, coa súa acción, e dirixe, ao mesmo tempo, o complexísimo concerto das especies: o equilibrio entre os vivos e os mortos. (...) Non mates, caza. Porque non é o mesmo matar que cazar (...)” (Prólogo á “Enciclopedia da Caza” – Editorial Vergara, 1967).

Por todo elo, e aínda que a regulación da caza corresponde ás Comunidades Autónomas, en 2015 modificouse a Lei de Montes de 2003 a través da Disposición Adicional Cuarta da Lei 21/2015 para que o ministerio responsable elaborase unha Estratexia Nacional de Xestión Cinexética coa participación das Comunidades Autónomas.

O obxectivo que se perseguía ao propoñer esta Estratexia Nacional –cuxos traballos para implementala comezaron na pasada lexislatura- era resolver os problemas que afectan á práctica da actividade cinexética, e da pesca, a través do compromiso claro e expreso de apoio a ditas actividades das diversas Administracións Públicas con competencias sobre as mesmas.

En maio de 2017 a Comisión de Medio Ambiente e Cambio Climático do Senado aprobou unha moción do Partido Popular que reclamaba ao Executivo esa estratexia para que servise “como marco orientativo e de coordinación para a ordenación, a escala nacional, do aproveitamento cinexético”.

A pesar desta realidade económica e social e legal, a Ministra de Transición Ecolóxica do Goberno socialista, afirmou que prohibiría a caza creando unha gran preocupación en todos aqueles sectores que participan na actividade cinexética (cazadores, propietarios e empregados de cotos de caza, empregados de empresas que participan desta actividade...) así como nos cidadáns e dirixentes políticos que viven en aquelas comunidades autónomas españolas nas que a actividade cinexética ten maior presenza e implantación.

Escoitar que unha alta representante pretende prohibir unha actividade de tanto impacto económico e medioambiental así como de gran arraigo social en España supón un retroceso na defensa das liberdades e dereitos recoñecidos aos españois pola nosa Carta Magna.

Posto que a caza non so equilibra aspectos económicos, de desenvolvemento do medio rural e de conservación da natureza senón que forma parte da nosa historia, cultura, tradicións e realidade social, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción para instar ao Goberno do Estado a recoñecer o valor estratéxico da caza e a elaborar de maneira urxente unha estratexia nacional de xestión cinexética e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Recoñecer o valor estratéxico da actividade cinexética e dos que a practican pola súa contribución ao crecemento económico, á creación e mantemento do emprego e como instrumento para evitar e conter o fenómeno do despoboamento no ámbito rural.

2º.- Recoñecer o alto grao de compromiso de todos aqueles que practican a actividade cinexética coa conservación da biodiversidade no seu máis amplo sentido.

3º.- Instar ao Goberno do Estado a que, cumprindo co establecido na Disposición Adicional Cuarta da Lei 21/2015, finalice os traballos e publique de maneira urxente a Estratexia Nacional de Xestión Cinexética como marco orientativo e de coordinación para a ordenación a escala nacional do aproveitamento cinexético, convocando ás Comunidades Autónomas e a todos os sectores afectados, aos efectos de impulsar e defender a práctica da caza pola súa contribución ao interese xeral.

4º.- Instar ao Goberno do Estado á elaboración dun plan de investigación científica e de innovación aplicado á actividade cinexética no seu conxunto, dotado orzamentariamente e que contemple liñas estratéxicas relacionadas coa sustentabilidade económica, social e medioambiental desta actividade.

5º.- Instar ao Goberno do Estado a compensar aos propietarios forestais pola súa contribución á mitigación do cambio climático como consecuencia da fixación permanente de dióxido de carbono nos montes onde se albergan as especies cinxéticas, as especies protexidas e a gandería; poñendo en marcha proxectos que fomenten biodiversidade, a mellora das especies asociadas aos espazos naturais, a conservación dos ecosistemas e o seu desenvolvemento económico e social.

6º.- Dar traslado desta moción á Presidencia do Goberno, á Ministra para a Transición Ecolóxica, ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación e aos Portavoces Parlamentarios dos Grupos Políticos con representación no Congreso e no Senado”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“O Grupo Provincial do Partido Popular presentamos unha moción instando ao Goberno Central ao recoñecemento do valor estratéxico da caza, e para elaborar de maneira urxente unha estratexia nacional de xestión cinxética ante os recentes acontecementos nos que se pon en dúbida e se critica o labor da caza, e máis por parte dunha Ministra do Goberno do Estado, co que se pretende incluso eliminar a caza e prohibir que se poda seguir cazando. Ante este tipo de manifestacións o Partido Popular vese na obriga de presentar esta moción.

Aínda que o que lles fala non é cazador e non pode defender a moción como podería facelo alguén que fora cazador co mesmo ardor, co mesmo interese, ou co mesmo coñecemento, pero tratarei de facelo do mellor xeito posible, de forma empírica e racional poñendo enriba da mesa datos que avalíen a importancia do sector cinxético, concretamente a caza, no noso país.

Estamos falando dun sector cinxético que ten un impacto na economía do Estado de 6.475 millóns de euros anuais, o que representa en canto á economía española un 0,3% do PIB, e que xera no conxunto da economía 187.000 postos de traballo.

O setor cinexético, cos datos de que disponemos neste momento aportados pola Federación Galega de Caza, conta con 800.000 licenzas, das cales na nosa Comunidade son 42.407. Se temos en conta en relación á poboación da nosa Comunidade, e sobre todo no que é o interior, estáse chegando case ó 3% da poboación que temos en Galicia que sería cazadora ou practicaría este tipo de deporte.

Trátase como non, aparte de ser unha actividade deportiva e lúdica, dunha actividade totalmente lexítima e regulada, que contribúe á conservación da biodiversidade, á protección das especies en perigo de extinción, xa que son os cazadores os primeiros preocupados en manter especies que están en perigo de extinción para despois tamén poder efectuar a súa caza; fan labores de limpeza e desbroce dos nosos montes ó longo de todo o ano, co cal contribúen tamén á prevención dos riscos de incendios que se producen nos nosos montes.

Como dixeran, son un motor da economía, xerando emprego de 187.000 postos de traballo directos, e atraen tamén unha actividade económica importante sobre todo naquelas rexións do interior e pobos onde non hai outra económica, e a caza e todo o que leva vencellado fai que sexa tamén un motor da economía para eses pobos do interior. Ó mesmo tempo tamén axudan a fixar poboación, sobre todo nas rexións do interior, e nos pobos que estamos vendo como é máis complicado fixar poboación lóxicamente a caza tamén contribúe en parte a esa fixación.

En canto ó aporte económico, tanto os propietarios como os xestores de terreos cinexéticos aportan á economía 233 millóns de euros destinados ó repoboamento e á conservación medio ambiental, unha cantidade nada desdeñable.

E aínda que a regulación da caza corresponde ás Comunidades Autónomas, houbo unha modificación da Lei de Montes do ano 2003 a través da Disposición Adicional Cuarta da Lei 21/2015, na que se instaba a que o Ministerio competente elaborase unha estratexia nacional de xestión cinexética na que participasen tódalas Comunidades Autónomas, que viñera a regular a caza e a resolver os problemas que ten tanto a caza como a pesca.

Nese sentido, tendo en conta que iso non se levou a cabo, aínda que por parte do Partido Popular se presentase e fose aprobada unha moción no Senado, agora dende aquí pretendemos instar ó Goberno a que iso se leve a cabo. Para elo propoñemos unha serie de acordos como son en primeiro lugar recoñecer o valor estratéxico da actividade cinexética e dos que a practican, pola súa contribución ó crecemento económico, á creación e mantemento do emprego, e como instrumento para evitar e conter o fenómeno do despoboamento no ámbito rural.

En segundo lugar recoñecer o alto grao de compromiso de todos aqueles que practican a actividade cinexética coa conservación da biodiversidade no seu máis amplo sentido. Instar ó Goberno do Estado a que, cumprindo co establecido na Disposición Adicional Cuarta da Lei 21/2015, finalice os traballos e publique de maneira urxente a estratexia nacional de xestión cinexética, como marco orientativo de coordinación para a ordenación a escala nacional do aproveitamento cinexético, convocando ás Comunidades Autónomas e a tódolos sectores afectados aos efectos de impulsar e defender a práctica da caza pola súa contribución ó interese xeral.

Tamén instar ó Goberno do Estado á elaboración dun plan de investigación científica e de innovación aplicado á actividade cinexética no seu conxunto, dotado orzamentariamente e que contemple liñas estratéxicas de axudas relacionadas coa sustentabilidade económica, social e medio ambiental desta actividade.

Instar ó Goberno do Estado a compensar ós propietarios forestais pola súa contribución e mitigación do cambio climático como consecuencia da fixación permanente de dióxido de carbono nos montes onde se albergan as especies cinexéticas, as especies protexidas, e a gandeiría, poñendo en marcha proxectos que fomenten a biodiversidade e a mellora das especies asociadas a espazos naturais, a conservación dos ecosistemas e o seu desenvolvemento económico e social.

E dar traslado desta moción á Presidencia do Goberno, á Ministra de Transición Ecolóxica, ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e ós Portavoces parlamentarios dos Grupos Políticos con representación no Congreso e no Senado”.

A continuación intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Dicir claramente que o Partido Socialista lucense defende e entende a caza coma un xeito de regular o medio ambiente, unha maneira de poñer en valor o medio rural e os nosos recursos dende o punto de vista cinexético.

Dicir tamén, como así apuntaba vostede na súa intervención, que en canto ó número de cazadores que hai en Galicia seguramente aínda sexan máis avultados do que vostede dixo, moven unha cantidade inxente de diñeiro ó longo do ano, moven tamén unha economía que contribúe á sustentabilidade do medio rural; e por outra banda, eses mesmos cazadores do medio rural son ó mesmo tempo gandeiros en xeral, son xente moi vinculada ó medio e que contribúen a que isto que está tan de moda que é a defensa contra incendios tamén sexa posible. Poñamos por exemplo o que pasou nesta nevada do mes de outubro que unha parte dos camiños quedaron atrancados, e grazas a que estabamos en plena tempada de caza os cazadores colleron as motoserras e limparon os camiños nunha parte importante, e iso tamén contribúe a que se hai calquera problema no medio rural se poda acceder a ese punto porque os cazadores xa fixeron un traballo previo.

De tódolos puntos que vostede recolle na moción, no punto número dous que di: “recoñecer o alto grao de compromiso de todos aqueles que practican a actividade cinexética a conservación da biodiversidade no seu máis amplo sentido”, se vostede ten a suficiente sensibilidade a mín gustaríame que este punto número dous se retirara porque eu son cazador e entendo que non todos temos o mesmo grao de sensibilidade e non todos os que teñen unha licenza de caza exercen isto dun xeito responsable.

Ser cazador de verdade implica amar o medio rural, amar a caza, amar os animais, e implica tamén ser conservacionista ó mesmo tempo que cazador, ningún máis interesado en que as especies podan proliferar que os propios cazadores, e ningún máis interesado tamén en regular o número de exemplares de cada especie que os propios cazadores. Sen embargo dentro deste mesmo colectivo hai unha serie de xente que non viviron a caza dende o medio como a vivimos a maior

parte dos cazadores, e entendo que non teñen ese arraigo á terra como temos os que somos, e permítanme que me inclúa dentro dese colectivo, cazadores de verdade.

Entonces, se é posible, gustaríame que prescindiramos deste punto número dous, e que entre todos saquemos de aquí unha aposta pola caza, pola defensa do medio ambiente e do medio rural, e que entre todos poñamos en valor os recursos naturais que ten a nosa provincia.

E por suposto dicir que a Xunta de Galicia ten a competencia sobre a caza, e tampouco entendo moi ben porque temos que ir ata Madrid a debater porque unha Ministra, nunha intervención que non sei se foi a micrófono aberto ou pechado, dixo que por ela prohibiría os touros e a caza, pero díxoo tamén a título persoal e para nada reflectía o pensamento do Partido Socialista. O Partido Socialista estamos en defensa da caza, dunha caza ordenada, que move moitísima xente e moitos recursos, e que está tan arraigada dende sempre no medio rural.

Fala vostede de escritores na súa exposición de motivos, como Miguel Delibes, que tamén contribuíron ó mundo da caza dunha maneira moi importante, e dende logo nós estamos cos cazadores, estamos coa caza, e entendo que o Partido Socialista, ademáis do Partido Socialista da provincia de Lugo, tamén está coa caza”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Esta moción parece que parte dunha premisa que é unhas declaracións da Ministra dicindo que se ía prohibir a caza, non sei se por parte do Partido Socialista na seguinte intervención se pode corroborar ou desmentir isto, porque senón ó mellor estamos aquí debatendo unha moción que non ten ningún sentido.

Eu non son cazador e non sigo moito a caza, pero nós partimos de que a caza é unha actividade lexítima pero o que non imos facer é discutir ou valorar por exemplo o grao de compromiso dos practicantes desta actividade coa conservación da diversidade e do patrimonio

natural, forestal ou histórico, cadaquén terá a súa valoración, subxectiva por suposto, con respecto a iso.

Nós respectamos esa actividade, pero tamén somos conscientes, e creo que debemos selo todos, de que a conservación do patrimonio e da biodiversidade e a prevención de incendios non depende só da caza, depende dos poderes públicos, depende de quen ten esas responsabilidades políticas en medio ambiente, e de quen ten responsabilidades políticas na conservación da natureza e no medio rural.

Esa biodiversidade dependerá das conservacións dos hábitats para que existan eses animais na medida que naturalmente ten que haber, que haxa depredadores naturais, porque o que vemos dende hai moitos anos é que eliminando ese hábitat rompeuse ese ecosistema, e no medio de Lugo aparecen xabarís, iso non é unha cousa de risa, algo aconteceu, e aí hai responsabilidade política de quen xestionou o territorio e eses hábitats durante todos eses anos. Se nos adicamos a un monocultivo de determinadas árbores desaparecen determinados animais, e desaparecen depredadores.

Polo tanto, aínda que dicía o Sr. Ulla que ía ser o máis racional posible e facer a análise o máis empírica posible, creo que a moción en sí é bastante subxectiva. Repito, nós defendemos esa actividade e que estea perfectamente regulada, no meu caso non son afeccionado á caza pero teño moitos amigos e veciños que disfrutan desa actividade que está considerada coma un deporte, pero esgrimir que só a caza é a que vai previr os incendios, que vai manter biodiversidade, non é así, eu creo que tiña que haber bastantes máis argumentos. En canto a que vai frear o despoboamento rural, se circunscribimos frear o despoboamento rural con que haxa uns grupos de cazadores dende o mes de setembro a decembro, creo que está bastante collida con pinzas esta argumentación.

Polo tanto nós nesta moción ímonos abster”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Como dixen antes, o motivo de presentar esta moción non é só polas verbas da Ministra, que se agora o Grupo Socialista apoia esta moción e entende que é a postura oficial do Partido Socialista apoiar a caza, congratulámonos diso; senón que é tamén polas críticas que se verten contra a caza e os cazadores a través de distintos colectivos que vemos nas das redes sociais dende hai moito tempo, demonizando este tipo de actividade que é lexítima e cumpre un labor social e ambiental. Neste caso gustaríame que tivese apoiado o BNG esta moción para defender tamén a caza como fai neste momento.

Creo que hai argumentos suficientes Sr. Veiga, falabamos de todo o que aporta a caza, que non quero dicir con isto que vaia contribuir a que non se produzan incendios forestais ou a que deixe de chegar o xabaríl as cidades, pero nunha parte si que contribúe, se prohibimos a caza as consecuencias van ser moito máis desastrosas e fatais do que está sendo ata agora, a iso me refiro coa presentación desta moción, e con esa motivación tamén, no que repercute.

Estamos ante un territorio como é o galego onde o home conviviu cos animais dende hai moitos séculos, onde hai unha poboación moi ampla distribuída en todo este territorio, a caza contribuíu a manter eses ecosistemas e a manter a biodiversidade, porque difícilmente onde hai especies limitadas nestes ecosistemas, a relación predador-presa contribúe e logra ese equilibrio, se non é pola intervención do home; pois lóxicamente esa intervención é fundamental, e estamolo vendo agora tamén na poboación do xabaríl, que non pasou só aquí senón tamén fóra de Galicia; pasa coa poboación de coello, pasou coa poboación de cabra montesa no mediterráneo; pois lóxicamente teremos que axudar entre todos.

En canto á poboación de xabarís, se os cazadores non contribuíran cazando os xabarís, o problema que temos agora estaría multiplicado por moito, e non só nos afectaría a nós senón que podería afectar incluso ó setor porcino; estamos falando de España, que é o terceiro exportador de carne porcina mundial, que se non controlamos a poboación de xabaríl podemos correr o risco, como xa está pasando en países europeos e concretamente en Francia, de poder estender a peste porcina africana; iso tería unhas consecuencias irreparables, lóxicamente pechar as fronteiras coas consecuencias que iso tería para o sector do porcino. Ó mesmo tempo o xabaríl non deixa de ser un

predador natural para distintas especies anátidas e lagomorfos que, predando os seus niños, comendo os seus ovos, están contribuíndo tamén á eliminación desa biodiversidade.

Por iso esta moción ten importancia, e eu creo que aí deberíamos estar tódalas forzas políticas do mesmo lado apoiando este sector e ós nosos cazadores que están contribuíndo a elo. Esta Institución tamén contribuiu financiando na Fonsagrada con 635.000 euros o centro de despece, pois lóxicamente o que agarda de nós o sector cinexético e os cazadores é un apoio unánime por parte de tódalas forzas políticas; neste caso eu pediríalles a vostedes que reconsiderasen a súa postura e apoien esta moción, porque non están apoiando ó Partido Popular, senón que están apoiando ó sector cinexético, ó sector da caza, con todo aquilo ó que contribúen.

Con respecto ó que dicía o voceiro do Grupo Socialista de eliminar o segundo punto, a verdade é que non acerto a entender cal é a motivación, creo que a redacción é correcta cando se fala de recoñecer o alto grao de compromiso de todos aqueles que practican a actividade cinexética coa conservación da biodiversidade no seu máis amplo sentido; creo que é a realidade; o que pasa é que, como en tódolos colectivos supoño que haberá, porque houbo cazadores furtivos, pero dende que o home é home empezou a cazar, logo deixou de facelo para comer e empezou a cazar como deporte ou para contribuir a todo o que acabamos de citar; creo que ese tipo de xente temos que eliminala de tódolos colectivos e tamén da caza, pero o resto dos cazadores si que contribúen a esta conservación da biodiversidade. Pero se iso vai ser un requisito para que vostedes apoien a moción, non temos inconveniente en suprimilo, pero explicárame vostede cal é o motivo para querer suprimir este punto cando eu creo que non debería ter ningún inconvinte pola súa parte para apoiar esta moción co punto segundo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Estamos ante unha moción en que, e ratificamos o que falamos ó principio, se utilizan lícita e lexítimamente unhas declaracións, creo que non moi afortunadas dunha Ministra do Partido Socialista, para presentar unha moción e crear un problema onde eu creo que non o hai.

Obviamente pasa coma nos touros ou noutras actividades onde hai certos radicalismos que o único que fan é crear problemas onde non os hai.

A realidade da caza está aí, creo que tanto económica como socialmente non hai nada que discutir, aquí déronse datos e actuacións; eu como cazador obviamente vou apoiar esta moción; pero quixera tamén recordar, como dicía o Vicepresidente en canto a poñer en valor o que temos, e dado que tamén falamos do Pazo de Tor, que hai tempo o departamento de Medio Ambiente fixo un estudo sobre a caza e a pesca para poñer en Tor este proxecto coa formación de cazadores e pescadores para que esa actuación fora referencia da provincia e, como moitas outras cousas máis, quedou no olvido; quizá sexa o momento, dado que hai que poñer en valor Tor, de facelo.

Falouse tamén aquí do tema da Fonsagrada, e eu creo que todo elo xera unha serie de beneficios importantes nos municipios afectados, e no caso do Pazo de Tor creo que sería importante, no caso da Fonsagrada xa o é, porque aparte de permitir utilizar e non desperdiciar eses recursos, que moitos cazadores estamos vendo hoxe, aínda que eu non son de caza maior, como son abandonados os xabarís no monte unha vez matados, ou incluso se lle dan ós propios cans, unha utilización desafortunada dos recursos cinexéticos; e creo que esta Deputación nese caso, xa que quere poñer en valor estas cousas, tamén debía facelo. Repito que vou votar a favor da moción porque son cazador, creo que efectivamente se xeran eses beneficios, e creo que a maioría dos cazadores son os primeiros ecoloxistas”.

Seguidamente intervén o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Con relación a ese punto número dous ó mellor eu malinterpretei o que vostede quería dicir; eu entendía que abrir o abano a todos aqueles que practican a actividade cinexética aí cabía todo, que era un saco sen fondo, pero ó mellor eu estaba equivocado na apreciación.

Falabamos antes do que representa a caza e o produto cinexético, vostedes mesmos falaban desa sala de despece que se estableceu en Fonsagrada, e hai que agradecerlle á Deputación esa inversión que fixo naquel momento; dicir que neste momento a actividade cinexética na

Fonsagrada e no seu entorno a inmensa maioría das pezas de caza maior pasan directamente por esa sala de despece, aí reciben un tratamento adecuado de maneira que o produto final teña total garantía sanitaria para que se poda comercializar en calquera dos restaurantes que así o desexen, ou a nivel particular tamén se pode levar para a casa unha peza de xabaril con toda a garantía sanitaria, de forma que non teñamos esa problemática de cara a un posible problema sanitario.

Dicir tamén que parte desa caza que nun determinado momento, dada a cantidade que hai, moitas veces non se aproveitaba da maneira máis idónea agora mesmo está tendo saída, estase aportando a distintas redes comerciais en Galicia e mesmo no norte de Portugal; e neste momento é unha satisfacción ter este que era un proxecto piloto dende a Deputación para poñer en valor un recurso importantísimo que temos no medio rural como é unha carne ecolóxica de primeirísima calidade, como é a carne que se produce no noso terreo, polo que non podemos máis que felicitarnos por esa idea que houbo no seu momento e que agora é unha total realidade.

Imos apoiar a moción que vostedes presentan, e esperemos que as suspicacias con relación a posibles manifestacións que poda facer alguén a título persoal, eu sei que este é un momento delicado precisamente porque estamos a punto de comezar unha campaña electoral, entón os Partidos aproveitamos todo uns en contra doutros; pero sacar un tema importantísimo e tan vinculado ó medio rural como é a caza por culpa dunhas declaracións, das que entendo que está arrepentida plenamente a Ministra, e un tanto oportunista”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Para ratificar a nosa postura que foi a que anuncie na primeira intervención, tendo en conta o que dixo o Sr. Ulla; a caza é unha actividade lexítima e respectable, do mesmo xeito que tamén é respectable os que non están a favor da caza ou non lles gusta.

Un dos argumentos que usa o Partido Popular é o despoboamento do rural, pero se queremos que non se produza o despoboamento do rural poñamos médicos, coma no caso de Castro de Carballo que antes mencionamos; poñamos profesores, coma no caso de Portomarín

onde retiraron outro; poñamos pediatras, en Mondoñedo, Barreiros ou Foz; así é como non se produce o despoboamento do rural, porque coa caza non o van conseguir; polo tanto sexamos un pouco máis serios e empíricos como dixo o Sr. Ulla.

Nós ímonos abster, e que a caza se practique co máximo respecto á natureza, á fauna e á flora do noso país, e que isto non se vaia converter tampouco no futuro nunha reserva de caza como se teñen convertido os eriais de Extremadura ou de Castela, o rural non se ten que despoboar e para iso ten que haber todos eses servizos e un sector agrario moi potente, que é o que non está habendo”.

José Ulla Rocha, en representación do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“Escoitando ó Sr. Veiga, e vendo que ten a receita para eliminar o despoboamento e solucionar tódolos problemas, estráñame que os votantes non lles dean a súa confianza a vostedes, porque non sei porque votan ó Partido Popular maioritariamente e tamén de forma minoritaria ó Partido Socialista cando vostedes teñen a receita para eliminar o despoboamento e para solucionar tódolos problemas da sanidade e da educación, pero despois non lles dan a súa confianza, por algo será. Reflexionen vostedes algún día e tamén lles irá moito mellor.

Dicir que me congratulo do apoio do Grupo Socialista e do Deputado non adscrito a un sector tan importante como é a caza, e eu creo que os cazadores nolo agradecerán. E se presentamos esta moción, como dixen, ven tamén polas palabras da Ministra, e eu creo que se esas verbas as dixera calquera de nós ou outro representante político non terían a importancia que ten que o diga unha Ministra que leva un Ministerio para a Transición Ecolóxica, nun Ministerio con ese título creo que debería ser máis cuidadosa á hora de realizar as súas intervencións, e agardo que só fora unha mala interpretación pero tampouco escoitei ningunha rectificación nese sentido.

Pero dende logo eu creo que é importante que hoxe aquí saia apoiada esta moción, e máis cando falamos de elaborar esa estratexia nacional de xestión cinexética, onde estean tódolos actores implicados na regulación da caza e os problemas que poda ter esta actividade, aí é onde se pode

poñer enriba da mesa e tratar de mellorar todo aquilo que se poda mellorar tanto na caza como no que inflúe a caza na preservación do medio ambiente e na conservación dos ecosistemas”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 23 (correspondentes ó Grupo Provincial Popular, ó Grupo Provincial Socialista, e ó Sr. Deputado non adscrito); abstencións, 2 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR, DE REXEITAMENTO AO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO PARA O ANO 2019.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial Popular, ó abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de rexeitamento ao proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019, que se basea nesta

Exposición de Motivos

Desde o Grupo Provincial Popular, amosamos a nosa decepción e a nosa preocupación polo proxecto de Orzamentos que acaba de presentar o Goberno do Estado para 2019, por varias razóns.

Os Orzamentos presentados polo Goberno de Pedro Sánchez non son sociais, son populistas. As contas do Executivo socialista en Madrid recollen a subida de impostos, máis déficit, máis débeda, menos crecemento e menos emprego. Lembramos que a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal xa advertiu de que os ingresos previstos polos novos impostos son irrealistas, e a Unión Europea alertou de que con estas contas non se vai cumprir o déficit.

O suposto xiro social do Goberno consiste en levar a cabo medidas sociais que xa aprobara o Goberno de Mariano Rajoy no seu Orzamento para o 2018 como a suba das pensións, do salario dos funcionarios, das partidas dedicadas á violencia de xénero, entre outras.

Ademais, estas contas son un instrumento de discriminación: penalizan por motivos políticos a unhas comunidades autónomas –como Galicia- para favorecer a outras, como Cataluña. E é que, mentres Pedro Sánchez lle retira investimentos aos galegos –Galicia sofre un recortazo do 18%-, dállos a Torra –os investimentos en Cataluña medran máis dun 50%-.

Son uns Orzamentos negativos para os galegos, porque inclúen unha forte suba de impostos:

- aumentan o imposto ao diésel, cun grave efecto sobre un millón de condutores en Galicia;
- aumentan o custo das contratacións, cando o necesario é favorecer a contratación de emprego; e
- aumentan o custo das cotizacións dos autónomos.

E, en canto ás infraestruturas, só podemos cualificar os Orzamentos Xerais do Estado como malos para Galicia desde todos os puntos de vista.

- En termos cuantitativos, Galicia perde investimentos por valor de máis de 160 millóns de euros, un 18% menos que o previsto en 2018.
- No eido cualitativo, Galicia perde peso no conxunto dos investimentos estatais. Durante os últimos anos, a comunidade sempre roldou o 10% do gasto territorializado e este ano só o 6,22% do total, mentres, por exemplo, Cataluña sube desde o 13 ao 17%.

En canto á provincia de Lugo, tras coñecer os Presupostos Xerais para o 2019 presentados polo Goberno socialista de Pedro Sánchez, o Estado quedase na terceira posición entre as administracións supramunicipais en investimentos. Dos arredor de 70 millóns que quedarían circunscritos á nosa provincia, o reparto por lucense non chega aos 213 euros. Moi por diante

atopase a Xunta de Galicia con 1.341 millóns de euros, que supón un investimento de 4.022 euros por cada habitante.

Tamén hai que sinalar a perda dun 35% dos investimentos en infraestruturas de comunicación para o ano 2019 con respecto ao contemplado no ano 2018. É dicir, perdermos moito máis aínda que a media do que perde Galicia.

- Na A-54 perdemos 8 millóns de euros para o desenvolvemento da autovía que nos comunica con Santiago.

- Para a A-56 pérdense 10 millóns de euros e para a A-74, a Autovía da Mariña, perdemos case 1,8 millóns de euros.

- O intercambiador de Guntín entre a autovía de Santiago e a de Ourense cae dos 2,5 millóns aos 0 euros.

- En Outeiro de Rei estaban previstas actuacións para facer máis urbana a N-VI, pero verán reducido o seu presuposto dos 350.000 aos 100.000 euros.

- E, en materia de comunicación ferroviaria:

- a renovación e variantes da liña Monforte-Lugo que nos orzamentos do PP ten un custo total de 889 millóns de euros, no presuposto socialista redúcese a 310 millóns;

- e para a partida de electrificación da liña Monforte-Lugo o custo das obras pasa de 113 millóns a 83 millóns, un 27% menos.

En resumo, mostramos a nosa preocupación e a nosa decepción por unhas contas que, en definitiva, discriminan a Galicia e á provincia de Lugo por cuestións meramente políticas.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial Popular eleva ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo a presente Moción de rexeitamento ao proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2019 e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

Solicitamos ao pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Mostrar o rexeitamento ao proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2019 presentados polo Goberno de España.

2º.- Dar traslado desta moción á Presidencia do Goberno, á Ministra de Facenda e aos Portavoces Parlamentarios dos Grupos Políticos con representación no Congreso e no Senado”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Con esta moción o que pretende o Grupo Provincial do Partido Popular é dar tamén voz nesta provincia a un feito que creo que é un clamor a tódolos niveis, que é un Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado presentado polo Partido Socialista en Madrid francamente malo e absolutamente rexeitable para Galicia, e de xeito especial tamén para esta provincia.

Creo que se len vostedes a propia moción do Grupo Popular, é unha moción que intenta que podamos chegar a un acordo unánime para levala a cabo; é simplemente manifestar o rexeitamento a este proxecto e dar traslado deste rexeitamento tanto ó Presidente como a Ministra de Facenda, e ós Grupos Parlamentarios.

Por outra banda este rexeitamento creo que non está fóra de lugar por parte do Partido Popular, porque é un clamor que creo que están dando a entender tódolos Partidos Políticos con representación nesta provincia e en Galicia. Simplemente por recordar verbas recentes de En Marea, que falaban de que estes Presupostos son moi malos para Galicia, e facer unha fronte común cara ós mesmos; estamos a falar dun Partido que é o socio do Goberno do Sr. Pedro Sánchez en Madrid, non estamos a falar duns perigosos ultra dereitistas.

Ó BNG tamén lle oímos e lemos as declaracións da súa voceira, falando duns Presupostos absolutamente impresentables para Galicia, dunha labazada na cara dos galegos e dos lucenses, e mesmo dunha tomadura de pelo ós mesmos. E mesmo incluso, sen chegar a esas verbas, no Partido Socialista tamén se oiu a necesidade de presentar emendas e melloralos, e de conseguir máis

partidas económicas nos investimentos; e xa deixando aparte outra serie de valoracións feitas por asociacións, sindicatos, e as propias consideracións de empresarios desta provincia.

Polo tanto creo que é absolutamente indiscutible que estamos ante unha sensación xeneralizada e absolutamente obxectivable de que son uns Presupostos moi malos para esta provincia, e cremos que sería moi bo, e precisamente por iso rebaixamos o ton, un pronunciamento unánime da provincia fronte a eles.

Nada fai pensar mínimamente que estes Presupostos están na liña duns Orzamentos que sexan bos para esta provincia; esta rebaixa real e absolutamente contificable nos investimentos, non só ese 20% que se vai de Galicia para aterrizar nos apoios territoriais do Presidente Sánchez, particularmente en Cataluña onde a suba dos investimentos é absolutamente escandalosa; e nada fai ver tampouco que as partidas orzamentarias que tiña esta provincia en marcha e que tiñan sido defendidas con ahínco polo anterior Goberno se reduzan de forma alarmante.

Simplemente para falar dunhas partidas, sen ánimo de profundizar máis nelas, a partida para o ano 2019 da A-54, autovía a Santiago, sofre unha merma de oito millóns de euros; a partida para a A-56, de Lugo a Ourense, sofre unha merma de dez millóns de euros; a partida para a A-74 na Mariña sofre unha merma de 1,8 millóns de euros; por exemplo as partidas para o intercambiador de Guntín desaparecen literalmente; ou mesmo na N-VI en Outeiro de Rei tamén quedan en menos da metade do presupostado. No tren, igual que nas estradas, máis do mesmo; licítase por debaixo e redúcense partidas importantes para as melloras na liña ferroviaria dende Monforte a Lugo, e na electrificación tamén se sofre unha baixa absolutamente espectacular.

Polo tanto, parece lóxico que vendo estes datos e esa unanimidade que existe en tódalas forzas políticas deste rexeitamento, nos cremos que sería interesante e importante que esta Deputación Provincial de Lugo de xeito unánime se posicionara en estado de provincia en contra dese proxecto de Orzamentos. Polo tanto pedimos nesta primeira intervención, e despois profundizaremos dependendo das respostas que os Grupos dean, a posibilidade dun acordo unánime de rexeitamento a dito proxecto”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Se pretendesen unanimidade sobre este punto probablemente non escribisen o que escribiron na moción, probablemente se se lles plantexa unha emenda á totalidade que diga simplemente que se incremente a partida de investimentos para os principais proxectos da provincia para o vindeiro ano 2019 non a aceptasen, porque non veñen buscando o consenso, veñen buscando manterse na mentira á que someteron ós lucenses durante moitos anos.

Este recorte de prensa de onte que lles mostro é un exemplo: “el noroeste se une contra su histórico aislamiento en tren”, Feijóo capitalizando un encontro de tres Presidentes de Autonomía pedindo tres mil cen millóns de euros para o Corredor Atlántico; pero en anos, con plena sintonía co Presidente do Goberno Rajoy, non se lle oía a Feijóo falar do Corredor Atlántico nin da esixencia dos tres mil cen millóns de euros.

E para saber o marco do que parten estes Orzamentos non estaba de máis tampouco saber en que situación estaban os grandes proxectos desta provincia, que vostedes anunciaron, dotados con orzamentos que despois ou non había, ou non se executaban, ou non se impulsaban.

Tamén era ben dicirlle ós cidadáns, para que o saiban, só a título informativo e podan ter unha contextualización máis precisa da situación económica, que este Goberno de Pedro Sánchez conseguiu que Europa flexibilizase o obxectivo de déficit pasando do 2,2 ó 2,7, e ese 0,5 permitiría pola vía da financiación incorporar seis mil millóns de euros ó Orzamento do Estado; seis mil millóns de euros dos que estou convencido que algo lle ía tocar a Galicia e a Lugo, pois se é certo que hai un contexto xeral de baixada orzamentaria, entre outras cuestións, pola falta destes seis mil millóns de euros, e que en Galicia significa un 20%, na provincia de Lugo entre tódolos investimentos reais estamos falando dun incremento entorno ao 18%.

Cando falamos de inversións reais, porque na súa moción, que vostede non fixo alusión, hai outra gran mentira que é a comparativa na distribución per cápita, cando calculan o que inviste a Xunta de Galicia teñen en conta todo o gasto que fai na provincia para que saian catro mil euros;

cando fan o cálculo do Estado utilizan só as inversións reais, setenta e un millóns de euros. Pero se vostede fai un cálculo sinxelo que é o custe das pensións na provincia de Lugo durante un ano entre o número de habitantes total da provincia de Lugo, xa supera eses catro mil euros que di a Xunta que fai coa súa totalidade, iso é outra mentira; pero sigan vostedes coa súa matraca.

Pero estes Orzamentos teñen dúas patas, como tódolos Orzamentos, e tapan dous baches importantes desta provincia, os das familias e os das infraestruturas; hai un incremento das pensións, como vostede sabe, do 1,6 e do 3%, que significa unha media de 180 euros ó ano e de 95 para as mínimas, para as pensións de Lugo onde hai 117.000 pensionistas, unha terceira parte da poboación.

Pero é que ademáis é moi necesaria esta suba, e se é posible máis aínda, para reverter a descapitalización e a perda de poder adquisitivo que vostedes lle infrinxiron ás pensións cando non permitiron que subisen conforme ó IPC, e iso é o que fixeron o ano pasado, “o PP e Ciudadanos impiden que as pensións suban o 1,2% no 2017”. Unha pensión media de Lugo que no 2011 era de 696 euros, hoxe está en 724 ó mes, se subise de acordo ó IPC que era o que nós lle plantexabamos, estarían en 739,63; isto significa que por non actualizar as pensións de acordo ó IPC na provincia de Lugo perdemos 24 millóns de euros dende o ano 2011 que gobernou o Partido Popular en Madrid.

Pero estes Orzamentos tamén eliminan o copago progresivamente, o que pode significar por encima dos cinco millóns e medio de euros de aforro ós nosos pensionistas que están soportando ese copago; catorce mil lucenses que se mellorarían do salario mínimo interprofesional, e outras cuestións tamén moi importantes que recollen estes Orzamentos.

Pero vostedes queren centrarse exclusivamente nos baches das infraestruturas; para a intermodalidade está garantida porque hai 25 millóns de euros no Orzamento para estacións na provincia de Lugo nos próximos anos; supoño que a ningún se lle escapará que non son para pequenas estacións polos pobos, son para unha grande inversión. Ademáis saben vostedes que agora si se está rematando a actualización do Protocolo para facer a intermodal, despois de que o Partido Popular no 2012 rescindise o contrato de redacción do proxecto da intermodal de Lugo.

En canto ás liñas de Monforte e Viveiro, por un lado nas variantes sabe vostede que non había proxectos, estanse impulsando e próximamente verán como se someten a información pública. Polo tanto a unha idea que non conta co proxecto para poder executala pódennlle poñer vostedes dous mil millóns de euros porque administrativamente non hai maneira de adxudicalo. E o que atopamos os socialistas cando chegaron ó goberno os compañeiros Pedro Sánchez e demáis, foi que con respecto a isto había anuncios pero non había proxectos. Polo tanto estanse impulsando e en breve serán sometidos a información pública.

En canto á autovía a Santiago, axilizamos os prazos, o primeiro tramo foi aberto no ano 99, e agora mesmo o tramo Palas de Rei-Melide, o gran anuncio do Partido Popular, e que foron iniciadas as obras en xuño do 2017 está executado nun 14% respecto á previsión orzamentaria que vostedes facían; co cal atopámonos co 86% do que prometeran sen facer, e o que temos que facer é impulsalo que é o que estamos facendo.

Ó intercambiador de Guntín podémoslle poñer tamén douscentos millóns de euros de presuposto, pero non hai proxecto, non deixaron un proxecto feito nin deixaron avanzado nada para elo. Polo tanto dótase cos recursos económicos suficientes e realistas para redactar o proxecto dese intercambiador entre a autovía a Santiago, a autovía a Ourense por Chantada, e as nacionais 547 e 540.

A A-56, autovía a Ourense, cando chegamos houbo que impulsar a finalización do primeiro tramo que será inminente, pois atopouse tamén executada en menos do 50%, e impulsouse a licitación da variante Ourense e do seguinte tramo que ven cara a Lugo e que son tamén tramos necesarios.

A autovía da Mariña, cantos millóns lle quere poñer a un proxecto que deixaron sen facer?, que temos que chegar os socialistas e sometelo a información pública para que se poida executar a obra, porque sen contrato non se pode executar. Agora mesmo, dende que gobernan os socialistas, está en información pública o proxecto de trazado do primeiro tramo, e está pendente de firma o

que logo será o contrato de servizos da asistencia técnica para o inicio da redacción do proxecto o segundo tramo desta autovía da Mariña.

O mesmo coa A-76 de Monforte, atópase en redacción tras ser asinado, porque o rescatou do caixón o Partido Socialista, o proxecto de trazado do tramo da variante de Monforte. Ou tamén a conexión da Ponte Branca de Lugo co viario urbano da cidade, coa glorieta con Alfonso X ou con ese vial paralelo á N-VI. Así como outras obras de moita importancia, despois de todo o feito, que espero ter ocasión de reproducir no seguinte turno”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Nós imos votar a favor desta proposta, pero non porque a presente o Partido Popular; simplemente vou dobrar a folla da moción para non ver as siglas do Partido Popular, e ler primeiro punto de acordo que pon “mostrar o rexeitamento ao proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2019 presentados polo Goberno de España”; voulle amosar agora a PNL que presentou o BNG no Parlamento, que no primeiro punto di: “manifestar o seu rotundo desacordo co proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para 2019, por constituir unha discriminación a Galicia, e un trato inxusto para as galegas e os galegos dando continuidade ó agravio do anterior Executivo presidido por Mariano Rajoy”; e non lle vou facer unha emenda porque isto non o ía aceptar.

Comentaba agora co meu compañeiro que se facemos una enquisa pola rúa e preguntamos cantos Deputados hai da provincia de Lugo en Madrid, seguro que a maioría da poboación non o saberá, e se lle preguntamos os nomes tampouco, e se lle preguntamos de que Partidos ó mellor algún acertan; pero é bastante triste que non se saiba quen son os Deputados do Partido Popular, do Partido Socialista, e de En Marea, desta provincia, poderémolo saber ó mellor os que estamos aquí, e non sei se todos, pero fóra de aquí Galicia non ten peso e Lugo moito menos, non o tiña con Mariano Rajoy e non o ten con Pedro Sánchez; nos últimos dezasete anos os peores Orzamentos para Galicia, e seguimos baixando en picado.

Podemos falar de infraestruturas, eu falaríalle de infraestruturas que non contemplan estes Orzamentos ni os do ano pasado no que ten que ver con esta provincia; coincido con esas infraestruturas que vostedes puxeron aí, pero a maiores eu tamén falaría de FEVE en Ribadeo; do que hai consignado para a A-74; da situación da 540, da 642, da 634; do mantemento da A-6 e da A-8, o mantemento das autovías é penoso, e imos ós Orzamentos e vemos en Fomento as partidas destinadas a mantemento e é penoso; sabemos que na N-VI, a A-6 e a A-8 hai que ir con moito coidado porque hai zonas que si se bachearon, como ocorreu hai pouco na A-6 que o Bloque Nacionalista Galego trouxera aquí esa proposta, pero volve estar igual porque cada vez hai menos cartos para mantemento.

Por non falar da iluminación desas vías, non hai ningún acceso á autovía dende as poboacións que estea iluminado, porque o Ministerio non quere pagar esas iluminacións, faillan pagar ós concellos que obviamente non o fan. Por non falar de máis cousas importantes para esta provincia, como a liberalización do dique norte de Alcoa que tantas veces o trouxemos aquí e foi aprobado por unanimidade, e tantas veces PSOE e PP pasaron olímpicamente desa proposta, pois é triste coa situación que estamos vivindo agora en Alcoa e co que poida pasar no futuro, e non ter un pulo industrial aí, que o propuxemos hai vinte anos

E despois uns e outros falamos de pensións, pois derroguen as reformas laborais que aprobaron o PSOE e o PP, e as reformas das pensións, que era un acordo que ía haber, e isto vai dirixido neste caso ó PSOE, pero miran para outro lado.

E despois falamos de que a industria neste país vai a menos, pois claro, as empresas pagan a luz a prezos abusivos, iso non ocorre en Euskadi porque teñen unha tarifa eléctrica e pagan o 30% máis barata a electricidade; defendan unha tarifa eléctrica galega do que trouxemos aquí unha proposta hai pouco e pasaron olímpicamente dicindo que iso era unha falacia, pois para as empresas vascas non o é; despois a Sra. Candia en cada elección anuncia que vai vir unha gran empresa a Mondoñedo, e de ano en ano Mondoñedo e a comarca segue a baixar de poboación; é penoso que lles preocupe máis a caza cós Orzamentos”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir que reserva a súa intervención para o segundo turno.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“En primeiro lugar agradecer o voto a favor do BNG, lóxicamente vostede non vota a favor porque o presente o PP, porque supoño que vostede non terá ningunha intención de ser do PP e nós tampouco de que o sexa, polo que xa partíamos de que non era por iso. Pero supoñemos que compartirá o mesmo que di a Sra. Pontón, a súa líder, que di que estes Presupostos castigan a Galicia e son impresentable, son unha labazada para os galegos, e mesmo que hai que facer unha fronte común cara a eles; pois tamén nos vale esa explicación. De todas formas tanto vostede como a Sra. Pontón din dúas cousas que supoño que tamén compartirán, que son os peores Presupostos para Galicia e para Lugo dos últimos dezasete anos, o que significa, aínda que non o queiran dicir así, que os sete Presupostos do Presidente Rajoy eran mellores para Galicia e para Lugo do que son estes; polo tanto tamén estamos de acordo niso.

Con respecto ó manifestado polo Sr. Santos, unha decepción; o outro día liámolo con gran agarimo e ledicia dicindo que os Presupostos para a provincia de Lugo necesitaban emendas para mellorar, e que necesitaba conseguir máis partidas de investimentos; hoxe desgrazadamente, débéronlle tirar das orellas, e le un papeliño no que non só todo está ben senón que sobran Presupostos e diñeiro para tódalas necesidades da provincia de Lugo; veuse abaixo dunha forma espectacular.

En todo caso o único que é certo é que vostede falaba de que estes Presupostos servían para tapar baches das infraestruturas e das familias, nas infraestruturas tantos baches tapan que baixan un 35%, esa é a forma que teñen vostedes de tapar baches, entendendo así como teñen as carreteras da Deputación Provincial xa sabemos cal é a súa filosofía de tapar baches.

Por outra banda fala de tapar baches das familias; mire, falou dos pensionistas ou dos funcionarios, e as únicas subidas que houbo ós pensionistas e ós funcionarios foron as que deixou

pechadas e comprometidas o Presidente Rajoy, ningunha que fixera o Sr. Pedro Sánchez, que nada aportou de novo. Polo tanto si que lles vou dicir os baches que vostedes tapan ás familias, subíndolle o gasóleo a tódalas familias, ou subindo as cotizacións dos autónomos, tanto os conductores dos coches de diésel coma os autónomos entrarán nesa peculiar categoría que vostedes falan sempre de subirlle ós ricos; eses son os baches que vostedes tapan.

E ademáis tamén é certo que ó mellor fai ben cambiar de estratexia, porque cando dicía que ía intentar buscar melloras e conseguir máis partidas nos Presupostos, a verdade é que a confinanza en que vostedes conseguiran iso non é moita; é máis, poñémonos case que a tremar coas emendas de melloras que se fan nos Presupostos con respecto a este primeiro proxecto, porque cremos que no Sr. Sánchez teñen máis influencia outros negociadores para as melloras, como o Sr. Torra, o Sr. Puigdemont, o Sr. Arnaldo Otegi, ou toda esa xente que sabe como hai que sacarlle o diñeiro ó Goberno Central para manter onde está ó Presidente que ninguén votou.

Polo tanto lamentámolo moitísimo, porque intentabamos que fora de baixa conflictividade dialéctica a moción, pero vostede xa baixou dese carro no que parecía que ía defender á provincia de Lugo hai catro días, xa non lembra nada, xa lle pasaron o papel, e agora sobran xa cartos para todo e Lugo e Galicia van ben. A única dúbida que debe ter é que só ve vostede iso, porque nin sequera no Partido Socialista existe esa euforia cos Presupostos para esta provincia.

E dicía o Sr. Veiga que ós Deputados do Partido Popular e a outros non se lles coñecía moito, pois ós do BNG si que non se lles coñece pero non porque non sexan coñecidos nin guapos senón porque ninguén os vota e non teñen representación, ese é o problema que teñen os representantes do BNG en Madrid.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Alvaro Santos Ramos, Voceiro do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Eu sei o que digo, e respondo polo que digo, o que vostede diga que eu dixen non ten porque ser exactamente o que dixen. Eu dixen que os Orzamentos, como calquera orzamento, eran mellorables e que traballariamos na mellora no posible destes Orzamentos, e o das emendas e

outras cuestións diríano outros ou inventarano vostedes porque lles interesa. Eu dígolle que se se executa ó 100% todo o que está orzamentado farase dez veces máis na provincia de Lugo do que fixeron vostedes dende o ano 2011.

E eu non sei o que pensa a xente, pero a xente ve que cando pasa pola N-642, foi mellorada; e había previstos tres millóns de euros para toda a provincia en conservación en obras de emerxencia do Partido Popular, pero multiplicouse ata os 23 millóns o investimento en emerxencia polo Goberno socialista; e agora, cara á Mariña e pola Mariña, viáxase por unhas carreteras mellorables pero en moitísimo mellor estado que cando gobernaban vostedes.

O mesmo coa ponte branca, inaugurada e aberta no 2011, e sempre puxeron de escusa cuestións técnicas, esa é a súa muleta permanente, que as cuestións técnicas, de ordenamento e de competencia, lles impedían facer a revisión da ponte branca, e está revisada, hoxe os lucenses pasan con garantías sobre unha ponte que vostedes tiveron sen revisar durante sete anos. Vinte e catro millóns de euros en conservación; na N-120, chegou a ser o tramo e punto negro máis perigoso de España, actuamos sobre el dende que gobernamos os socialistas en Madrid; oito con nove millóns de euros en conservación integral, oito e medio en obras de emerxencia, e tres con sete en obras e servizos de conservación, N-540 e 547, pola comarca de Chantada e da Ulloa; N-642 e 634 á A-6, e tamén a N-VI, e seguiremos. Devolvemos a iluminación á Ponte dos Santos, que vostedes curtaron.

Votar que non a estes Orzamentos, que poden ser mellorables, significa votar que non á suba das pensións dos nosos pensionistas, iso sábeo vostede, non sei que opinarán os 4300 pensionistas de Sarria de perder 687.000 euros por non ter uns Orzamentos que permitan a suba das pensións, ou os de Mondoñedo que lles significa 245.000, os do Saviñao que lles significa 240.000, os de Lugo que son case cinco millóns de euros, ou Xove con 240.000, Outeiro de Rei con outros 220.000, Castro de Rei con 270.000, As Nogais con 84.000, Trabada con 73.000, Begonte con 175.000, Guntín con 161.000, ou Taboada con 168.000. Votar en contra dos Orzamentos é votar en contra dese diñeiro para os pensionistas deses concellos e de moitos máis; é votar en contra deses 17 millóns de euros máis en pensións, de 5,6 millóns de euros que aforrarán os nosos pensionistas en copago.

Votar en contra deses Orzamentos é votar en contra da suba do salario mínimo interprofesional que lle vai afectar a 14.000 lucenses, ou do salario de 29.600 empregados públicos; tamén das prestacións por subsidio de máis de 8.500 lucenses con máis de 52 anos en paro que deixaron tirados as políticas de desemprego do Partido Popular; ou as prestacións e coberturas, que é verdade que lles custa 5 ou 6 euros máis ó mes, pero que se amplían coas baixas ou con outra serie de coberturas sociais de máis de 24.500 autónomos; ou dos recursos, un 60% máis para 14.000 dependentes en Lugo, sen ter en conta as becas, axudas, e material escolar ou a comedor.

Pero tamén é votar en contra do impulso decidido da chegada da alta velocidade a Lugo, da finalización da autovía a Santiago, do intercambiador de Guntín, da autovía a Ourense, da autovía da Mariña, da Ourense-Ponferrada por Monforte, ou da conexión coa ponte branca de Lugo co viario urbano.

Pódense poñer cifras astronómicas, e despois facer como o Partido Popular, non executalas, e iso é mentirlle ós lucenses, e para iso non contén coa nosa complicidade, bástanse vostedes sós”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, en representación do Grupo Provincial do BNG para dicir o seguinte:

“Simplesmente para que non se siga con esta vergoña que é ese tira e afrouxa entre representantes do Estado, o problema non é PSOE ou PP senón que é a relación do Estado con Galicia ou de Galicia co Estado, e o problema tamén é de quen goberna na Xunta de Galicia, independentemente de que o BNG teña ou non teña Deputados porque sempre que os tivo e foron decisivos a Galicia non lle foi mal; sempre que o Partido Popular neste caso, que é quen presenta a moción, foi decisivo non lle foi tan ben a Galicia como di o Sr. García.

Dixera noutro Pleno que no local do BNG íamos colgando nun corcho as mocións que presentaban PP e PSOE independentemente de quen estivera no Goberno do Estado, eu traio unha do 21 de febreiro de 2011 do Sr. Barreiro, que era instando ó Ministerio de Fomento a impulsar a autovía entre San Cibrao e Barreiros, e aínda se segue impulsando, fíxose a exposición pública dun

primeiro tramo que remata o cinco de febreiro, son dez quilómetros con 240 millóns, e isto era no 2011 onde se dicía que “Agustín Hernández se compromete a finalizar el corredor antes del 2017”, a parte que lle correspondía á Xunta, e dicíao no ano 2009 e estamos no 2019, pasaron dez anos e hai sete quilómetros. E, con tódolos respectos para o Partido Socialista e ó Partido Popular, é de vergoña estar debatendo isto, creo que a xente que nos está oíndo pregúntanse de que falamos, se uns e outros están facendo o mesmo dende hai anos; o problema é posicionarse, o Sr. Feijóo ten que posicionarse, igual que se posicionan outros Presidentes de Comunidades Autónomas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“Vou ser breve porque a verdade, segundo oía ó voceiro do Grupo social arribista íame acongojando, porque parece que aquí medio país e esta provincia fúndense se non se aproban os Presupostos Xerais do Estado, grazas que en Becerreá os pensionistas cobran igual aínda que non se aproben os Orzamentos, co cal marchó máis tranquilo.

Todos sabemos porque se presentan os Presupostos, un señor que trata de sobrevivir presentando os Orzamentos, comprando e gastando nunhas autonomías concretas para conseguir os seus votos. Tampouco sei porque ó Partido Popular lle preocupan tanto os Presupostos porque ó fin e ó cabo o propio Banco de España dixo que iso non o cría ninguén, é fume e incrementar por incrementar, porque todos sabemos o que son os Presupostos, ademáis acabamos de discutilos nesta Deputación hai pouco, e aquí boto un pouco de menos perfil institucional para non deixarlles aprobar os Presupostos tamén ó Partido Socialista en Madrid que son necesarios, eles queren gastar e queren estar un ano máis; e total para o que para o Presidente neste país, qué máis lle dá aprobarllos que non?.

Pero para Lugo, non sei agora se cambiaron as normas, pero todo iso que relatou o Voceiro do Partido social arribista non é verdade, o Goberno ten medios e recursos para pagar as pensións e ten sen aprobar os Presupostos, iso fíxose toda a vida e seguirase facendo, e eu creo que a política do medo que lle achacamos ó Partido Popular parece ser que agora copiarona vostedes. Tamén é

verdade que quen goberna non é o Partido Socialista senón que é un partido Sanchista; entón cando se lle poñen nomes e apelidos ós gobernos, malo.

Por tanto eu nin vou entrar nin vou poñer Presupostos, voume abster, e ata coincido co Voceiro do BNG, que últimamente coincidimos algo máis ca antes, de que isto empeza a ser patético”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Nós tamén imos coincidir con algo que dixo o Voceiro do BNG, que é que o importante fronte ós Presupostos do Goberno de España é posicionarse, e iso é o que está facendo todo o mundo en Galicia, posicionarse en contra deses Presupostos, e non por unha cuestión simplemente política senón por unha cuestión de dignidade.

O único certo, pese a todas esas grandes bonanzas que dixo o representante do Grupo Socialista, é que estes Presupostos supoñen para cada lucense per cápita 213 euros; supoñen unha redución para esta provincia en investimento dun 35% fronte a un 66% que sobe o investimento en Cataluña, o que nos pón á cola de España.

Estes Presupostos supoñen a suba dos impostos par tódolos lucenses, para tódolos que teñen un vehículo a gasoil ou para tódolos autónomos, que tamén nos pón nunha situación absolutamente de vulnerabilidade que veremos en que remata; porque estes Presupostos do Sr. Sánchez son copiados da mesma filosofía daqueles Presupostos do Presidente Zapatero que o único que levaron foi ao paro e á regresión, que é na mesma liña na que estamos; e simplemente a nivel territorial están deseñados para manterse no Goberno, para seguir cos cartos de todos convencendo ós independentistas cataláns e para seguir adiante.

O triste de posicionarse cos socialistas de Lugo é que digan que estes Presupostos supoñen dez veces máis do que había noutros Presupostos, que supoñen dez veces máis do que precisamos ou incluso, quero entender, dez veces máis do que merecemos; lóxicamente se os socialistas de

Lugo din iso non me estraña que o Sr. Pedro Sánchez estea moi contento co Partido Socialista de Galicia e de Lugo, e se preocupe máis das reivindicacións doutras partes que da dos socialistas galegos que para iso están, para ler esas cartillas que lles mandan e para cambiar de posición ó que dixeron públicamente hai catro días”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 14 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 1 (correspondente ó Sr. Deputado non adscrito). Polo que o Presidente declara aprobada por unanimidade a moción presentada e anteriormente transcrita.

10.- MOCIÓN DO SR. DEPUTADO NON ADSCRITO, RELATIVA Á ASUNCIÓN DO 5% DOS CUSTOS DOS GES CORRESPONDENTES ÓS CONCELLOS SEDE DOS MESMOS.

Logo de ver a moción do Sr. Deputado non adscrito, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Don Manuel Martínez Núñez, Diputado Provincial, ao abeiro do disposto na lexislación vixente e no artigo 130 e seguintes do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, propón ao Pleno a adopción da seguinte Moción:

Parte Expositiva

O Decreto 19/2009, de 5 de febreiro, polo que se constituíu o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento na súa exposición de motivos dispón o seguinte:

“A entrada en vigor da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, supón o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior

homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

A citada lei recolle no seu artigo 26 d) a competencia das deputacións provinciais para garantir o servizo de extinción de incendios e salvamento naqueles concellos que non teñan servizos propios.

A necesidade de dar unha resposta eficaz deste servizo fai necesaria unha organización axeitada del en todo o territorio galego. Así, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo consideran que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais é a través dun único consorcio que centralice e coordine as actuacións dos distintos parques que formarán parte del, permitindo un aforro nos recursos que se utilicen na prestación dos servizos que se van executar. Polo tanto, considerouse a fórmula do consorcio como a organización idónea para facilitar a posta en marcha dos distintos parques comarcais contra incendios e de salvamento da provincia de Lugo, onde se integrarán os distintos parques que se constitúan e equipen ao abeiro dos estatutos que rexerán este consorcio.

Esta consideración vén recollida na disposición adicional terceira da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, que impón á Xunta de Galicia a obriga de impulsar a creación dos consorcios provinciais para a prestación do servizo contra incendios e salvamento xunto coas deputacións provinciais, como o xeito máis apropiado para que se acaden os obxectivos previstos. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do trinta de abril de dous mil oito, acordou participar no Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, segundo o disposto no punto 3º do artigo 196 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

A elaboración e aprobación dos estatutos do consorcio fíxose segundo as normas de procedemento establecidas nos artigos 137 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.”

Non obstante se ten producido un importante cambio de criterio en relación aos Grupos de Emerxencias Supramunicipais con importantísimas consecuencias en materia financiamento pois do total do orzamento para gastos ordinarios de funcionamento dos parques, o 50% é aportado pola Xunta de Galicia e o 50% restante pola Deputación Provincial de Lugo.

Do artigo 27 da lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, resulta que o Concello de Becerreá é un concello de menos de 20.000 habitantes xa que logo sen a obriga de crear un servizo municipal de protección civil nin xestionar emerxencias. Como sede dun Grupo de Emerxencias Supramunicipais o Concello de Becerreá e os restantes da provincia de Lugo que son igualmente sede, están a colaborar coa administración autonómica e provincial no exercicio de competencias que ou ben son autonómicas ou en todo caso, segundo o establecido no artigo 26 e) da lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, das deputacións provinciais, competencias que pola contra veñen a prestar os Concellos sede como o de Becerreá, no propio Concello de Becerreá e nos demais do seu ámbito comarcal e inclusive maior, cuxa poboación debe ter garantidos os servizos de emerxencia cunhas isócronas de 20-30 minutos como moi ben sinalou a propia Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia aquel 25 de xaneiro do ano 2013 cando xunto coa Conselleira do Mar e Medio Rural e o Presidente da FEGAMP, presentaron o novo mapa de emerxencias de Galicia en Santiago de Compostela.

O pasado 20 de decembro de 2018, o Consello da Xunta de Galicia aprobou un novo Convenio que foi ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación de data 26 de decembro 2018, para que tivera eficacia o día 1 de xaneiro de 2019, estando por tanto en vigor.

A pesar de que durante as negociacións, se expuxo ,que igual que ocorre co coste dos Parques de Bombeiros comarcais, os Concellos sede non aportaran nada, finalmente teñen que facer unha aportación do 5%, (21.000,00 €/ano) o que hai que sumarlle os gastos correntes para o seu funcionamento (materiais funxibles, maquinaria, conservación da mesma, etc...), resultando que os Concellos máis pequenos e con menos recursos, pagan por un servizo que non é da súa compenten e por riba prestándoo nun ámbito supramunicipal.

Por todo o anterior, proponho ao Pleno da Deputación a adopción do seguinte acordo:

Que pola Deputación Provincial de Lugo, o igual que se fixo no anterior convenio, se asuma o 5% dos custos (21.000,00 €/ anuais por concello e 147.000,00 €/ano todos) dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, correspondentes os Concellos sede dos mesmos, durante a duración do novo convenio (2019-2020)".

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Espero que esta moción non teña sido motivo das manifestacións que houbo hoxe na porta, que é loxico porque estamos cunha indefinición dos GES que quizá Deputación, FEGAMP, e Xunta, teñan que ir arreglando porque senón ó que estamos asistindo dende o meu punto de vista é á morte deste sistema de axuda e de emerxencias que, ante a indefinición do que son exactamente, crean estas reivindicacións; obviamente eles levan xa varios anos sendo membros do GES e, como todo o mundo, queren melloras laborais, todos queremos vivir mellor, pero creo que se isto continúa así mocións coma esta non van ser necesarias e este modelo, que eu aplaudo e creo que debe existir porque está dando bo resultado sobre todo en zonas de montaña, ten os días contados.

Todos sabemos que esta é unha competencia impropia dos concellos, onde os concellos con afán de colaboración cando se iniciou nas emerxencias, e dada a posibilidade de dotar de parques de bombeiros toda a provincia de Lugo, e con esas isocronas que na zona de montaña dificultarían ou obrigarían a ter un número importante de parques de bombeiros, todos de acordo decidimos botar unha man.

O criterio e a relación dos Grupos de Emerxencia nestes anos dende a súa fundación foi cambiando, e eu creo que, alo menos no caso no que o meu concello é sede, esas condicións están “a prexudicar” economicamente ó concello, de aí esta petición que fago hoxe, que xa se tiña feito aquí.

Todos sabemos que nos consorcios de bombeiros págase un 50% a Deputación e 50% a Xunta de Galicia, sen coste ningún para os concellos, e aquí iso non se mantén senón que neste caso, aínda que pareza unha cantidade irrisoria o 5%, son vinte e un mil euros segundo as contas que fai a propia Deputación, que son uns recursos importantes para aqueles concellos que somos cabeceira de comarca e que aparte temos que asumir tamén outras competencias impropias, como manter un PAC que da servizo a toda a comarca pero que paga neste caso o concello de Becerreá; aquí da servizo a tódolos concellos afectados pero que ó final paga o concello de Becerreá, porque a estes vinte e un mil euros hai que irlle sumando as cantidades dos gastos correntes que se

ocasionan polo servizo dos GES, como gasoil, reparación de vehículos, maquinaria, etc., que poden ser outros vinte mil; e creo que aínda para un concello, que creo que é un concello ben xestionado, que ten superávit, son recursos dos veciños de Becerreá que van destinados a outros concellos.

En todo caso Becerreá está orgulloso de colaborar, pero espero que, segundo se mantivo ata agora o custe deses gastos fixos por parte da Deputación e da Xunta de Galicia, que se volva a facer e se aprobe esta moción”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Antes de nada manifestar o noso voto favorable á moción. Evidentemente pensamos que os concellos, sobre todo os pequenos, non poden responsabilizarse do que son as emerxencias, non teñen capacidade nin dispoñibilidade para elo, co cal o normal é que outra Administración de ámbito superior, xa que a Xunta, que é quen debe facelo, no asume o 100%, neste caso que a Deputación corra cos gastos que poida ocasionar un servizo de emerxencias como son neste caso os GES.

Tamén cremos que non só non teñen capacidade económica para pagar as emerxencias os concellos, senón que cremos con toda sinceridade que tampouco teñen capacidade organizativa para organizalas; non poden quedar as emerxencias dunha comarca a expensas de que o concello xestione ou organice as emerxencias nesa comarca, senón que tería que recaer nunha Administración con outro tipo de medios.

Defendemos tamén que os cartos que pón a Deputación sexan destinados realmente para atender as emerxencias durante todo o día, que non pase como aconteceu hai uns meses por exemplo en Begonte, onde un señor quedou atrapado debaixo dun guindastre, que por desgraza despois faleceu, chamouse a emerxencias de Guitiriz e non acudiu ninguén porque non podía, ou ben porque non había ninguén de garda ou ben porque estaban noutros labores que nada teñen que ver coas emerxencias e non podían adicarse ás emerxencias. E non estamos dicindo aquí que só teñan que traballar en emerxencias pero si ten que ser completamente prioritario e estar sempre

dispoñibles para acudir a unha emerxencia. Se a Deputación paga o 100% do que lle corresponde, tamén ten que intentar garantir que iso aconteza así.

Volver insistir tamén nunha moción que se aprobou nesta Institución, creo que foi no mes de xullo, onde se falaba de que dende a Deputación se impulsara a homexeneización das condicións laborais dos traballadores dos GES, que tiveran todos a mesma categoría como mínimo de oficial de segunda, que cobraran todos os GES da provincia de Lugo o mesmo, porque non é de recibo que a Deputación poña o diñeiro e uns cobren máis e outros menos, que uns teñan unhas funcións e outros teñan outras. E así mesmo tamén que se garantira a formación necesaria para poder levar adiante o seu traballo de emerxencias; non sei se se fixo algo ó respecto, eu penso que non se fixo nada, co cal gustárame que se puidera incluír aquí dalgunha maneira o cumprimento desa moción que creo que foi aprobada por unanimidade.

E por último facer referencia á mobilización que había na porta, e manifestar, polo que respecta ó BNG, a nosa solidariedade coas súas reivindicacións; hoxe falamos con eles, tamén onte estivemos en contacto con eles como moitas outras veces sempre que foi necesario, e parécennos unhas reivindicacións xustas e hai que buscarlle unha solución neste caso tanto ó tema da Fonsagrada coma ó de Guitiriz, porque non se pode permitir que por un capricho de dous Alcaldes queden dúas comarcas sen o servizo de emerxencias, que é un servizo básico para a poboación. Se estes concellos, polos seus caprichos, non queren facelo, que sexan outros concellos quen o acollan, sexa un consorcio ou un conxunto de concellos, ou senón buscaremos outra solución que se fai falta a traeremos a este Pleno para ser debatida”.

Seguidamente pide a palabra por alusións o Sr. Vicepresidente D. Argelio Fernández Queipo, séndolle concedida pola Presidencia, para dicir o seguinte:

“O concello da Fonsagrada, dentro do seu exercicio, acordou naquel momento que non quería continuar cun servizo como eran os GES, creo que a autonomía municipal chega alo menos ata aí, nós así o acordamos naquel momento; eu sinto que vostede non estea de acordo con iso, pero a solución ó problema deuse cando Fonsagrada lle dixo á Xunta de Galicia que non quería seguir

con ese servizo, a Xunta ofreceullo a outros concellos dentro dese entorno para que eses traballadores puideran ter cabida nun GES dentro da mesma comarca.

O concello de Baleira expresou o seu desexo de acoller esa sede dos GES en setembro de 2016, e no ano 2017 a Xunta de Galicia fixo mutis polo foro e ata este momento non executaron o que o concello de Baleira puxera enriba da mesa. Polo tanto o concello da Fonsagrada para nada deixou sen servizo unha comarca, senón que, dentro da súa autonomía, entendeu que era un servizo co que non debía continuar.

Simplemente quería poñer enriba da mesa esta aclaración para coñecemento de tódolos presentes”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Sendo un tema de actualidade, como dicía noutros puntos nos que tiveron ocasión de intervir, este Grupo vai votar a favor da proposta, xa apoiáramos no seu momento cando se solicitou unha maior porcentaxe de apoio económico por parte da Deputación á parte que lle correspondía ós concellos.

Eu comentaba co Deputado non adscrito antes de comezar a posibilidade de emendar esta proposta e reivindicar para a provincia que, en función dos criterios técnicos que quero entender que se decidiron no seu momento a ubicación dos GES, sempre valorando as isocronas de seguridade ou o criterio que se empregou, amplíen o número de efectivos na nosa provincia. As últimas informacións que teño, tanto en medios de comunicación coma dos propios responsables da Xunta de Galicia, me indican que efectivamente está previsto que no mapa autonómico se incrementen catro ou cinco grupos máis, e eu creo que a nosa provincia debe ser reivindicativa e solicitar isto para Lugo, en función deses datos técnicos, que entendo que iso non pode ser tampouco un elemento que se siga nin por criterios políticos nin doutra índole que non sexa técnico.

Pero, aínda que só sexa por alusións, porque habitualmente o meu nome e o meu concello é citado en tódalas mocións, teña ou non algo que ver co asunto, pois si que vou poñer enriba da mesa un tema que ten que ver co asunto, o grupo de Protección Civil do meu concello retirou o ano pasado máis de 500 niños de velutina, e solicitamos axuda dalgún dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais que teóricamente cubre a nosa zona, e nomeadamente Cervo e A Pontenova, e non lles foi posible supoño que porque non darían compatibilizado o seu traballo; é verdade que tiveron que asistir en algunha emerxencia de incendios, especialmente nun inmovible.

Por tanto creo que, como o vivo no día a día, debemos reivindicar, se me permite engadilo a esta proposta, non só que a Deputación aporte ese 5% que corresponde ás economías locais senón que tamén aquel que nos representa dende a Deputación Provincial cando sentan a negociar, ou no convenio de seguimento, ou nos órganos que teñen creados para o funcionamento deste servizo de emerxencias supramunicipais, que sexa reivindicativo para a nosa provincia, non só para ese de Baleira como dicía o Deputado, despois de ser despedidos e prescindir dese servizo no concello da Fonsagrada, e creo que tamén está en cuestionamento a continuidade do Grupo da Terra Cha, creo que o concello de Guitiriz tamén manifestou a vontade de non continuar con este servizo. Creo ademáis, e así mo confirmaron as persoas que estaban esta mañá diante do Pazo de San Marcos, que é a única provincia onde se están dando eses casos porque no resto de provincias galegas non houbera ningún despedimento, coas reivindicacións lóxicas do día a día, pero que ningún concello manifestara o despedimento da maneira que o fixeron na nosa provincia.

Este é un servizo importante, creo que en emerxencias se avanzou moitísimo, nos últimos quince ou vinte anos vimos avances importantes, tódalas Administracións dedicaron unha cantidade moi importante de recursos, e evidentemente creo que debe continuar a ser así porque atendendo a unha emerxencia non só se salvan bens patrimoniais senón que moitas veces están persoas detrás, entón todo o que se poida dedicar a iso, a profesionalizar os grupos e a garantir a seguridade dos veciños, estaría ben.

Pero si que me gustaría incluír a posibilidade de que se reivindicara para a nosa provincia alo menos un efectivo máis; eu non participo nin teño representación neses órganos pero a información que me chega é que hai datos técnicos que poderían dar lugar a un novo grupo”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Evidentemente o que trae esta moción é un tema que non está pechado polo seu contido en canto á homoxeneización dos traballos a realizar, como expresaba o ponente da moción, nin sequera a forma de financiamento e da súa distribución. Non obstante dicir que se a Deputación de Lugo xa no pasado, cando as porcentaxes de financiación eran un 60, 20 e 20, estaba de acordo en asumir a porcentaxe dos concellos, e así non se plantexa outra maneira distinta de non o seguir facendo nesta anualidade.

Tendo en conta que ese acordo foi asinado, e así o expresa tamén a moción, no mes de decembro pasado entre a FEGAMP, a Xunta, e as Deputacións, si é certo que a Deputación pode ser soberana á hora de sufragar na provincia de Lugo os gastos que se devengan desa porcentaxe. E corrixierei un pouco ó Deputado non adscrito no sentido da porcentaxe que lle correspondería á Deputación porque, facendo cálculos, entendo que non é o 5% senón o 7,5% en relación ó montante total do que debe asumir a Deputación. Por iso eu supoño que non terá ningún inconveniente en que, tanto no acordo coma no corpo da súa moción, se cambie esa porcentaxe porque realmente é un 7,5 e non un 5%.

Noutro sentido, como expresa a voceira do Grupo Popular, todo aquilo que poda ser beneficioso para a provincia o Grupo Socialista non se vai opoñer a iso nin tampouco a que entendemos que sexa perfectamente consensuado e acordado nas mesas que se están a facer, que foi onde se acordou no pasado a porcentaxe de financiación acordada pola Xunta, a FEGAMP, e as Deputacións; por tanto estaría ben que ese impulso fora acordado homoxéneamente polo resto de Galicia e que, igual ca fixemos no tema dos bombeiros en canto a dar pasos decididos con respecto ós acordos que están a piques de finalizar xa coa xestión directa dos consorcios de bombeiros por parte da Deputación de Lugo, que debера facerse a partires do mes de maio, tamén se podan liderar incluso os temas que teñen que ver cos grupos de emerxencias supramunicipais”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, para dicir o seguinte:

“En principio non teño ningún inconveniente en que se asuma o que xa se aprobou aquí, ademais eu creo que é a clave do funcionamento dos GES esa homoxeneización ou ese aumento de persoal nos concellos que temos GES, porque hai un problema importante de gardas e de horas, quizá habería que cambiar a financiación ou aumentar o número de efectivos en cada GES, que é o que está creando esta conflictividade laboral que deu orixe ó problema da Fonsagrada ou de Guitiriz e doutros concellos de Galicia, e que se segue en aumento vai supoñer, dende o meu punto de vista, a morte dos GES porque ninguén quere conflictividade laboral no seu concello.

Eu creo que o sistema funciona, quizá o xeito de financiación que teñen os GES, que é unha financiación especial polo tema de que participen varias administracións, crea este problema; creo que iso se pode aclarar coa FEGAMP como árbitro, coa Xunta e Deputación, para darlle solución nun prazo razoable e que esa desafección ós GES que está nacendo se corrixa.

Polo que respecta á petición do Grupo Popular, non teño ningún problema. E obviamente en canto ó que di o Grupo Socialista, encantado, se en lugar do 5 é un 7,5% benvido sexa, e se queren poñer un 10 para os gastos correntes de funcionamento tamén o admito sen ningún problema. Eu tomei os datos do convenio aprobado en Xunta de Goberno por esta Deputación, non fixen eses números só teño feito os números meus do custe real do GES, pero se é así benvido sexa”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“O importe económico está ben, o que está mal é a porcentaxe que é o 7,5 e o diñeiro son vinte e un mil euros”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“É triste que teñamos que estar falando sempre de despedimentos nunha administración pública, que realmente é a causa de que neste momento haxa dúas comarcas que poden quedar sen servizo de emerxencias. E é certo que a causa da conflictividade é a non definición das funcións, que se saiba concretamente que funcións ten cadaún, as mesmas en tódolos parques, e saber en todo momento o que teñen e o que non teñen que facer.

Tamén hai que ter en conta que a causa desa conflictividade tamén é a actitude de quen os dirixe en moitos casos, por iso dicía eu ó principio que un concello non pode organizar o servizo de emerxencias porque non ten a capacidade de facelo, un concelleiro ou un alcalde non poden estar dirixindo un servizo de emerxencias cando non teñen nin idea de como funciona ese servizo, e iso ás veces leva a que haxa actitudes que provocan esta conflictividade social. E dende logo cando un político manifesta que vai “gastar todo canto ten antes de que estes tipos logren a súa”, eu creo que está sendo cando menos sectario ou tendo un capricho que leve a que nalgúns casos quedemos sen o servizo de emerxencias; un simple capricho, maniféstese o que se manifeste, gañáronlle a partida porque o fixo mal; isto é o que se fixo tanto nun sito coma noutro, é un capricho do Sr. Alcalde da Fonsagrada e da Sra. Alcaldesa de Guitiriz; e é triste que sexan os únicos casos de Galicia.

En definitiva quedemos co bo, eu alégrome moito de que o Sr. Martínez acepte insistir na moción que se aprobou no seu momento que é fundamental para evitar estes casos; e en todo caso pedir que no futuro se lle dea unha volta a todo o sistema de GES, porque eu creo que antes ou despois imos ter que facer un servizo de emerxencias integral, non sei cal é a solución, porque eu non son técnico para dicilo, pero algo hai que cambiar para mellorar este sistema que non ten o funcionamento óptimo que debiera ter dado o seu custe”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Antes de entrar na última reflexión que quería facer neste punto, gustárame que o Presidente nalgún momento aclarara como regula o turno cando intervimos; vostede ás veces empeza polos Grupos que teñen menos representación e rematan os que teñen máis, así era a orde que mantivo na pasada sesión, sen embargo dáme a palabra a mín antes do voceiro do Goberno;

entonces, hai algunhas cousas que supoño que será para cambiar ou para saber o sentido do voto, pero si que deberíamos ter unha mínima orde, ou se cambia vostede cando lle da a gana que tamén o aceptaríamos.

Dito isto, neste caso cando o voceiro do Bloque Nacionalista Galego comentaba que había dous Grupos que foran despedidos ou que un deles estaba a punto de selo, non é irrelevante esa información, na provincia de Lugo practicamente os oito Grupos de Emerxencias Supramunicipais están en Courel, Quiroga e Cervo, que son concellos que están gobernados polo Partido que represento, e o resto de GES coincidiu, e así as isócronas o marcaron, con gobernos do Partido Socialista; é neste último, porque efectivamente non vou citar algún exemplo ou algunha información que nos fixeron chegar a este Grupo porque senón ó mellor se ofende o Presidente, pero efectivamente non é o único concello onde hai problemas de conflictividade, e incluso esta mañá nos comentaban unha situación dun accidente laboral cun traballador do Grupo de Emerxencias; e xa por non citar as manifestacións que se están a producir no concello de Burela polos traballadores municipais que están reivindicando os seus dereitos na rúa, e con gran disconformidade co goberno local.

Unha vez máis, e incluso en emerxencias coa importancia que iso ten, volve destacarse a diferenza entre predicar e dar trigo, o que dicía na moción que reivindicaba unha normativa para os profesionais de enfermería; cando gobernamos vemos as cousas dunha maneira e cando estamos na oposición vémosla doutra, porque eu só querría nesta circunstancia un 20% de implicación coa que o Partido Socialista se opuxo por exemplo á reforma laboral para defender os dereitos dos traballadores.

Estaba lendo o documento que acaban de rexistrar os Grupos de Emerxencia no que expoñen cal é a súa situación, efectivamente é un 7,5% e son vinte e un mil euros, e así trasladaba o Alcalde de Cervo hai uns minutos, e con esa cantidade quedaría cuberto o 100% das aportacións que tiñan que facer os concellos.

Vaia por diante iso, con esa emenda de que se reivindique para a provincia como mínimo un Grupo de Emerxencia máis. Xa no seu momento apoiamos unha iniciativa que tamén era do

Deputado non adscrito, concretamente a do 29 de decembro de 2015; eu creo que foi un avance para os concellos e creo que esta tamén o será, pero non sen antes seguir reivindicando que diminúa esa conflictividade con estes traballadores e especialmente que estean recoñecidos e motivados, porque están garantindo a nosa seguridade e a dos nosos veciños”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Eduardo Vidal Baamonde, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Estaba pensando eu o que da de si un acordo simple e sinxelo, porque estamos todos de acordo no fondo e na forma, e levalo adiante como xa se viña facendo, a de Lugo foi a primeira Deputación en asumir precisamente o custe da parte dos concellos. O que da de si a voceira do Partido Popular que parece que se non hai un pouco de polémica non sae de aquí contenta, pois se este punto valeu para que se sinta un pouco mellor, tamén llo damos por ben feito.

Por tanto reafirmarnos no que xa dixemos, en levar iso adiante e seguir reafirmando ese compromiso con homoxeneizar o traballo e as funcións dos GES; e en canto á formación non pode ser doutra maneira”.

Intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, quen manifesta o seguinte:

“Agradecer a unanimidade e o apoio do Pleno da Deputación a esta moción”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Paréceme ben o de homoxeneizar e o de cobrar o mesmo en tódolos sitios, é verdade que hai concellos que teñen ese convenio que utilizan para pagar ós seus empregados. Tamén hai cousas que obviámos nestas discusións, somos unha parte deste convenio, creo que as condicións laborais están perfectamente definidas no convenio, e que dalgunha maneira temos que definir o mapa de emerxencias de Galicia, que é o que depende da Xunta de Galicia e que non da definido, para intentar cubrir esas emerxencias; quedan zonas da montaña que é practicamente imposible

chegar a elas, e creo que a Alcaldesa de Mondoñedo tamén quere un GES, non sei se é por iso polo que pide máis”.

Rematado o debate, e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada, engadidas as emendas do Grupo Provincial Popular e do Grupo Provincial do BNG, así como a corrección das porcentaxes sinaladas na mesma; quedando redactada a moción do seguinte xeito:

“Parte Expositiva

O Decreto 19/2009, de 5 de febreiro, polo que se constituíu o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento na súa exposición de motivos dispón o seguinte:

“A entrada en vigor da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, supón o mandato do Parlamento de Galicia para que se acaden importantes obxectivos no ámbito da protección civil e a xestión de emerxencias, sendo un dos máis destacables a necesidade de acadar a maior homoxeneidade posible da prestación do servizo de extinción de incendios e salvamento en toda Galicia do xeito máis eficaz.

A citada lei recolle no seu artigo 26 d) a competencia das deputacións provinciais para garantir o servizo de extinción de incendios e salvamento naqueles concellos que non teñan servizos propios.

A necesidade de dar unha resposta eficaz deste servizo fai necesaria unha organización axeitada del en todo o territorio galego. Así, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo consideran que a forma máis eficaz e eficiente de xestionar os distintos parques comarcais é a través dun único consorcio que centralice e coordine as actuacións dos distintos parques que formarán parte del, permitindo un aforro nos recursos que se utilicen na prestación dos servizos que se van executar. Polo tanto, considerouse a fórmula do consorcio como a organización idónea para facilitar a posta en marcha dos distintos parques comarcais contra incendios e de salvamento da provincia de Lugo, onde se integrarán os distintos parques que se constitúan e equipen ao abeiro dos estatutos que rexerán este consorcio.

Esta consideración vén recollida na disposición adicional terceira da Lei 5/2007, de emerxencias de Galicia, que impón á Xunta de Galicia a obriga de impulsar a creación dos consorcios provinciais para a prestación do servizo contra incendios e salvamento xunto coas deputacións provinciais, como o xeito máis apropiado para que se acaden os obxectivos previstos. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do trinta de abril de dous mil oito, acordou participar no Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, segundo o disposto no punto 3º do artigo 196 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

A elaboración e aprobación dos estatutos do consorcio fíxose segundo as normas de procedemento establecidas nos artigos 137 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.”

Non obstante se ten producido un importante cambio de criterio en relación aos Grupos de Emerxencias Supramunicipais con importantísimas consecuencias en materia financiamento pois do total do orzamento para gastos ordinarios de funcionamento dos parques, o 50% é aportado pola Xunta de Galicia e o 50% restante pola Deputación Provincial de Lugo.

Do artigo 27 da lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, resulta que o Concello de Becerreá é un concello de menos de 20.000 habitantes xa que logo sen a obriga de crear un servizo municipal de protección civil nin xestionar emerxencias. Como sede dun Grupo de Emerxencias Supramunicipais o Concello de Becerreá e os restantes da provincia de Lugo que son igualmente sede, están a colaborar coa administración autonómica e provincial no exercicio de competencias que ou ben son autonómicas ou en todo caso, segundo o establecido no artigo 26 e) da lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, das deputacións provinciais, competencias que pola contra veñen a prestar os Concellos sede como o de Becerreá, no propio Concello de Becerreá e nos demais do seu ámbito comarcal e inclusive maior, cuxa poboación debe ter garantidos os servizos de emerxencia cunhas isócronas de 20-30 minutos como moi ben sinalou a propia Vicepresidencia e Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia aquel 25 de xaneiro do ano 2013 cando xunto coa Conselleira do Mar e Medio Rural e o Presidente da FEGAMP, presentaron o novo mapa de emerxencias de Galicia en Santiago de Compostela.

O pasado 20 de decembro de 2018, o Consello da Xunta de Galicia aprobou un novo Convenio que foi ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación de data 26 de decembro 2018, para que tivera eficacia o día 1 de xaneiro de 2019, estando por tanto en vigor.

A pesar de que durante as negociacións, se expuxo, que igual que ocorre co coste dos Parques de Bombeiros comarcais, os Concellos sede non aportaran nada, finalmente teñen que facer unha aportación do 7,5%, (21.000,00 €/ano) o que hai que sumarlle os gastos correntes para o seu funcionamento (materiais funxibles, maquinaria, conservación da mesma, etc...), resultando que os Concellos máis pequenos e con menos recursos, pagan por un servizo que non é da súa compenten e por riba prestándoo nun ámbito supramunicipal.

Por todo o anterior, propono ao Pleno da Deputación a adopción dos seguintes acordos:

- Que pola Deputación Provincial de Lugo, o igual que se fixo no anterior convenio, se asuma o 7,5% dos custos (21.000,00 €/ anuais por concello e 147.000,00 €/ano todos) dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, correspondentes os Concellos sede dos mesmos, durante a duración do novo convenio (2019-2020).
- Reivindicar, para a provincia de Lugo a ampliación do número de efectivos, como mínimo dun Grupo de Emerxencia máis.
- Insistir na moción aprobada polo Pleno desta Deputación en xullo de 2018, relativa á homoxeneización e mellora das condicións de traballo e eficacia dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais na provincia de Lugo.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZAOITO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día tres ata o vinte e oito de decembro de dous mil dezaioito, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 3286 ata o 3968. Pleno da Corporación queda enterado.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández para realizar un Rogo, séndolle concedida pola Presidencia.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Dado que eu penso que o sistema de intervencións é rotatorio, para evitar suspicacias ó mellor era bo que antes de cada Pleno souberamos en que orde imos intervir e así non habería ningún problema; e que conste que me parece ben o sistema de ir rotando a orde de intervencións”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Os turnos de intervención van rotando sempre, pero aquí nunca estamos contentos co que hai, e a orde de intervención creo que a podo decidir eu, pero sempre intento facelo ben”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.